

PROXECTO EDUCATIVO

CEIP A FLORIDA

SANXENXO

ÍNDICE:

1. Datos identificativos do centro	4
2. Contexto.	
Características do ámbito social e cultural	5
3. Características do alumnado	7
4. Obxectivos	8
5. Liñas de actuación, dinamizacións e prioridades das mesmas	11
6. Adecuación dos obxectivos xerais de etapa ao contexto socioeconómico e cultural do centro e ás características do alumnado	15
7. Tratamento transversal da educación en valores	18
8. Concreción curricular	21
Educación infantil	21
1º Ciclo educación primaria	40
2º Ciclo educación primaria	104
3º Ciclo educación primaria	179
9. Aspectos xerais para a elaboración das programacións didácticas	243
10. Metodoloxía. A súa contribución na consecución das competencias básicas	245
11. Recursos e espazos.	
Criterios para a selección e uso	250
12. Criterios para o agrupamento do alumnado e a organización do tempo en educación infantil. Medidas organizativas e pedagóxicas para o período de adaptación	254
13. Criterios xerais sobre a avaliación e promoción do alumnado	258
14. Plans específicos para o alumnado:	
a) Liñas xerais de atención á diversidade	261
b) Acollida do alumnado novo	262
b) Alumnado que permaneza un ano máis no ciclo	263

15. Liñas xerais de actuación para a elaboración dos plans de orientación e acción tutorial	265
16. Compromisos educativos	268
17. Avaliación do Proxecto Educativo	270

ANEXOS:

Anexo I. Normas de organización e funcionamento

Anexo II. Plan de convivencia

Anexo III. Plan Xeral de Atención á diversidade

Anexo IV. Proxecto lingüístico

Anexo V. Plan de orientación

Anexo VI. PPlan lector de centro

Anexo VII. Plan de integración das TIC

Anexo VIII. Plan de autoprotección

Anexo IX. Plan de atención ao alumnado que non opte pola ensinanza de relixión

1. Datos identificativos do centro.

NOME: CEIP A Florida

CÓDIGO: 36008866

TITULARIDADE: pública, dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

UBICACIÓN: Rúa Ricardo Santos, 16

CONCELLO: Sanxenxo

PROVINCIA: Pontevedra

TLF: 986 720790

FAX: 986 720790

CORREO ELECTRÓNICO: ceip.aflorida@edu.xunta.es

PÁXINA WEB: www.edu.xunta.es/centros/ceipaflorida

NIVEIS EDUCATIVOS: Educación infantil e primaria

NÚMERO DE UNIDADES: 5 unidades de infantil e 8 unidades de primaria

RÉXIME: xornada continuada

HORARIO DO CENTRO: de 9:30 a 14:30

CENTRO ADSCRITO AO: IES de Sanxenxo (Baltar s/n, Portonovo)

O Claustro de profesores está composto por 22 mestres: 6 de Educación Infantil (un deles de apoio), 7 de Educación Primaria, dous especialistas de lingua inglesa, 1 especialista de educación física, un especialista de música, un especialista de francés (titor de primaria), un especialista en pedagogía terapéutica, un especialista en audición e linguaxe, un xefe do departamento de orientación, un especialista de relixión.

O centro conta cunha **sección bilingüe en 3º** nivel de educación primaria. A materia de plástica impártese en inglés.

2. Contexto. Características do ámbito social e cultural do centro.

O centro ubícase na parroquia de Padriñán, capital do municipio de Sanxenxo.

Sanxenxo é un concello da comarca do Salnés situado na provincia de Pontevedra. Abrangue unha superficie de 45,1 km² cunha poboación de 17.077 h (2007), distribuída entre as parroquias de Adina, Arra, Bordóns, Dorrón, Gondar, Nantes, Noalla, Padriñán e Vilalonga.

Análise socio-económico:

Sanxenxo depende da actividade turística. Na repartición da poboación ocupada por sectores de actividade destaca a preponderancia dos servizos, pois ocupa ao 51,5% da man de obra, especialmente no subsector do comercio e no da hostalaría. A construción agrupa ao 21,3% da poboación activa, a industria ao 12 %, a agricultura ao 4,5% e a pesca ao 10,6%.

Parroquia	Extensión	Poboación	Densidade	Núcleos
<u>Adina:</u>	8 km ²	4630 h	578.75 h/km ²	17
<u>Arra:</u>	1 km ²	376 h	376 h/km ²	2
<u>Bordóns:</u>	2 km ²	601 h	300.5 h/km ²	8
<u>Dorrón:</u>	4 km ²	1376 h	344 h/km ²	13
<u>Gondar:</u>	4 km ²	833 h	208.25 h/km ²	11
<u>Nantes:</u>	4 km ²	772 h	193 h/km ²	15
<u>Noalla:</u>	10 km ²	2524 h	252.4 h/km ²	19
<u>Padriñán:</u>	5 km ²	3692 h	738.4 h/km ²	13
<u>Vilalonga:</u>	4 km ²	2273 h	568.25 h/km ²	19

TOTAL	42 km²	17077 h	406.6 h/km²	117
--------------	--------------------------	----------------	-------------------------------	------------

O noso alumnado procede maioritariamente das zonas de influencia do centro: Sanxenxo vila, Padriñán, Areas, Nanín, Pista, Barrosa, Seixalvo, Bordóns, Chandevila, Fonte Buxán, Lámela, O Forno, O Carballo, Reis, Pedra de Reis, Aldariz, O Vinquiño, Fontoira, Miraflores, Palacios, A Florida e Carabuxeira.

Análise cultural:

O concello conta cunha Rede de Bibliotecas Municipais formada por tres bibliotecas públicas, ubicadas nos tres núcleos con maior densidade de poboación: Sanxenxo, Portonovo y Vilalonga.

O seu principal obxectivo é ofrecer a todos os usuarios, tanto veciños como visitantes, un servizo público de acceso á información e á cultura, de fomento e difusión da lectura e de participación nas diferentes actividades que se organizan desde a biblioteca cara ao enriquecemento cultural e lingüístico.

As tres bibliotecas dispoñen dos seguintes servizos:

- Información consulta.
- Amplo fondo bibliográfico e de obras de referencia, con máis de 36.000 volumes a disposición do usuario.
- Fondo de documentación local.
- Préstamo domiciliario.
- Prensa diaria (comarcal, rexional e nacional).
- Desde o 2009, préstamo de material audiovisual (cine, documentais, cartoons, ...).
- Revistas e publicacións periódicas de diversa temática.
- Sala de lectura.

- Espazos deseñados especialmente para os máis pequenos, que sempre deberán estar acompañados por un adulto.
- Programas de fomento da lectura e de formación de usuarios.
- Equipos multimedia con acceso a internet.
- Conexión WIFI.
- Reprografía.

No Pazo Emilia Pardo Bazán ten ao longo do ano unha variada programación cultural.

Relación do centro co contorno:

O noso centro relacionarase co Concello non só nas competencias que a este lle corresponde por lei, senón que tamén noutras actividades desenroladas polo mesmo e que sexan de interese para o noso alumnado: exposicións, concursos...

Tamén benefíciase do desenvolvemento de actividades organizadas dentro do programa de actividades do concello.

O centro colabora con distintos centros e institucións, entre os que cabe sinalar:

- IES de Sanxenxo ao que está adscrito
- A ANPA do propio colexio, na organización de actividades.
- Outros organismos e asociacións do contorno cando estas convoquen actividades e o profesorado as vexa axeitadas para o alumnado do noso centro.
- Outros centros da zona cos que colabora en concursos e actividades deportivas conxuntas.

3. Características do alumnado.

O centro escolariza nenos entre os 3 e os 12 anos, repartidos nas etapas de Educación Infantil e Primaria.

Son alumnos maioritariamente castelán falantes e cun nivel cultural medio.

4. Obxectivos.

Inspirámonos nos seguintes principios recollidos na *LEY ORGÁNICA 2/2006, de 3 de mayo, de Educación*:

- ❖ A equidade, que garante a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de discapacidade.
- ❖ A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- ❖ A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.
- ❖ O esforzo individual e a motivación do alumnado.
- ❖ O esforzo compartido polo alumnado, familias, profesores, centro, Administración e institucións.
- ❖ A participación da comunidade educativa na organización, goberno e funcionamento do centro.
- ❖ A educación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos.

- ❖ O desenrolo da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- ❖ A consideración da función docente como factor esencial da calidade e da educación, o recoñecemento social do profesorado e o apoio á súa tarefa.

Marcámonos como obxectivos para o noso centro:

Ámbito Pedagógico.

- Fomentar unha ensinanza activa, na que se desenvolvan a iniciativa, a creatividade, a capacidade crítica, a capacidade de observación, ...
- Educar na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
- Desenvolver o interese polo traballo cooperativo.
- Descubrir as necesidades específicas de cada alumno ou alumna, fomentar as súas capacidades, así como a súa autoconfianza e autoestima.
- Utilizar distintas estratexias de aprendizaxe para atender á diversidade na aula.
- Desenrolar nos alumnos o uso de técnicas, procedementos e estratexias de traballo que lles axuden nas súas tarefas de estudio e traballo escolar.
- Potenciar o tratamento dos temas transversais.
- Fomentar no alumnado hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
- Apoiar e potenciar a acción dos tutores a través dun plano de acción tutorial e de orientación académica profesional.
- Saber utilizar e aplicar á práctica cotiá as novas tecnoloxías audiovisuais e informáticas.

- Potenciar unha avaliación que teña en conta o esforzo, o traballo persoal, o afán de superación e a actitude positiva cara o estudio.
- Potenciar a coordinación e o traballo en equipo de todo o profesorado.
- Coidar que o Centro, as súas instalacións, o material e o mobiliario estean coidados e ordenados.
- Asegurar os apoios necesarios para o alumnado que teña NEAE ou aqueles que sen elas precisen unha axuda específica.
- Potenciar un clima de igualdade, integración e solidariedade entre todo o alumnado.
- Potenciar as relacións coas familias para lograr unha maior implicación no proceso de aprendizaxe dos seus fillos.
- Potenciar o cumprimento das normas de convivencia.
- Facilitar, a través de actividades conxuntas no centro, a convivencia pacífica e o coñecemento entre todo o alumnado.
- Fomentar no alumnado valores democráticos: respecto, diálogo, participación, aceptación da diversidade,...

Ámbito de Xestión e Organización.

- Potenciar os órganos colexiados do centro e os órganos de coordinación docente como órganos de toma de decisións e de xestión e impulsar a participación dos distintos sectores da Comunidade Educativa.
- Crear áreas de responsabilidade en cada un dos membros da comunidade educativa e potenciar a coordinación entre todos.

Ámbito Institucional.

- Potenciar as canles de información, comunicación e participación dos distintos elementos da Comunidade Educativa.

- Colaboración coa ANPA nas actividades que se organicen.
- Colaborar co Concello e as organizacións locais na realización de actividades culturais e deportivas.
- Fomentar a participación, ben a título individual ou de grupo, en cursos, grupos e seminarios organizados polos CFR da zona.
- Afondar nas relación co IES de Sanxenxo ao que está adscrito o noso Centro.
- Favorecer a relación e intercambios con outros centros docentes e /ou entidades.

5. Liñas de actuación, dinamizacións e prioridades das mesmas.

No referente ao ensino-aprendizaxe:

- Procura da construción de aprendizaxes significativas.
- Organización dos contidos segundo un enfoque globalizador, socializador e individualizador.
- Respecto polos ritmos de aprendizaxe de cada neno e cada nena.
- Atención á diversidade.
- Procura da autorregulación das aprendizaxes por parte de nenas e nenos.
- Potenciación das relacións entre iguais. Coeducación como aceptación da propia sexualidade e a dos demais seres humanos e como asimilación da realidade social integrada por homes e mulleres e a valoración da complementariedade entre os dous.
- Creación dun clima favorable para a potenciación da autoestima e do autoconcepto.
- Defensa dos valores universais de respecto dos dereitos humanos.

No referente ao centro:

- Un centro democrático e participativo: onde o profesorado, alumnado, pais e nais, persoal de administración e servizos e administracións colaboren conxuntamente na consecución dos obxectivos educativos marcados no Proxecto Educativo de Centro, máis aló da mera participación formal no Consello Escolar.
- Un centro aberto ao contorno e integrado nel: intimamente relacionado co anterior. O centro educativo debe servir de dinamizador da vida cultural do entorno no que está inmerso, ao tempo que recibe as influencias do mesmo.
- Un centro onde o alumnado aprenda a desenvolver tódalas súas capacidades, as competencias básicas, non só as intelectuais, senón tamén aquelas outras que teñen que ver coas actitudes e valores tales como a educación para a paz, para o non sexismo, para a solidariedade e a cooperación, a liberdade, o sentido da xustiza individual e colectiva, respecto e tolerancia mutuos, a igualdade de tódalas persoas, os dereitos humanos o rexeitamento á violencia e o respecto polo mundo que habitamos.
- Un centro non confesional, á vez que respectuoso, con respecto cara as crenzas de cada persoa, tanto do profesorado como do alumnado.

No referente á xestión educativa:

- Organización dos medios humanos e materiais en orde ao desenvolvemento dos Proxectos do centro.
- Creación dun clima positivo.
- Aplicación e avaliación das normas de convivencia desde o diálogo e o consenso.
- Elaboración dos horarios atendendo ás necesidades dos alumnos.
- Xestión transparente da información.
- Xestión eficaz de recursos persoais e materiais.
- Promoción da coordinación dos equipos docentes.
- Creación de condicións favorables para a participación nos órganos colexiados.

- Xestión administrativa e económica transparente.
- Funcionamento eficaz dos servizos complementarios: transporte, comedor, biblioteca.
- Informatización do Centro e da súa xestión.

No referente á formación integral do alumnado:

Pretendemos que o alumnado acade as seguintes habilidades, que consideramos básicas para conformar un cadro de ensino de calidade:

- *Habilidade de acadar acceso á información:* Isto supón a adquisición das técnicas tradicionais de ler, escoitar e observar, pero ademais as novas de almacenar e elaborar datos mediante o uso dos ordenadores e as indispensables do xuízo crítico para discernir a información.
- *Habilidade de razoar con claridade:* Isto supón a adquisición das técnicas básica de interpretación semántica, da dedución lóxica e matemática, a asimilación do método científico e o dominio das técnicas de indución e predición.
- *Habilidade de comunicar con eficacia:* Isto supón as técnicas para falar de modo informal ou en público; as técnicas de expresión escrita e do manexo dos instrumentos modernos de escritura; a interpretación e a capacidade de creación de mapas e a interpretación das diferentes tecnoloxías.
- *Habilidade para comprender o entorno:* Isto esixe a adquisición de hábitos de respecto e coidado do entorno como un ben único, xunto coa adquisición das técnicas básicas necesarias para entender a ciencia e o desenvolvemento científico.
- *Habilidade para comprender a sociedade:* Isto supón a adquisición das técnicas necesarias para comprender o feito humano no seu contexto social. Neste contexto cómpre, dun xeito fundamental, a toma de conciencia da pertenza a unha cultura singular e única: a cultura galega, nas súas múltiples dimensións: lingüísticas, artísticas, antropolóxicas, políticas, económicas etc.

- *Habilidade para conseguir o desenvolvemento persoal:* Supón a adquisición de técnicas de hixiene, nutrición, educación sexual; a adquisición de técnicas de perfeccionamento persoal por medio da creatividade e a interpretación artística, o desenvolvemento corporal, deportes, etc.

No referente á innovación curricular:

- Aplicación, revisión e avaliación de proxectos de centro: PE, PXA, PAT, etc.
- Posta en práctica de plans e medidas efectivas de normalización lingüística e de promoción e asunción da cultura e da realidade galegas no seu conxunto.
- Desenvolvemento de proxectos de formación do profesorado no propio centro.
- Potenciación efectiva da atención á diversidade e da orientación psicopedagóxica.
- Posta en marcha de estratexias para a mellora do rendemento escolar dos alumnos.
- Participación en proxectos de innovación e seminarios permanentes e grupos de traballo do profesorado.
- Uso e potenciación das novas metodoloxías e tecnoloxías (audiovisuais, informática, INTERNET...)
- Elaboración de materiais curriculares.
- Elaboración de estratexias para abordar a integración dos contidos transversais.
- Posta en práctica de estratexias de mellora da autoestima.
- Elaboración de programas para o fomento da lectura.

No referente aos materiais curriculares:

- Deben favorecer unha actitude activa do alumnado.

- Deben referirse a unha realidade concreta.
- Deben potenciar a investigación por parte do alumnado.
- Deben propoñer enfoques globalizados.
- Deben permitir a atención á diversidade.
- Deben fuxir de estereotipos sexistas ou xenófobos.
- Deben de estar ben estruturados.
- Deben desenvolver uns obxectivos e contidos coherentes co PE.
- Deben ser formalmente agradables.

6. Adecuación dos obxectivos xerais de etapa ao contexto socioeconómico e cultural do centro e ás características do alumnado.

OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL:

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar o seu medio familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.

g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.

h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e comunicación.

i) Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA:

Os obxectivos da Educación Primaria estarán encamiñados ao logro da adquisición, por parte de todo o alumnado, das capacidades que permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.

- f) Adquirir, polo menos, na lingua inglesa, a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos a situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e aprender a coidar o propio corpo e o da outra xente, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Autónoma de Galicia, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

7. Tratamento transversal da educación en valores.

A educación en valores preséntase como un conxunto de contidos de ensino-aprendizaxe que, sen referencia directa ou exclusiva a ningunha área curricular concreta, nin a unha idade ou etapa educativa particular, interactúan en todas as áreas do currículo, desenvolvéndose ao longo de toda a escolaridade obrigatoria; non se trata dun conxunto de ensinanzas autónomas, senón máis ben dunha serie de elementos da aprendizaxe integrados dentro das diferentes áreas de coñecemento.

Por iso, atendendo aos principios educativos esenciais, e, en especial, ao desenvolvemento das competencias básicas para lograr unha educación integral, a educación en valores deberá formar parte de todos os procesos de ensino e aprendizaxe, por ser un dos elementos de maior relevancia na educación do alumnado.

Podemos considerar que a aprendizaxe destes contidos pretende conseguir as finalidades seguintes:

1. Localizar e criticar os aspectos inxustos da realidade cotiá e das normas vixentes.
2. Diseñar formas de vida máis xustas no plano persoal e social.
3. Elaborar autónoma, racional e democraticamente os principios xerais de valor que axuden a axuizar a realidade de forma crítica e con xustiza.
4. Facultar aos nenos para adquirir comportamentos coherentes coas normas elaboradas por eles mesmos e coas dadas pola sociedade democraticamente, buscando a xustiza e o benestar social.

As liñas mestras de intervención que conforman a educación en valores son as seguintes:

- Estimular o diálogo como principal vía para resolución de conflitos entre persoas e grupos; facilitar o encontro entre persoas cuxos intereses non

necesariamente sexan coincidentes, e desenvolver actitudes básicas para a participación comprometida na convivencia, a liberdade, a democracia e a solidariedade.

- Desenvolver a capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- Crear hábitos de hixiene física e mental, que permitan un desenvolvemento san, un aprecio do corpo e o seu benestar, unha mellor calidade de vida e unhas relacións interpersoais baseadas no desenvolvemento da autoestima.
- Apreciar os roles sexuais e o exercicio da sexualidade como comunicación plena entre as persoas.
- Desenvolver a igualdade de dereitos e oportunidades e fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Coñecer, valorar e respectar os dereitos humanos, como base da non discriminación, o entendemento e o progreso de todos os pobos.
- Adquirir respecto cara aos seres vivos e o medio, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sostible.
- Participar decidida e solidariamente na resolución dos problemas ambientais.
- Coñecer e respectar as normas establecidas para a mellor organización e uso da circulación viaria.
- Proporcionar os instrumentos de análise e crítica necesarios que permitan unha opinión e actitude propias fronte ás ofertas da sociedade de consumo, e que capaciten para tomar conciencia ante o consumo de produtos innecesarios.
- Desenvolver hábitos e actitudes de curiosidade, respecto e participación cara ás demais culturas do contorno.
- Respectar e coñecer a pluralidade lingüística e cultural de España valorando a interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- Promover actitudes que valoren axeitadamente o peso específico da educación como motor de desenvolvemento dos pobos.
- Utilizar instrumentos de análise e crítica necesarios para construír unha opinión propia, libre, xusta e democrática.
- Preparar para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

Esta educación en valores levarase a cabo a través dos chamados temas ou áreas transversais, que son o conxunto de contidos que fan referencia ás relacións interpersoais, a nivel de pequeno ou gran grupo, sexa na familia, na escola ou na sociedade, e que teñen unha gran importancia para a convivencia cos demais.

TEMAS TRANSVERSAIS A INTRODUCIR NO CURRÍCULO.

Tal e como dicíamos con anterioridade a educación en valores aparece a través dos seguintes temas transversais:

- △ **Educación moral e cívica:** a cal defínese como a capacidade para exercer, de forma crítica e en unha sociedade plural, a liberdade, a tolerancia e a solidarizade. Este tema é aplicable ó resto das transversais. Os obxectivos da educación moral e cívica están orientados a fomentar entre os alumnos as actitudes de respecto cara as persoas, calquera que sexan as súas opinións, crenzas, razas ou sexos, actitudes de tolerancia, pluralismo, respecto por un mesmo e rexeitamento de toda inxustiza, favorecendo a convivencia, o dialogo e a solidarizade.
- △ **Educación para a paz:** significa construír e potenciar unhas relacións pacíficas entre os alumnos/as, cultivando as condutas asertivas, a aceptación das diferenzas e a forma de resolución pacífica dos conflitos que poidan xurdir entre eles.
- △ **Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos:** dende o desenrolo da autoestima e a concepción do corpo como expresión da personalidade, pretende consolidar hábitos non discriminatorios, corrindo prexuízos sexistas a partir do análise crítico das súas manifestacións na linguaxe, na publicidade, etc... e promovendo a adquisición de habilidades e recursos para realizar calquera tipo de tarefas (domésticas,...).
- △ **Educación ambiental:** facilítase a comprensión e valoración dos procesos que se dan na Natureza e das relacións do home con ela,

animando a un cambio de valores, actitudes e condutas que promovan o respecto, coidado e promoción do medio ambiente.

- ⤴ **Educación sexual:** pretende que os alumnos/as alcancen unha información sexual suficiente e científica e consoliden, como actitudes básicas, a aceptación do propio corpo e a naturalidade no tratamento dos temas relacionados coa sexualidade, os hábitos de hixiene e o respecto ás diferentes manifestacións da mesma.
- ⤴ **Educación para a saúde e calidade de vida:** fomenta calquera actividade que estimule ós alumnos/as a crear hábitos e costumes sas.
- ⤴ **Educación do consumidor:** consiste en promover todo tipo de accións polas que os alumnos/as filtren a información recibida, de forma consciente, crítica, responsable e solidaria, así coma as decisións consecuentes para a compra de bens e servizos, tendo en conta os valores persoais, a utilización dos recursos e as consideracións ecolóxicas adecuadas.
- ⤴ **Educación vial:** se insiste na adquisición de condutas e hábitos de seguridade vial, tanto de peóns como de usuarios de vehículos, á vez que lles sensibiliza sobre os problemas de circulación.

8. Concreción curricular.

A concreción curricular debe conter acordos-marco do centro con relación aos elementos do currículo, é dicir, todos aqueles aspectos curriculares que van ser vinculantes e que serán os que deban respectarse nas programacións. Debe asegurar tamén a coordinación horizontal entre os diversos compoñentes curriculares da etapa, así como a coordinación vertical entre etapas.

EDUCACIÓN INFANTIL

Áreas curriculares:

Os contidos educativos da Educación Infantil orgánzanse en áreas correspondentes a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil, e abórdanse por medio de actividades globalizadas que teñan interese e significado para os nenos.

As áreas do segundo ciclo da Educación Infantil son as seguintes:

- **Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.**
- **Coñecemento do medio.**
- **Linguaxes: comunicación e representación.**

ÁREA I: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Esta área de coñecemento e de experiencia fai referencia, de forma conxunta, á construción gradual da propia identidade, ao establecemento de relacións afectivas cos demais e á autonomía persoal como procesos inseparables e necesariamente complementarios. Os contidos que nesta área se agrupan adquiren sentido dende a complementariedade co resto das áreas, e deben interpretarse nas propostas didácticas dende a globalidade da acción e das aprendizaxes.

Obxectivos:

En relación coa área, a intervención educativa terá como obxectivo o desenvolvemento das capacidades seguintes:

- Tomar conciencia das súas propias características, posibilidades e limitacións formándose unha imaxe axustada e positiva de si mesmo, desenvolvendo sentimentos de seguridade, autoestima e autonomía.
- Valorar, aceptar e respectar as características diferentes dos demais.
- Explorar e coñecer o seu corpo, algunhas das súas partes, calidades e funcións, descubriendo as percepcións dos sentidos e a simetría corporal.

- Controlar progresivamente o seu propio corpo coñecendo e utilizando as súas posibilidades motoras e de expresión e axustando a súa coordinación aos xestos e movementos que requira cada actividade.
- Desenvolver as súas destrezas motoras e habilidades manipulativas de carácter fino.
- Recoñecer, manifestar, comunicar e controlar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias identificando e aceptando ademais os dos outros.
- Adquirir cada vez maior autonomía na realización de actividades da vida cotiá amosando interese, iniciativa, organización, constancia e esforzo, valorando o traballo ben feito e aumentando a súa autoconfianza.
- Realizar actividades habituais adecuando o comportamento ás distintas situacións e ás necesidades dos outros.
- Desenvolver actitudes de respecto, axuda e colaboración valorando a importancia das relacións afectivas.
- Recoñecer e adquirir hábitos de saúde, hixiene, prevención e seguridade en situacións cotiás, pedindo axuda cando sexa preciso.
- Apreciar a importancia de gozar dun ambiente de benestar conservando adecuadamente os espazos e materiais.

Contidos:

Bloque 1. O corpo e a propia imaxe

- O corpo humano. Exploración do propio corpo. Identificación e aceptación progresiva das características propias. O esquema corporal.
- Percepción dos cambios físicos propios e da súa relación co paso do tempo. As referencias espaciais en relación co propio corpo.
- Utilización dos sentidos: sensacións e percepcións.
- As necesidades básicas do corpo. Identificación, manifestación, regulación e control delas. Confianza nas capacidades propias para a súa satisfacción.

- Identificación e expresión de sentimentos, de emocións, de vivencias, de preferencias e de intereses propios e dos demais. Control progresivo dos propios sentimentos e emocións.
- Aceptación e valoración axustada e positiva de si mesmo, das posibilidades e das limitacións propias.
- Valoración positiva e respecto polas diferenzas; aceptación da identidade e das características dos demais, evitando actitudes discriminatorias.

Bloque 2. Xogo e movemento

- Confianza nas propias posibilidades de acción, participación e esforzo persoal nos xogos e no exercicio físico. Gusto polo xogo.
- Control postural: o corpo e o movemento. Progresivo control do ton, do equilibrio e da respiración. Satisfacción polo crecente dominio corporal.
- Exploración e valoración das posibilidades e das limitacións perceptivas, motrices e expresivas propias e dos demais. Iniciativa para aprender habilidades novas.
- Nocións básicas de orientación e de coordinación de movementos.
- Adaptación do ton e da postura ás características do obxecto, do outro, da acción e da situación.
- Comprensión e aceptación de regras para xogar, participación na súa regulación e valoración da súa necesidade e do papel do xogo como medio de gozo e de relación cos demais.

Bloque 3. A actividade e a vida cotiá

- As actividades da vida cotiá. Iniciativa e progresiva autonomía na súa realización. Regulación do propio comportamento, satisfacción pola realización de tarefas e conciencia da propia competencia.

- Normas que regulan a vida cotiá. Planificación secuenciada da acción para resolver tarefas. Aceptación das propias posibilidades e limitacións na realización delas.
- Hábitos elementais de organización, de constancia, de atención, de iniciativa e de esforzo. Valoración e gusto polo traballo ben feito por un mesmo e polos demais.
- Habilidades para a interacción e colaboración, e actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e cos iguais.

Bloque 4. O coidado persoal e a saúde

- Accións e situacións que favorecen a saúde e xeran benestar propio e dos demais.
- Práctica de hábitos saudables: hixiene corporal, alimentación e descanso.
- Utilización axeitada de espazos, de elementos e de obxectos. Petición e aceptación de axuda en situacións que a requiran. Valoración da actitude de axuda doutras persoas.
- Gusto por un aspecto persoal coidado. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- A dor corporal e a enfermidade. Valoración axustada dos factores de risco, adopción de comportamentos de prevención e de seguridade en situacións habituais, actitude de tranquilidade e de colaboración en situacións de enfermidade e de pequenos accidentes.
- Identificación e valoración crítica ante factores e prácticas sociais cotiáns que favorecen ou non a saúde.

ÁREA II: COÑECEMENTO DO MEDIO

Con esta área de coñecemento e experiencia, preténdese favorecer en nenos e en nenas o proceso de descubrimento e de representación dos diferentes contextos que compoñen o medio infantil, así como facilitar a súa inserción neles, de maneira reflexiva e participativa. A apreciación da diversidade e da riqueza do medio natural, o descubrimento de que as persoas formamos parte dese medio e a vinculación afectiva a el son a base para fomentar actitudes habituais de respecto e de coidado.

Obxectivos:

En relación coa área, a intervención educativa terá como obxectivo o desenvolvemento das capacidades seguintes:

- Observar e explorar os diferentes contextos presentes no seu medio, recoñecendo algúns dos seus compoñentes, características, funcións, calidades e atributos.
- Iniciarse no desenvolvemento de habilidades matemáticas de práctica de contar, agrupamento, orde, seriación e clasificación atendendo a distintos criterios, manipulando obxectos e coleccións.
- Recoñecer e utilizar algunhas nocións espaciais e temporais.
- Interesarse polo medio natural coñecendo os seus compoñentes básicos e algunhas das súas características, amosando actitudes de respecto e coidado e realizando accións para a súa conservación.
- Discriminar o tempo atmosférico e as súas consecuencias na paisaxe con cada estación.
- Coñecer os grupos sociais de pertenza, os seus compoñentes, costumes e características, desenvolvendo actitudes de afecto, confianza, aceptación e respecto.
- Establecer relacións equilibradas e satisfactorias, incorporando progresivamente as pautas correctas de comportamento, compartindo e utilizando o diálogo para resolver conflitos.
- Coñecer e apreciar algunhas manifestacións sociais e culturais da súa comunidade próximas á súa experiencia e participar nelas.
- Identificar, valorar e respectar algúns sinais de identidade doutras culturas.
-

Contidos:

Bloque 1. Medio físico: elementos, relacións e medida

- Os obxectos e materias presentes no medio, as súas funcións e usos cotiáns. Interese pola súa exploración e actitude de respecto e de coidado cara a obxectos propios e alleos.
- Percepción de atributos e de calidades de obxectos e de materias. Interese pola clasificación de elementos e por explorar as súas calidades e graos. Uso contextualizado dos primeiros números ordinais.
- Achegamento á cuantificación de coleccións. Utilización do conteo como estratexia de estimación e de uso dos números cardinais referidos a cantidades manexables.
- Achegamento á serie numérica e a súa utilización oral para contar. Observación e toma de conciencia da funcionalidade dos números na vida cotiá.
- Exploración e identificación de situacións en que se fai necesario medir. Interese e curiosidade polos instrumentos de medida. Achegamento ao seu uso.
- Estimación intuitiva e medida do tempo. Situación temporal de actividades da vida cotiá.
- Situación de si mesmo e dos obxectos no espazo. Posicións relativas. Realización de desprazamentos orientados.
- Identificación de formas planas e tridimensionais en elementos do medio. Exploración dalgúns corpos xeométricos elementais.

Bloque 2. Achegamento á Natureza

- Identificación de seres vivos e de materia inerte como o sol, animais, plantas, rochas, nubes ou ríos. Valoración da súa importancia para a vida.

- Observación dalgunhas características, comportamentos, funcións e cambios nos seres vivos. Achegamento ao ciclo vital.
- Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas. Interese e gusto polas relacións con eles, rexeitando actuacións negativas.
- Observación de fenómenos do medio natural (chuvia, vento, día, noite...). Formulación de conxecturas sobre as súas causas e consecuencias.
- Gozo ao realizar actividades en contacto coa Natureza. Valoración da súa importancia para a saúde e o benestar.

Bloque 3. Cultura e vida en sociedade

- A familia e a escola como primeiros grupos sociais de pertenza. Toma de conciencia da necesidade da súa existencia e funcionamento mediante exemplos do papel que desempeñan na súa vida cotiá. Valoración das relacións afectivas que neles se establecen.
- Observación de necesidades, de ocupacións e de servizos na vida da comunidade.
- Incorporación progresiva de pautas axeitadas de comportamento, disposición para compartir e para resolver conflitos cotiáns mediante o diálogo, de forma progresivamente autónoma, atendendo especialmente á relación equilibrada entre nenos e nenas.
- Recoñecemento dalgúns sinais de identidade cultural do medio e interese por participar en actividades sociais e culturais.
- Identificación dalgúns cambios no xeito de vida e nos costumes en relación co paso do tempo.
- Interese e disposición favorable para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e con nenas doutras culturas.

ÁREA III: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Esta área de coñecemento e de experiencia pretende tamén mellorar as relacións entre o neno e o medio. As distintas formas de comunicación e de representación serven de nexos entre o mundo exterior e interior ao ser instrumentos que fan posible a representación da realidade, a expresión de pensamentos, sentimentos e vivencias e as interaccións cos demais. No uso das distintas linguaxes, nenas e nenos irán descubrindo a mellor adaptación de cada un deles á representación das distintas realidades ou dimensións dunha mesma realidade. Deste xeito se facilitará que acomoden os códigos propios de cada linguaxe ás súas intencións comunicativas, achegándose a un uso cada vez máis propio e creativo das citadas linguaxes.

As diferentes formas de comunicación e de representación que se integran nesta área son: a linguaxe verbal, a linguaxe plástica, a linguaxe musical, a linguaxe corporal, a linguaxe audiovisual e a linguaxe das tecnoloxías da Información e da Comunicación, que, en certa maneira, integra as anteriores. Tamén se pretende que nenos e nenas descubran e exploren os usos da lectura e da escritura, de maneira funcional, despertando e afianzando o seu interese por eles.

Obxectivos:

En relación coa área, a intervención educativa terá como obxectivo o desenvolvemento das capacidades seguintes:

- Valorar a lingua oral como medio de relación, de aprendizaxe e de comunicación e expresión de ideas e sentimentos.
- Desenvolver habilidades comunicativas a través de diferentes linguaxes.
- Comprender as intencións e mensaxes adoptando unha actitude positiva cara á lingua.
- Gozar coñecendo, comprendendo, reproducindo e recreando textos literarios diversos.
- Iniciarse no uso dunha lingua estranxeira (inglés) e comprender mensaxes sinxelas.
- Descubrir e explorar os usos da lectura e da escritura.

- Interesarse polo uso dalgúns medios tecnolóxicos.
- Desenvolver a súa imaxinación e creatividade a través do debuxo e outras técnicas plásticas.
- Espertar a sensibilidade estética observando e escoitando obras plásticas e musicais.
- Desenvolver habilidades musicais interpretando cancións e explorando os sons.
- Experimentar as posibilidades expresivas de xestos e movementos participando en dramatizacións e outros xogos de expresión corporal.

Contidos:

Bloque 1. Linguaxe verbal

1.1. escoitar, falar e conversar

- Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos, para explorar coñecementos; para expresar e comunicar ideas e sentimentos e para regular a propia conduta e a dos demais.
- Uso progresivo, acorde coa idade, de léxico preciso e variado e con crecente precisión, estruturación apropiada das frases, entoación axeitada e pronunciación clara.
- Participación e escoita activa en situacións habituais de comunicación. Acomodación progresiva dos seus enunciados aos formatos convencionais, así como achegamento á interpretación de mensaxes, de textos e de relatos orais producidos por medios audiovisuais.
- Utilización axeitada das normas que rexen o intercambio lingüístico, respectando a quenda de palabra, escoitando con atención e con respecto.
- Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira en rutinas e en situacións habituais de comunicación.

- Comprensión da idea global de textos orais en lingua estranxeira, en situacións habituais da aula e cando se fala de temas coñecidos e predicibles. Actitude positiva cara á lingua estranxeira.

1.2. Achegamento á lingua escrita

- Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, de información e de gozo. Interese por explorar algúns dos seus elementos.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. Identificación de palabras e de frases escritas, moi significativas e usuais. Percepción de diferenzas e semellanzas entre elas. Iniciación ao coñecemento do código escrito a través desas palabras e frases.
- Uso, gradualmente autónomo, de diferentes soportes da lingua escrita como libros, revistas, xornais, carteis ou etiquetas. Utilización progresivamente axustada da información que proporcionan.
- Interese e atención na escoita de narracións, de explicacións, de instrucións ou de descricións, lidas por outras persoas.
- Iniciación no uso da escritura para cumprir finalidades reais. Interese e disposición para o uso dalgunhas convencións do sistema da lingua escrita como linearidade, orientación e organización do espazo, e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.

1.3. Achegamento á literatura

- Escoita e comprensión de contos, de relatos, de lendas, de poesías, de rimas ou de adiviñas, tanto tradicionais coma contemporáneas, como fonte de pracer e de aprendizaxe.
- Recitado dalgunhs textos de carácter poético, de tradición cultural ou de autor, gozando das sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen.
- Participación creativa en xogos lingüísticos para divertirse e para aprender.
- Dramatización de textos literarios, e gozo e interese por expresarse con

- axuda de recursos extralingüísticos.
- Interese por compartir interpretacións, sensacións e emocións provocadas
- polas producións literarias.
- Utilización da biblioteca con respecto e con coidado, valoración da biblioteca como recurso informativo de entretemento e de gozo.

Bloque 2. Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da Información e da Comunicación

- Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos como ordenador, cámara ou reprodutores de son e de imaxe, como elementos de comunicación.
- Achegamento a producións audiovisuais como películas, debuxos animados ou videoxogos. Valoración crítica dos seus contidos e da súa estética.
- Distinción progresiva entre a realidade e a representación audiovisual.
- Toma progresiva de conciencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da Información e da Comunicación.

Bloque 3. Linguaxe artística

- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica (liña, forma, cor, textura, espazo...).
- Expresión e comunicación de feitos, de sentimentos e de emocións, de vivencias, ou fantasías a través do debuxo e de producións plásticas realizadas con distintos materiais e técnicas.
- Interpretación e valoración progresivamente axustada de diferentes tipos de obras plásticas presentes no medio.
- Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais. Utilización dos sons atopados para a interpretación e para a creación musical.

- Recoñecemento de sons do medio natural e social, e discriminación dos seus trazos distintivos e dalgúns contrastes básicos (longo-curto, fortesuave, agudo-grave).
- Audición atenta de obras musicais presentes no medio. Participación activa e gozo na interpretación de cancións, de xogos musicais e de danzas.

Bloque 4. Linguaxe corporal

- Descubrimento e experimentación de xestos e de movementos como recursos corporais para a expresión e para a comunicación.
- Utilización, con intención comunicativa e expresiva, das posibilidades motrices do propio corpo con relación ao espazo e ao tempo.
- Representación espontánea de personaxes, de feitos e de situacións en xogos simbólicos, individuais e compartidos.
- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.

Avaliación:

A avaliación é un elemento curricular de primeira orde para valorar o proceso educativo e o compoñente imprescindible para coñecer o nivel evolutivo en que se atopan o neno e a nena.

A avaliación debe ser obxectiva, axeitada, clara, medible e comparable con un mesmo e a súa evolución.

A forma de realizar a avaliación é a través da observación das condutas do neno e do proceso educativo, co fin de reaxustar o proceso ensinanza-aprendizaxe á situación concreta de cada alumno.

É aconsellable empregar técnicas de observación para optimizar a obxectividade e a sistematización da observación do tipo de «Rexistros de anécdotas ou incidentes», «Listas de categorías ou de control» ou «Escalas, cuestionarios ou pautas de observación».

Avaliación da intervención educativa

As intencións educativas que guían a intervención educativa no proceso de ensinanza-aprendizaxe requiren a miúdo para a súa verificación dun reaxuste dos contidos do currículo, dos medios e dos recursos, co fin de axetalos ás características individuais dos nenos. Entendéndoa como tal, debemos preguntarnos como lle benefician ao neno o espazo, os materiais e a actuación do docente.

A avaliación así entendida non consistirá en emitir xuízos de valor sobre o neno ou as súas actividades, senón, máis ben, na recollida da información necesaria co fin de axustar e perfeccionar todo o proceso de ensinanzaaprendizaxe.

Ao final de cada Unidade, propónse un cuestionario para avaliar a intervención educativa neste proceso.

Avaliación do alumnado

A maneira de realizar a avaliación é a observación das condutas do neno e o proceso educativo nas múltiples situacións que se producen ao longo da xornada escolar. Abranguerá diferentes ámbitos: como explora e manipula os obxectos, como se manexa no espazo, como se relaciona cos demais nenos, as súas habilidades sociais... Trátase de recoller toda a información referente ás distintas condutas e situacións significativas que nos axuden a coñecer mellor a personalidade do neno, co fin de incidir sobre elas e melloralas.

Avaliación inicial:

- Cuestionario para a entrevista inicial coas familias.
- Pautas de observación para o período de adaptación.
- Ficha de avaliación inicial en tres, catro e cinco anos.

Avaliación continua:

- Avaliación ao final de cada unidade didáctica.
- Ficha de avaliación continua trimestral, ao final de cada trimestre.

Avaliación final:

- Avaliación final de nivel, para o expediente individual do centro.
- Avaliación final de ciclo.

Criterios de avaliación:

ÁREA I: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

1. Dar mostra dun coñecemento progresivo do seu esquema corporal e dun control crecente do seu corpo, global e sectorialmente, manifestando confianza nas súas posibilidades e respecto aos demais.
- Utilización de técnicas elementais para a recollida e ordenación de datos de contextos familiares e próximos.
- Representación e organización guiada de datos relacionados coa vida cotiá mediante gráficos sinxelos (representación non convencional, liñas temporais, pictogramas...).
- Resolución de problemas do contexto cotián en que interveñan a lectura de gráficas elementais, as descrições orais, o contraste de opinións, a planificación do proceso de resolución, a comparación de procesos e a resolución e valoración de resultados.
- Distinción entre seguro, posible e imposible, partindo da experiencia diaria e incorporando este vocabulario á súa linguaxe habitual.
- Participación e colaboración activa no traballo en equipo e na aprendizaxe organizada a partir da investigación sobre situacións reais. Respecto polo traballo e polas estratexias das outras persoas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación propios da área serán os que aparecen fixados nos apartados correspondentes a estes dentro do currículo de cada ciclo.

- Le, escribe e descompón os números do 0 ao 999.
- Realiza reparticións iguais partindo dun grupo de elementos de forma manipulativas e/ou gráfica.
- Calcula o terzo repartindo entre tres un grupo de elementos.
- Calcula sumas, restas e multiplicacións con levadas.
- Le a hora nun reloxo analóxico e noutro dixital.
- Calcula o tempo transcorrido entre unha hora de inicio e unha hora de finalización.

- Realiza estimacións en situacións de azar utilizando o vocabulario: seguro, posible e imposible.
- Completa un problema.
- Soluciona sinxelos problemas de repartición e multiplicación.
- Resolve operacións de cálculo mental.

COÑECEMENTO DO MEDIO

OBXECTIVOS

- ✦ Coñecer globalmente o seu corpo, afianzar a lateralidade, a percepción multisensorial e desenvolver a súa autonomía.
- ✦ Manifestar a adquisición de uns hábitos de saúde e coidado corporal derivados do coñecemento dos aspectos básicos da súa corpo (hixiene, aseo, descanso, etc.).
- ✦ Mostrar, ante as diferenzas de idade e sexo, unha actitude de aceptación e respecto e, polo tanto, rexeitar todo tipo de discriminación por razóns de índole persoal nos seus xogos e tarefas escolares.
- ✦ Identificar os elementos principais do contorno natural, partindo do próximo ao afastado.
- ✦ Identificar os elementos do contorno natural da comunidade (paisaxe, fenómenos atmosféricos, e animais e plantas comúns).
- ✦ Iniciarse na observación guiada dos elementos principais do contorno natural.
- ✦ Ser consciente da súa pertenza a certos grupos sociais (familia, colexio e outros grupos de iguais) con características e trazos propios.
- ✦ Identificar as características doutros grupos sociais e mostrar respecto por eles.
- ✦ Identificar as peculiaridades do noso patrimonio natural, cultural, histórico e artístico, e concienciarse da necesidade da súa conservación.

- ✦ Recoñecer e apreciar á súa pertenza a uns grupos sociais determinados (Galicia, Estado Español, Unión Europea), con características e trazos propios (normas de comportamento, valores, lingua, cultura, etc.).
- ✦ Desenvolver unha actitude de respecto cara ás características e trazos propios doutros grupos valorando as diferenzas e rexeitando calquera tipo de discriminación.
- ✦ Propiciar o encontro con persoas de grupos diferentes, para o coñecemento e o intercambio de opinións respecto a gustos, afeccións, etc.
- ✦ Xerar o interese e a autonomía requiridos para buscar, recoller e analizar a información necesaria para formular e resolver problemas sinxelos do contorno próximo.
- ✦ Manifestar a súa capacidade de observación e o uso que fai de todos os sentidos para identificar formas e tamaños nos obxectos e para diferenciar os seres vivos dos inertes, recoñecendo as súas funcións básicas e superando os preconceitos polos que identifica ao ser vivo co que se move.
- ✦ Describir os traballos das persoas do seu contorno, relacionando o nome dalgunhas profesións co tipo de traballo que realizan.
- ✦ Participar na realización de tarefas e valorar a súa execución coidadosa.
- ✦ Coñecer e interpretar feitos da vida cotiá a través de códigos sinxelos.
- ✦ Utilizar correctamente as nocións topolóxicas básicas de posición e proximidade (arriba-abaixo, dentro-fóra, dereita-esquerda, interior-exterior, etc.) e expresalas con debuxos, situacións e xogos sobre espazos limitados ou coñecidos.
- ✦ Participar en actividades grupais respectando as normas establecidas (quendas de palabra, atención nas intervencións, achega de ideas e consideración das decisións e acordos tomados).
- ✦ Recoñecer e describir algunhas das actuacións humanas máis visibles no seu contorno (edificios, coches, parques, etc.) e expresar a súa opinión sobre os aspectos positivos e os negativos destas intervencións.
- ✦ Valorar e respectar os diferentes traballos realizados no contorno próximo, como medio para conseguir mellor calidade de vida.
- ✦ Participar na conservación e mellora do contorno: manter limpo o seu ámbito espacial, coidar os obxectos materiais (persoais e comúns) e respectar os animais e as plantas.

- ⤴ Ordenar cronoloxicamente algúns feitos relevantes da súa vida persoal e utilizar para iso as unidades de tempo básicas: hora, día, mes e ano, así como coñecer a evolución que, co paso do tempo, se produce nalgúns aspectos da súa vida (cambios corporais, roupa, colexio, xogos, vacacións, etc.).
- ⤴ Utilizar as nocións temporais que expresan duración, sucesión e simultaneidade e observar as manifestacións máis palpables destes cambios.
- ⤴ Planificar e realizar proxectos e aparellos sinxelos relacionados coa vida cotiá e familiar cunha finalidade previamente establecida, utilizando os coñecementos das propiedades elementais dalgúns materiais, substancias e obxectos.
- ⤴ Recoñecemento das aplicacións dos obxectos e das máquinas, e da súa utilidade para facilitar a realización de determinadas actividades humanas.
- ⤴ Identificar algúns obxectos e recursos tecnolóxicos significativos no medio.
- ⤴ Recoñecer a finalidade do uso de aparatos e máquinas próximos á súa experiencia (electrodomésticos, utensilios do fogar e escolares, coches, etc.) e valorar os aspectos positivos destes recursos tecnolóxicos.

CONTIDOS

1. O ser humano e a saúde

- Partes do corpo: cabeza, tronco e extremidades.
- Posicións corporais.
- A cara: partes.
- As articulacións.
- os ósos e músculos.
- Os sentidos: órganos e funcións.
- Normas de hixiene.
- Aseo persoal: utensilios.

- Pezas de roupa de vestir: funcións e usos en cada estación.
- Alimentos: orixe, características básicas, procesos de conservación.
- A dieta equilibrada.
- Exploración do corpo e identificación das súas características, dos seus cambios e das súas habilidades.
- Identificación e aplicación de hábitos saudables e das normas básicas de convivencia.
- A orde.
- Respecto pola diversidade física e intelectual das persoas.
- Curiosidade por coñecer as características do corpo e os cambios que experimenta: causas dalgunhas enfermidades e como podemos curaras.
- Respecto polas diferenzas derivadas dos distintos aspectos de crecemento e desenvolvemento corporal.
- Aceptación das posibilidades e limitacións do propio corpo desde o punto de vista motórico.
- Aceptación dos distintos niveis de destreza, tanto en si mesmo como nos demais.
- Interese na adquisición de hábitos saudables e de hixiene do propio corpo como fonte de benestar, e de prevención de enfermidades e accidentes domésticos.

2. As plantas e os animais

- Os seres vivos: características.
- Identificación e clasificación dos seres vivos comúns no contorno e dos seus característicos principais.
- Agricultura, gandería e pesca: útiles e ferramentas.

- Profesións relacionadas con estes sectores.
- Os mamífero: características.
- Mamíferos domésticos e salvaxes.
- Coidado dos animais.
- Aves: características.
- Aves de curral e silvestres.
- Peces: características.
- Peces de río e de mar.
- Réptiles: características
- Anfibios: características.
- Insectos: características.
- Animais herbívoros, carnívoros e omnívoros.
- Animais: letargo invernal e acubillo.
- As plantas: características, tipo e crecemento.
- Plantas aromáticas
- Árbores, flores, hortalizas e froitos.
- Tipos de follas.
- Árbores de folla caduca e de folla perenne.
- Observación de animais e plantas.
- Interese por descubrir as características de animais e plantas.
- Adquisición de hábitos de respecto, coidado e protección cara ao medio e cara aos animais e plantas que viven nel.
- Comunicación oral das experiencias realizadas, apoiándose en imaxes e breves textos escritos.

3. A vida en sociedade

- O colexio: a clase, os compañeiros, o material escolar.
- A familia: pais, fillos, avós, irmáns e netos.
- Os amigos.
- A casa: estancias.
- Tradicións e costumes en Galicia.
- A localidade: o concello e os servizos públicos. Principais cales e Monumentos importantes.
- Diferenzas no xeito de vida dunha vila e unha cidade grande.
- Respecto e valoración dos servizos públicos como un ben común.
- Educación vial: normas como peóns, utilización correcta da bicicleta.
- Convivencia en cálea.
- Medios de transporte: terra, mar e aire.
- Medios de comunicación: carta, teléfono, xornal, revista, radio e televisión.
- Trazos sociais ou culturais característicos de Galicia.
- A publicidade.
- Recolleita e elaboración de informacións sobre aspectos da vida cotiá.
- Elaboración de debuxos sobre situacións coñecidas do medio social.
- Identificación e clasificación de actividades humanas no ámbito laboral.
- Adquisición de hábitos de boa educación en actividades en grupo e lúdicas.
- Respecto polos trazos e costumes diferentes que teñen as persoas que conviven a clase.

- Respecto polas normas de convivencia e polas regras establecidas na familia, na clase, en cálea como peóns, etc.
- Valoración do traballo alleo e do esforzo propio como un ben en si mesmo.
- Respecto e valoración dos servizos públicos como un ben común.

4. O medio físico: espazo e materiais

- O aire: utilidade.
- A auga: procedencia, usos e concienciación do seu aproveitamento adecuado, ciclo e estados.
- A contaminación e o coidado da natureza.
- Fenómenos atmosféricos: o tempo atmosférico, observación de fenómenos atmosféricos do contorno.
- A lúa, as estrelas e o sol, o día e a noite.
- As estacións.
- Relevo e paisaxe: elementos, paisaxe mariña e de montaña.
- Montaña: partes.
- Respecto e gozo do contorno natural de Galicia.
- Observación dos trazos físicos principais do contorno: paisaxes, tipos de construcións, etc...
- Elaboración de debuxos sobre situacións coñecidas do medio natural.
- Sensibilidade pola observación dos fenómenos do medio físico.
- A diversidade de materiais. Clasificación segundo criterios elementais: estado de agregamento, textura, cor, forma, plasticidade, etc.
- Observación dos efectos da aplicación dunha forza. Forzas na mesma dirección. Forzas de contacto e a distancia.

- A percepción do son. A transmisión do son en diferentes medios. O ruído e a contaminación acústica.
- Desenvolvemento de actitudes conscientes, individuais e colectivas, fronte a determinados problemas medioambientais.
- Redución, reutilización e reciclaxe de obxectos e substancias.

5. O paso do tempo

- O transcurso do tempo: as horas.
- O calendario: os meses do ano.
- As estacións.
- Tradicións e costumes.
- Descubrimentos e inventos.
- Recolleita de información e documentación sobre aspectos da vida cotiá (vivenda, vestido, alimentación,...) que experimenten cambios co paso do tempo.
- Algúns acontecementos do pasado e do presente e a súa relación con aspectos históricos próximos á súa experiencia.
- Identificación dos legados dos nosos antepasados.
- Interese por aprender a nosa historia.
- Utilización das fontes orais e da información proporcionada por obxectos e recordos familiares para reconstruír o pasado.

6. Máquinas, aparellos e tecnoloxías

- Obxectos e materiais das distintas dependencias do centro.
- Obxectos que se moven co vento.
- Vehículos con motor e sen motor.
- Valoración da importancia do uso dos medios de transporte poucos

contaminantes para preservar a natureza.

- Desenvolvemento de actitudes conscientes, individuais e colectivas, fronte a determinados problemas medioambientais.
- Redución, reutilización e reciclaxe de obxectos e substancias.
- Máquinas e aparellos que utilizamos habitualmente. Influencia nas nosas vidas
- As máquinas e o movemento: vehículos con motor e sen motor.
- Profesións, útiles de traballo.
- Profesións relacionadas coa construción. O traballo dos obreiros na industria.
- Manipulación de ferramentas e máquinas sinxelas do propio contorno e de uso común.
- Aparellos e máquinas.
- Descubrimentos e inventos.
- Recolleita de información sobre algúns descubrimentos e inventos que fixeron avanzar á humanidade: a roda, a imprenta, etc.
- Importancia dos avances científicos nas nosas vidas.
- Identificación da importancia dos avances científicos para o traballo, a saúde e o lecer.
- Observación e análise do funcionamento de obxectos e máquinas. Identificación de elementos que poden xerar risco.
- Uso coidadoso de materiais, substancias e ferramentas.
- Adopción de comportamentos asociados á seguridade persoal e ao aforro enerxético.
- Identificación dos compoñentes básicos dun ordenador. Iniciación no seu uso.

- Coidado dos recursos informáticos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñece globalmente o seu corpo, sitúase no espazo, actúa con autonomía en actividades básicas e demostra o coñecemento dos sentidos e das súas funcións.
- Manifesta a adquisición de hábitos de saúde e coidado corporal (vístese, íspese, pide ir ao aseo, utiliza artigos hixiénicos, lava as mans antes e despois de comer, etc.).
- Mostra unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais de idade e sexo e, polo tanto, no rexeita nin discrimina a ninguén nos seus xogos e tarefas escolares.
- Mostra aceptación e respecto polas persoas de diferente sexo e idade nas súas conversacións orais.
- Participa nas actividades grupais do colexio (xogos, conversacións, dramatizacións, postas en común, etc.).
- Respecta os demais e as normas establecidas (escoita as intervencións, espera a quenda de intervención, achega ideas, fai preguntas en relación co tema, etc.).
- Recoñece as relacións simples de parentesco, coñece os seus apelidos e expresa o seu recoñecemento e aprecio pola pertenza a unha familia con características e trazos propios.
- Manifesta, en diferentes situacións, a súa satisfacción pola súa pertenza a un grupo de clase, ao colexio, a un equipo deportivo, etc.
- Identifica as diferenzas e semellanzas cos grupos de pertenza dos seus iguais (veciños, curmáns, compañeiros, etc.).
- Interésase polas características doutros grupos sociais, respectando as súas peculiaridades e os seus trazos (de persoas coas que convive, de compañeiros, de veciños, etc.).
- Emprega o coñecemento adquirido sobre aspectos relativos á paisaxe, á actividade humana e á poboación para establecer semellanzas e diferenzas

entre as distintas comunidades españolas e valora a diversidade e riqueza de Galicia e do conxunto peninsular.

- Identifica e describe algunhas das actuacións humanas máis visibles no seu contorno (edificios, coches, parques, etc.).
- Recoñece os efectos –positivos e negativos– das actuacións humanas no contorno físico e expresa a súa opinión sobre iso.
- Participa na conservación e mellora do contorno (recolle papeis e lixo, coida os obxectos persoais e os comúns, respecta os animais e as plantas, etc.).
- Ordena cronoloxicamente algúns feitos relevantes da súa vida persoal e utiliza para iso as unidades básicas de tempo: hora, día, mes e ano.
- Expresa verbalmente o seu coñecemento sobre a evolución dalgún aspecto significativo da súa vida (cambios corporais, roupa, xogos, colexio, vacacións, etc.) e achega datos que demostran a comprensión desta evolución.
- Recoñece os elementos principais da paisaxe da súa comunidade autónoma (relevo, augas, etc.).
- Identifica e describe oralmente os fenómenos meteorolóxicos (chuvia, neve, trebón, raio, etc.).
- Recoñece e describe con palabras ou con debuxos algún animal e algunha planta comúns no seu contorno.
- Realiza observacións dos elementos principais do contorno, seguindo as pautas marcadas polo profesor o pola profesora.
- Utiliza correctamente as nocións topolóxicas básicas de posición e proximidade (arriba-abaixo, dentro-fóra, dereita-esquerda, interior-exterior, etc.).
- Representa as nocións topolóxicas básicas con debuxos, situacións e xogos sobre espazos limitados e coñecidos.
- Coloca en debuxos que representan espazos moi coñecidos (habitación, aula, etc.) e rutas habituais (camiño do colexio, do parque, etc.) obxectos que previamente exploraron a través dos sentidos para identificar formas e cores.

- Manifesta a súa capacidade de observación e o uso que fai dos sentidos para diferenciar os seres vivos dos inertes ante a presenza de varios obxectos e series.
- Recoñece, coa axuda do profesor o da profesora, as funcións básicas que caracterizan aos seres vivos e supera os preconceptos polos que identifica a os ditos seres co que se move.
- Describe os traballos das persoas do seu contorno e identifica as actividades familiares e escolares e as profesións máis frecuentes, relacionando o nome dalgunhas profesións co tipo de traballo que realizan.
- Participa na realización de tarefas, mostra satisfacción por iso, valora a súa execución coidadosa e mantén o caderno limpo e ben presentado.
- Manipula aparatos sinxelos o xoguetes, empregando procedementos básicos como perforar, enroscar, montar, desmontar, apreixar, afrouxar, cerrar, etc., e mostra destreza suficiente nestas operacións.
- Utiliza instrumentos adecuados para realizar diversas actividades con obxectos e materiais diferentes.
- Recoñece a utilidade de aparatos e máquinas próximos á súa experiencia, por exemplo, electrodomésticos, grampadoras, tesoiras, coches, barcos, etc.
- Valora os aspectos positivos do uso de aparatos e máquinas, como a axuda que prestan no traballo e as dificultades que presenta a súa carencia.

EDUCACIÓN ARTÍSTICA

PLÁSTICA

OBXECTIVOS

- ✧ Estimular a discriminación visual e a habilidade manual ao completar imaxes, gozando do coñecemento de obras de arte.
- ✧ Estimular a discriminación visual e a habilidade manual ao completar imaxes.

- ✦ Manexar o pincel e as témperas coa soltura necesaria.
- ✦ Gozar cos resultados obtidos ao colorear e coas sorpresas que pode deparar a manipulación do papel e das imaxes.
- ✦ Valorar o impulso creativo proporcionado polo uso de novas técnicas.
- ✦ Respectar e coidar o material necesario para a realización dos diferentes traballos.
- ✦ Desenvolver mecanismos de sensibilidade estética e a creación artística para promover a percepción e a expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.
- ✦ Formar progresivamente o sentido estético persoal como recurso para apreciar e valorar elementos constitutivos das artes e obras verdadeiramente artísticas; desenvolver o xuízo crítico e o posicionamento pluralista na aproximación ás obras artísticas e ás autoras e autores.
- ✦ Explorar e coñecer materiais e instrumentos diversos e adquirir códigos e técnicas específicas das diferentes linguaxes artísticas para utilizalos con fins expresivos e comunicativos.
- ✦ Aplicar os coñecementos artísticos na observación e a análise de situacións e obxectos da realidade cotiá e de diferentes manifestacións do mundo da arte e a cultura para comprendelos mellor e formar un gusto propio.

- ✦ Manter unha actitude de busca persoal e colectiva, articulando a percepción, a imaxinación, a indagación e a sensibilidade e reflexionando á hora de realizar e gozar de diferentes producións artísticas.
- ✦ Coñecer algunhas das posibilidades dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación en que interveñen a imaxe e son, e empregalas como recursos para a observación, para a busca de información e para a elaboración de producións propias, xa sexa de forma autónoma ou en combinación con outros medios e materiais.
- ✦ Valorar e compartir manifestacións artísticas do patrimonio cultural galego apreciando a súa riqueza e diversidade e comprometéndose na súa defensa, conservación e difusión.
- ✦ Coñecer e valorar diferentes manifestacións artísticas do patrimonio cultural doutros pobos, colaborando na conservación e renovación das formas de expresión locais e nacionais e recoñecendo o enriquecemento que supón o intercambio con persoas de diferentes culturas que comparten un mesmo contorno.
- ✦ Desenvolver unha relación de autoconfianza coa produción artística persoal, respectando as creacións propias e as das outras persoas, cunha actitude de interese e de admiración polo distinto ou novo, sabendo recibir e expresar críticas e opinións, e utilizándoas como recurso para a mellora.
- ✦ Participar activamente en producións artísticas de forma cooperativa, asumindo distintas funcións e colaborando na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un produto final o máis satisfactorio posible.

- ✧ Valorar no contorno próximo as intervencións artísticas das que sería necesario dispoñer co fin de crear espazos esteticamente agradables que contribúan a mellorar a calidade de vida.

CONTIDOS

Observación

- Observación e exploración sensorial dos elementos presentes no contorno integrando actividades de tocar, ulir, oír e ver.
- Diálogo ante unha obra de arte expresando verbalmente sensacións, emocións e ideas que suxire, así como indicando o que gusta e non gusta.
- Comentario de obras plásticas e visuais presentes no contorno e en exposicións, museos ou saídas.
- Curiosidade por descubrir as posibilidades artísticas que ofrece o contorno: festas, esculturas, pintura, decoración...
- Recoñecemento de elementos artísticos ou de certos aspectos das obras de arte (previamente traballadas na clase) na vida cotiá.
- Iniciación ao coñecemento de identificadores artísticos da cultura galega e doutras culturas e valoración deles.
- Observación e identificación de imaxes presentes en contextos próximos: historietas, bandas de deseño, ilustracións, fotografías, etiquetas, cromos, carteis, adhesivos, debuxos animados, marcas, propaganda, cine, encaixes, bordados, cerámica...
- Vivenciación do espazo e achegamento á súa representación de maneira intuitiva.
- Observación e comparación de diferentes representacións artísticas (pintura, escultura...) dun mesmo motivo.

- Establecemento de relacións entre unha manifestación plástica e un conto, unha lenda, unha canción...
- Comparación de mostras de diversos materiais e observación destes

transformados en producións artísticas. Fomento da fantasía a través da visualización do que podería ser un determinado material (un anaco de madeira, de metal, de cristal...).

- Discriminación de materiais, cores, formas, volumes ou liñas, nas imaxes, nos obxectos e nas obras artísticas.

Expresión e creación

- Experimentación con mesturas e con manchas de cor utilizando diferentes tipos de pintura e útiles sobre soportes diversos.
- Experimentación das posibilidades expresivas do trazo espontáneo e con intencionalidade, das liñas que delimitan contornos e do espazo que define a forma.
- Interese pola manipulación e pola exploración de materiais e de técnicas diversas.
- Busca sensorial de texturas naturais e artificiais e das calidades e posibilidades de diversos materiais (follas, pedras, area, sal, plastilina, madeira, arxila...) e transformación deles para a elaboración de producións plásticas.
- Composición individual e en grupo de debuxos, pinturas, colaxes, estampados, cosido, ilustracións, volumes, modelaxe e pregamento de formas utilizando materiais de refugallo e materiais e elementos plásticos. Reflexión sobre os resultados para mellorar as producións.
- Manipulación e transformación de obxectos para o seu uso en representacións teatrais e noutras manifestacións artísticas.
- Construción e uso de máscaras e de monicreques sinxelos para dramatizacións significativas.
- Composicións plásticas empregando diferentes materiais e técnicas partindo dunha planificación previa guiada, elaboracións seguindo o plan e valoración dos resultados.

- Uso progresivo de imaxes de diferentes fontes (fotografías, revistas, prensa, cromos, historietas, adhesivos...) nas producións propias.

- Aproximación á exploración de recursos dixitais para a creación de obras artísticas.
- Organización progresiva do proceso de elaboración concretando o tema xurdido desde a percepción sensorial, a imaxinación, a fantasía ou a realidade, prevendo os recursos necesarios para a realización, explorando as posibilidades de materiais e de instrumentos e mostrando confianza nas posibilidades de creación.
- Recreación de obras de arte significativas para as nenas e os nenos.
- Investigación e experimentación de diferentes modos de representar a figura humana.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identificar formas e cores das imaxes..
- Imitar o trazado sinxelo de figuras humanas, plantas e animais.
- Compoñer paisaxes elementais.
- Utilizar o lapis de cor con diferente intensidade para lograr distintos matices.
- Apreciar as formas xeométricas elementais e relacionalas con volumes de obxectos próximos.
- Valorar as obras de arte como elemento estético e como modelo plástico.
- Participar nas actividades colectivas de dramatización e nos diálogos sobre as obras de arte representadas e sobre as creacións propias e alleas.
- Identificar formas, superficies, cores, tramas, texturas e mais significados das imaxes.
- Imitar o trazado sinxelo de obxectos, elementos da paisaxe e animais.
- Observar e compoñer paisaxes elementais.
- Utilizar o lapis de grafito e de cor para matizar o sombreado e coloreado dos modelos.
- Analizar a presenza de formas e superficies no medio real e artístico.

- Visualizar e valorar as obras de arte como motivo de pracer estético e como modelos plásticos.
- Identificar formas xeométricas nos modelos.
- Identificar formas, cores e significados das imaxes.
- Manexar con corrección os materiais artísticos: lapis, cores, tesoiras, pegamento, papeis, rotuladores, ceras brandas sobre fondo de cor, pinceis e tapóns de cortiza con témperas...
- Imitar o trazado sinxelo de obxectos, figuras humanas, plantas e animais.
- Identificar, compoñer e xogar con paisaxes elementais.
- Percibir e manexar as manchas de cor.
- Observar e valorar as obras de arte como motivo estético e como modelos plásticos.
- Investigar os efectos de novas técnicas plásticas.

MÚSICA

OBXECTIVOS.

- ✧ Desenvolver a sensibilidade estética para promover, emocións, sentimentos e vivencias.
- ✧ Formar o sentido estético persoal para apreciar elementos das artes; desenvolver o xuízo crítico ante obras artísticas e autores.
- ✧ Indagar nas posibilidades do son e do movemento como elementos de comunicación e utilízalas para expresar ideas e sentimentos para ao equilibrio afectivo.
- ✧ Explorar e coñecer materiais e adquirir códigos e técnicas específicas da linguaxe artística.
- ✧ Aplicar os coñecementos artísticos na observación e na análise de situacións e de obxectos da realidade cotiá para formar un gusto propio.

- ⤴ Manter unha actitude de busca persoal e colectiva, articulando a percepción, a imaxinación, a indagación e a sensibilidade e reflexionando á hora de realizar e desfrutar de diferentes producións artísticas.
- ⤴ Recoñecer que o arte e a cultura son fonte de coñecemento, realizadas por homes e por mulleres e reflicten a súa experiencia.
- ⤴ Coñecer posibilidades dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación en que interveñen o son.
- ⤴ Valorar e compartir manifestacións artísticas do patrimonio cultural galego.
- ⤴ Coñecer e valorar diferentes manifestacións artísticas do patrimonio cultural doutros pobos, estimando o enriquecemento que supón o intercambio con persoas de diferentes culturas que comparten un mesmo contorno.
- ⤴ Desenvolver unha relación de autoconfianza coa produción artística persoal, respectando as creacións propias e as das outras persoas.
- ⤴ Participar activamente en producións artísticas asumindo distintas funcións de forma cooperativa.
- ⤴ Coñecer algunhas das profesións dos ámbitos artísticos e desfrutar como público na observación e recreación das súas propias producións.
- ⤴ Valorar no contorno próximo as intervencións artísticas que contribúan a mellorar a calidade de vida.

CONTIDOS

Bloque 1. escoita.

- ◆ Percepción da diferenza entre son, silencio e ruído e das distintas calidades do son.

- ◆ Escucha, exploración e discriminación dos sons presentes no contorno natural, cultural e artístico: elementos do contorno que producen son; sons que se poden producir co propio corpo.
- ◆ Reacción espontánea ou dirixida a estímulos sonoros.
- ◆ Interese e curiosidade pola escucha activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais breves coñecidas polo alumnado e interpretadas de diversos xeitos.
- ◆ Uso de diferentes recursos para o seguimento dunha obra musical: corporais, plásticos, musicogramas...
- ◆ Iniciación ao recoñecemento visual e auditivo dalgúns instrumentos musicais, así como de voces masculinas, femininas e infantís, en audicións musicais.
- ◆ Identificación de esquemas rítmicos sinxelos e interese e esforzo na súa repetición utilizando diferentes medios (percusión corporal, voz, instrumentos de percusión...).
- ◆ Asociación intuitiva dos sons a unha representación gráfica mediante símbolos non convencionais.
- ◆ Interese por coñecer e interpretar pequenas pezas de música e de danza do patrimonio galego, así como por ensinárllelas a outras persoas e por aprender as que outras persoas coñecen.
- ◆ Expresión oral de emocións e de sentimentos que esperta unha audición.
- ◆ Recoñecemento e observancia das normas de comportamento en audicións e noutras actividades musicais.

Bloque 2. Interpretación e creación musical.

- ◆ Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz, do corpo e dos obxectos do contorno.

- ◆ Interpretación e memorización de cancións, de lerias, de refráns, de adiviñas... da propia cultura ou doutras ao unísono, con e sen acompañamento rítmico.
- ◆ Utilización progresiva da voz, da percusión corporal e dos instrumentos de pequena percusión como recursos para o acompañamento de textos recitados, de cancións e de danzas sinxelas.
- ◆ Realización de movementos, de xogos motores e de danzas sinxelas, acompañados de secuencias sonoras, de cancións e de obras musicais, tentando desenvolver a coordinación tanto individual como colectiva.
- ◆ Incorporación e utilización progresiva de grafías non convencionais (puntos, liñas, debuxos, símbolos...) na lectura e na interpretación de partituras sinxelas.
- ◆ Utilización de obxectos de uso cotián, como instrumentos, e disfrute co seu uso nas diferentes producións.
- ◆ Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sinxelos (pregunta/resposta, formas dadas...).
- ◆ Improvisación de movementos como resposta a diferentes estímulos sonoros e busca de sons que acompañen movementos predeterminados, atendendo á velocidade.
- ◆ Sonorización de situacións, relatos breves... empregando sons vocais, obxectos e instrumentos.
- ◆ Confianza e seguridade progresivas nas propias posibilidades de produción musical.
- ◆ Valoración da atención, da escoita e do respecto nas interpretacións propias e alleas.
- ◆ Interese e respecto polas obras musicais e polas persoas que as compoñen.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Percibir algunhas calidades e características de instrumentos presentes no contorno natural e artificial como resultado dunha exploración lúdica e sensorial, e recoñecer neles algunhas posibilidades de transformación artística. Trátase de comprobar se, despois de realizar unha manipulación lúdica e unha exploración sensorial de materiais, de obxectos e de instrumentos do contorno, as nenas e os nenos son capaces de nomear algunhas das súas principais calidades sonoras (intensidade, duración...), verbalizar as súas impresións e describir sinxelamente o descuberto.
- Usar termos sinxelos para comentar as obras musicais escoitadas.
- Preténdese valorar a capacidade para identificar e describir algunhas das características máis evidentes en distintas obras musicais e para expresar as ideas e os sentimentos que estas suscitan. Así mesmo, valorarase a actitude positiva e de respecto cara ás opinións das outras persoas.
- Identificar e expresar, a través de diferentes linguaxes, algúns dos elementos (velocidade, voces, instrumentos) dunha obra musical. Con este criterio trátase de comprobar se as nenas e os nenos son quen de recoñecer os componentes nunha obra musical e de representalos a través do movemento, da elaboración de debuxos ou da linguaxe verbal.
- Reproducir patróns de movemento, esquemas rítmicos e melódicos coa voz, co corpo, cos obxectos sonoros e cos instrumentos. Valorarase a capacidade de atención e de retención a curto prazo de mensaxes sonoras e corporais e o emprego das técnicas necesarias para a súa interpretación. Así mesmo, comprobarase a capacidade de desposta a estímulos sensoriais e a naturalidade espontánea e mais a expresividade na reprodución.
- Seleccionar e combinar sons producidos pola voz, polo corpo, polos obxectos e polos instrumentos para sonorizar relatos ou imaxes entre varios dados. Trátase de comprobar se son capaces de usar os datos obtidos na exploración sonora para sonorizar unha imaxe, conto ou

situación, seleccionando os sons máis axeitados e combinándoos de forma apropiada para lograr o efecto desexado, utilizando a imaxinación e propondo solucións orixinais.

COMPETENCIAS

Competencia en comunicación lingüística

- Valorar a obra artística.
- Buscar a orixinalidade narrativa e formal.
- Obter información relevante e suficiente a partir da observación.
- Describir procesos de traballo e argumentación de solucións.
- Desenvolver capacidades relacionadas coa fala, como a respiración, a dicción e a articulación.
- Adquirir un vocabulario específico da área.
- Xerar intercambios comunicativos.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

- Aproveitar a información xestual ofrecida polo contorno humano e modélico.
- Explorar de maneira sensorial os espazos.
- Tomar conciencia da importancia de contribuír a preservar un contorno físico agradable e saudable.
- Utilizar o medio como pretexto para a creación artística.
- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.
- Apreciar o contorno a través de sons, texturas, etc., presentes na natureza e nas obras realizadas polo home.

Competencia matemática

- Seleccionar as técnicas adecuadas para calcular os pulsos.

Tratamento da información e competencia dixital

- Buscar, seleccionar e intercambiar información sobre manifestacións artísticas para o seu coñecemento e gozo.
- Usar a tecnoloxía para mostrar procesos relacionados coa música.

Competencia social e cidadá

- Indagar e planificar procesos.
- Coidar e conservar materiais e instrumentos.
- Ter flexibilidade ante un mesmo suposto.
- Traballar en equipo cooperando e asumindo responsabilidades.
- Aplicar técnicas concretas e utilizar os espazos de maneira apropiada.
- Seguir as normas e as instrucións dadas.
- Expresarse buscando o acordo con actitude de respecto, de aceptación e de entendemento.

Competencia cultural e artística

- Ter interese polo coñecemento dos materiais.
- Coñecer diferentes códigos artísticos.
- Facilitar a expresión e a comunicación.
- Coñecer, valorar e manter unha actitude crítica ante as manifestacións culturais e artísticas.

- Promover a iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
- Apoiar e apreciar as iniciativas e as contribucións alleas.

Competencia para aprender a aprender

- Ter curiosidade respecto do resultado final dunha actividade manipulativa.
- Valorar o potencial creativo contido nas formas sinxelas.
- Indagar e planificar procesos.
- Esforzarse por alcanzar resultados orixinais.
- Observar co obxecto de adquirir información relevante e suficiente.
- Reflexionar sobre os procesos na exploración sensorial de sons.
- Utilizar os coñecementos adquiridos en situacións diferentes.

Autonomía e iniciativa persoal

- Desenvolver iniciativas e solucións diversas.
- Favorecer a creatividade levando a cabo iniciativas e barallando diferentes posibilidades.
- Fomentar a orixinalidade e a busca de novas formas innovadoras no proceso creativo.
- Elixir os recursos tendo en conta a intencionalidade expresiva do que se desexa lograr.
- Planificar o proceso creativo e esforzarse por alcanzar resultados orixinais.
- Adquirir coñecementos e buscar solucións a partir da exploración e da indagación.

EDUCACIÓN FÍSICA

OBXECTIVOS

- ⤴ Recoñecer cada unha das partes do corpo e o seu carácter global.
- ⤴ Interiorizar a mobilidade, tanto do eixe corporal como dos diferentes segmentos en posicións diferentes.
- ⤴ Incrementar o coñecemento das posibilidades corporais, e desenvolvelas e enriquecelas en función das relacións cos demais e co contorno.
- ⤴ Consolidar a lateralidade.
- ⤴ Valorar o propio corpo e a actividade física.
- ⤴ Desenvolver as posibilidades de control postural e respiratorio.
- ⤴ Progresar na consolidación de hábitos hixiénicos, alimentarios, posturais, de exercicio físico e saudables en xeral.
- ⤴ Desenvolver unha actitude responsable cara ao propio corpo e cara ao dos demais.
- ⤴ Adecuar o propio movemento no espazo en función do movemento colectivo.
- ⤴ Sincronizar o movemento corporal con estruturas rítmicas sinxelas e colectivas.
- ⤴ Tomar conciencia do espazo no que se vive, desprazarse por el en todas as direccións e utilizando nocións topolóxicas básicas.
- ⤴ Percibir con precisión as distancias e os obstáculos en percorridos cada vez mais complexos.
- ⤴ Valorar o interese e o esforzo persoal por encima do éxito ou dos resultados obtidos.
- ⤴ Dosificar o esforzo a teor da natureza da tarefa que se realiza.

- ⤴ Participar con agrado na actividade física, independentemente da súa capacidade.
- ⤴ Desenvolver a creatividade interpretativa mediante a actividade física e a expresión corporal.
- ⤴ Reproducir estruturas rítmicas a través do movemento corporal.
- ⤴ Mostrar a desinhibición e a seguridade en si mesmo, necesarias para expresarse corporalmente.
- ⤴ Participar en xogos e actividades físicas colectivas.
- ⤴ Relacionarse cos demais, compartir xogos e actividades físicas, e respectar as normas e regras que os rexen.
- ⤴ Evitar comportamentos agresivos e actitudes violentas nos xogos e nas actividades físicas comp
- ⤴ Participar en actividades físicas e deportivas organizadas no centro.
- ⤴ Utilizar de forma adecuada e respectuosa o material co que se realizan as actividades físicas e deportivas, coidar o espazo onde se desenvolven.
- ⤴ Coñecer e practicar actividades físicas do seu contorno habitual.

CONTIDOS

Bloque 1. O corpo: Imaxe e percepción

- Posibilidades sensoriais. Exploración e discriminación das sensacións.
- Toma de conciencia do propio Corpo en relación coa tensión, a relaxación e a respiración.
- Experimentación de posturas corporais diferentes.
- Afirmación da lateralidade.
- Experimentación de situacións de equilibrio e desequilibrio.

-Nocións asociadas a relacións espaciais e temporais. Percepción espacio-temporal.

-Aceptación da proia realidade corporal.

Bloque 2. Habilidades motrices

-Formas e posibilidades de movemento. Experimentación de diferentes formas de execución e control das habilidades motrices básicas.

-Resolución de problemas motores sinxelos.

-Disposición favorable a participar en actividades diversas aceptando a existencia de diferencias no nivel de habilidade.

Bloque 3. Actividades físicas artístico-expresivas

-Descubrimento e exploración das posibilidades expresivas do Corpo e do movemento.

-Sincronización do movemento con pulsacións e estruturas rítmicas sinxelas.

-Exteriorización de emocións e sentimentos a través do Corpo, o xesto e o movemento.

-Imitacións de persoaxes, obxectos e situacións.

-Disfrute mediante a expresión a través do propio corpo.

-Posibilidades expresivas con obxectos e materiais.

-Participación en situacións que supoñan comunicación corporal. Recoñecemento e respeto polas diferencias no modo de expresarse.

Bloque 4. Actividade física e saúde

-Adquisición de hábitos básicos de hixiene corporal, alimentarios e posturais relacionados coa actividade física.

-Relación da actividade física co benestar.

-Movilidade corporal orientada a saúde.

-Respeto das normas do uso de materiais e espazos na práctica de actividade física.

Bloque 5. Xogos e actividades deportivas

-O xogo como actividade común a tódalas culturas. Realización de xogos libres e organizados.

-Descubrimento da cooperación e a oposición con relación as regras do xogo. Aceptación de distintos roles no xogo.

-Recoñecemento e valoración hacia as persoas que participan no xogo.

-Comprensión e cumprimento das normas do xogo.

-Confianza nas propias posibilidades e esforzo persoal nos xogos.

-Valoración do xogo como medio de disfrute e de relación cos demais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñece, sinala e utiliza as distintas partes do seu corpo.

- Axusta os seus movementos corporais a diferentes cambios nas condicións dunha actividade: intensidade, duración e espazo no que se desenvolve.

- Leva a cabo suxestións rítmicas sinxelas.

- Realiza movementos coas pernas, alterna os botes de forma consciente e voluntaria, e axusta a postura e o equilibrio corporal á actividade lúdica.

- Axusta os desprazamentos ao tempo e ao espazo en calquera tipo de xogo, coordina a acción brazos-pernas en distintas direccións, tanto na marcha como na carreira.

- Coñece e executa distintos tipos de xiros nos diferentes eixes corporais.

- Posúe o adecuado axuste corporal e a necesaria coordinación motora no lanzamento de obxectos, execútao de forma espontánea.
- Percibe a traxectoria dos obxectos en voo e leva a cabo accións motoras de anticipación para o seu control.
- Fai botar e rebotar pelotas de distintos tamaños con ambas as dúas mans de forma alternativa, tanto en desprazamentos sinxelos como parados.
- Entende a existencia da linguaxe corporal e é capaz de utilizar adecuadamente os seus recursos expresivos para comunicarse.
- Axusta as súas posibilidades físicas e a súa capacidade de movemento á participación en xogos e en actividades físicas.
- Coñece os beneficios da práctica de actividades físicas e do exercicio, e é capaz de establecer relacións básicas entre o exercicio físico e a saúde.
- Prescinde dos resultados que se produzan nos diferentes xogos e nas diferentes competicións e dá maior importancia ao feito de participar na actividade física, e acepta a todos os participantes.
- Participa de forma activa en todas as actividades físicas con atención e interese e respecta as regras que rexen as actividades físicas e o xogo.
- Utiliza de forma adecuada materiais e espazos onde se desenvolven actividades físicas.

COMPETENCIAS

Competencia en comunicación lingüística

- Expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións.
- Xerar ideas, estruturar o coñecemento.
- Adaptar a comunicación ao contexto.
- Obter gran variedade de intercambios comunicativos nas actividades físico lúdicas.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

- Interactuar co mundo físico, tanto nos aspectos naturais coma nos xerados pola acción humán.
- Interactuar co espazo circundante: moverse nel e resolver problemas nos que intervenían os obxetos e a súa posición.
- Adoptar unha disposición a unha vida física saudable nun entorno natural e social tamen saudable.
- Usar responsablemente os recursos naturais, o cuidado do medio ambiente,o consumo racional e responsable e a protección da saúde individual e colectiva.

Competencia matemática

- Realizar medicións.

Tratamento da información e competencia dixital

- Utilizar as novas tecnoloxias como ferramenta para conseguir obxetivos e fins de aprendizaxe, traballo e ocio previamente establecidos.

Competencia social e cidadá

- Participar,tomar decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións
- Responsabilizarse das eleccións e decisións adoptadas
- Resolver os conflitos con actitude constructiva
- Expresar as propias ideas e escoltar as alleas.

Competencia cultural e artística

- Poñer en funcionamento a iniciativa, a imaginación e a creatividade para expresarse mediante códigos artísticos.

Competencia para aprender a aprender

-Ser consciente do que se pode facer por un mesmo e do que se pode facer coa axuda dos demais.

-Aumentar progresivamente a seguridade para afrontar novos retos de aprendizaxe.

-Aplicar os novos coñecementos e capacidades en situacións parecidas e contextos diversos.

Autonomía e iniciativa persoal

-Responsabilidade

-Coñecemento de si mesmo

-Autoestima

-Elexir, calcular riscos e afrontar os problemas

-Analizar posibilidades e limitacións.

-Espírito de superación.

2º CICLO:

OBXECTIVOS

COÑECEMENTO DO MEDIO NATURAL , SOCIAL E CULTURAL

- ✦ Apreciar a importancia dos valores básicos que rexen a vida dos grupos e das comunidades e actuar conforme a estes, considerando e respectando a diversidade.
- ✦ Valorar o traballo do grupo desenvolvendo actitudes de cooperación e de responsabilidade ante as tarefas que lle correspondan.
- ✦ Actuar con autonomía e iniciativa persoal nas actividades habituais e nas relacións de grupo.
- ✦ Respectar os puntos de vista e os intereses doutros membros do grupo.

- ⤴ Apreciar e valorar as diferenzas de tipo social, rexeitando calquera tipo de discriminación, e establecer relacións equilibradas e construtivas coas persoas do seu contorno cotián.
- ⤴ Comprender e producir mensaxes orais e escritos atendendo a diferentes intencións comunicativas e desenvolver hábitos de lectura.
- ⤴ Adquirir os fundamentos léxicos e estruturais para a aprendizaxe dunha ou varias linguas estranxeiras.
- ⤴ Desenvolver procedementos de recolla e representación da información útiles para a resolución de problemas sinxelos.
- ⤴ Recoñecer os coñecementos e recursos materiais dispoñibles útiles para a resolución de problemas propios da vida cotiá.
- ⤴ Comprender e establecer relacións entre feitos e fenómenos do contorno natural e social de Galicia, e coñecer as posibilidades individuais e de grupo de contribución á protección e mellora do medio.
- ⤴ Familiarizarse co emprego das novas tecnoloxías como medio para recibir e transmitir información .
- ⤴ Desenvolver a sensibilidade estética e a capacidade para gozar das obras e manifestacións artísticas.
- ⤴ Usar os distintos medios de expresión (verbal, visual, plástica, musical e matemática) de xeito individual ou integrada, desenvolvendo habilidades creativas e de razoamento.
- ⤴ Procurar o benestar persoal, desenvolvendo hábitos de saúde e hixiene que contribúan a un desenvolvemento óptimo.
- ⤴ Valorar o contorno natural e desenvolver hábitos e actitudes que contribúan ao seu coidado
- ⤴ Desenvolver actitudes favorables á igualdade de oportunidades para todas as persoas independentemente do seu sexo, raza ou nacionalidade.
- ⤴ Apreciar a importancia das normas de seguridade viaria para a nosa integridade física e a dos demais.

LINGUA GALEGA

- ✧ Valorar e estimar a lingua de Galicia, facendo uso dela con normalidade en todas as situacións comunicativas, adoptando unha actitude respectuosa ante as intervencións dos outros interlocutores.
- ✧ Comprender oralmente e por escrito diferentes tipos de mensaxes, de acordo coas necesidades da súa idade, relacionándoas coas súas experiencias e aplicándoas aos novos procesos de aprendizaxe.
- ✧ Expresarse oralmente e por escrito na nosa lingua con coherencia, corrección e creatividade.
- ✧ Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística do Estado, respectando as peculiaridades dos diferentes rexistros e variedades lingüísticas presentes en Galicia, e valorando a súa existencia como contribución enriquecedora.
- ✧ Utilizar harmonicamente todos os recursos expresivos, tanto lingüísticos coma non lingüísticos, na comunicación directa con outras persoas.
- ✧ Ler con fluidez e comprensión, valorando a lectura como fonte de pracer, diversión e aventura, atopando nela unha canle de formación, información, ampliación de experiencias e un medio de recuperación, perfeccionamento e enriquecemento da lingua.
- ✧ Construír a través do emprego da lingua a propia personalidade, desenvolvendo a sensibilidade estética e exercitando a creatividade.
- ✧ Utilizar a linguaxe oral e escrita como instrumento para a comprensión, análise e organización de feitos e saberes de calquera tipo.
- ✧ Coñecer e utilizar o léxico adecuado ás necesidades comunicativas e de aprendizaxe desta idade, rexeitando as expresións que comporten calquera tipo de discriminación ou resulten de calquera xeito atentatorias contra a dignidade e os dereitos da persoa.

- ⤴ Coñecer e diferenciar as linguaxes e os soportes dos diferentes medios de comunicación, razoando a súa importancia na configuración das preferencias e das opinións persoais.

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

- ⤴ Comprender mensaxes orais e escritas e outras construídas con signos de diferentes códigos, en diversos contextos e situacións, interpretándoas con actitude crítica e ser capaz de aplicar a súa comprensión a novas situacións de aprendizaxe.
- ⤴ Construír mensaxes e expresarse oralmente e por escrito de forma coherente, tendo en conta as características das diferentes situacións de comunicación, os aspectos normativos da lingua, utilizando o léxico axeitado e potenciando o uso creativo da lingua e o desenvolvemento gradual dun estilo propio.
- ⤴ Utilizar a lingua para relacionarse e expresarse de xeito adecuado na actividade social e cultura, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e controlar a propia conduta.
- ⤴ Utilizar, en situacións relacionadas coa escola e a súa actividade, as diversas clases de escritos mediante os que se produce a comunicación coas institucións públicas ou privadas.
- ⤴ Usar os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información e a comunicación, para obter, interpretar e valorar informacións e opinións diferentes.
- ⤴ Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar tanto para buscar, recoller e procesar información, coma para escribir textos propios do ámbito académico.

- ✧ Comprender textos literarios de xéneros diversos axeitados en canto a temática e complexidade e iniciarse nos coñecementos das convencións específicas da linguaxe literaria.
- ✧ Utilizar e combinar recursos expresivos lingüísticos e non lingüísticos para producir e interpretar mensaxes con diferentes intencións comunicativas co obxecto de desenvolver as actitudes de desinhibición e interacción afectiva, a capacidade de comprensión crítica e a liberdade e riqueza de expresión.
- ✧ Ler con fluidez, desenvolver o pracer de ler e utilizar a lectura como fonte de información, de diversión e de aprendizaxe e como medio de perfeccionamento e enriquecemento lingüístico e persoal, e aproximarse a obras relevantes da tradición literaria para desenvolver hábitos de lectura.
- ✧ Explorar as posibilidades expresivas orais e escritas da lingua para desenvolver a propia personalidade e a sensibilidade estética, buscando canles de comunicación creativas no uso autónomo e persoal da linguaxe.
- ✧ Valorar a realidade plurilingüe de España como mostra de riqueza cultural.
- ✧ Reflexionar sobre o uso da lingua, comezando a establecer relacións entre os aspectos formais e os contextos e intencións comunicativas aos que responden, para mellorar as propias producións.
- ✧ Coñecer os diferentes usos sociais das linguas, analizando o seu emprego como vehículo de valores e prexuizos clasistas, racistas, sexistas, etc., co fin de introducir as autocorreccións pertinentes.
- ✧ Utilizar a lingua como instrumento de aprendizaxe e planificación da actividade, mediante recursos (discusión, esquema, guión, resumo, nota, etc.) que facilitan a elaboración e anticipación de alternativas de acción, a memorización de informacións e a recapitulación e revisión do proceso seguido, así como a comprensión da realidade e o desenvolvemento.

LINGUA INGLESA

- ⤴ Escoar e comprender mensaxes en interaccións verbais variadas.
- ⤴ Expresarse e interactuar oralmente en situacións habituais que teñan un contido e desenvolvemento coñecidos, utilizando procedementos verbais e non verbais e adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- ⤴ Escribir textos diversos con finalidades variadas sobre temas previamente tratados na aula e coa axuda de modelos.
- ⤴ Ler de xeito comprensivo textos diversos, extraendo información xeral e específica de acordo cunha finalidade previa.
- ⤴ Aprender a usar as TIC, para obter información e para comunicarse en lingua estranxeira.
- ⤴ Valorar a lingua estranxeira como medio de comunicación e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.
- ⤴ Manifestar unha actitude receptiva, interesada de uso da lingua estranxeira.
- ⤴ Identificar aspectos fonéticos, de ritmo, de acentuación e de entoación

MATEMÁTICAS

- ⤴ Utilizar o coñecemento matemático para comprender, interpretar, valorar e producir mensaxes orais e escritos sobre feitos e situacións da vida cotiá e recoñecer o seu carácter instrumental para outros campos de coñecemento.
- ⤴ Recoñecer no seu contorno situacións e problemas nos que se requiran operacións elementais de cálculo, de xeometría e de lóxica, formulándoos empregando a linguaxe matemática e resolvelos mediante os algoritmos correspondentes, valorar o sentido dos resultados e explicar oralmente e por escrito os procesos seguidos.

- ⤴ Apreciar o papel das matemáticas na vida cotiá, gozar co seu uso e recoñecer o valor de actitudes como a confianza nas súas propias capacidades para afrontar os problemas, a exploración de distintas alternativas, a conveniencia da precisión ou a perseveranza na busca de solucións e apreciar o que de positivo teñen o erros cometidos.
- ⤴ Coñecer, valorar e adquirir seguridade nas propias habilidades matemáticas para afrontar situacións diversas, que permitan gozar dos aspectos creativos, estéticos ou utilitarios e confiar nas súas posibilidades de uso.
- ⤴ Elaborar e utilizar estratexias persoais de aproximación e cálculo mental, de estimación e orientación espacial para a resolución de problemas elementais, modificándoas se fose necesario.
- ⤴ Utilizar de forma axeitada os medios tecnolóxicos tanto no cálculo coma na busca, tratamento e representación de informacións diversas.
- ⤴ Valorar a importancia do sistema métrico decimal como sistema de medida utilizado internacionalmente, tendo en conta a pertinencia e as vantaxes que implica o seu uso e sometendo os resultados a unha revisión sistemática.
- ⤴ Identificar formas xeométricas no seu contorno e ser capaz de expresalo con claridade, utilizando o coñecemento dos seus elementos e propiedades para incrementar a súa comprensión e desenvolver novas posibilidades de acción no devandito contorno.
- ⤴ Utilizar técnicas elementais de recollida de datos para obter información sobre fenómenos e situacións do contorno, representándoas de forma gráfica e numérica, e formarse un xuízo sobre eles.
- ⤴ Conseguir empregar habitualmente códigos e sistemas de numeración, e utilizar axeitadamente as operacións elementais para resolver problemas da vida cotiá.

EDUCACIÓN ARTÍSTICA

PLÁSTICA

- ✦ Aplicar os coñecementos artísticos na observación e a análise de situacións e obxectos da realidade cotiá e de diferentes manifestacións do mundo da arte e a cultura para comprendelos mellor e formar un gusto propio.
- ✦ Manter unha actitude de busca persoal e colectiva, articulando a percepción, a imaxinación, a indagación e a sensibilidade e reflexionando á hora de realizar e gozar de diferentes producións artísticas.
- ✦ Coñecer e valorar diferentes manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutros pobos, colaborando na conservación e renovación das formas de expresión locais e estimando o enriquecemento que supón o intercambio con persoas de diferentes culturas que comparten un mesmo contorno.
- ✦ Desenvolver unha relación de auto confianza coa produción artística persoal, respectando as creacións propias e as dos outros e sabendo recibir e expresar críticas e opinións.
- ✦ Realizar producións artísticas de forma cooperativa, asumindo distintas funcións e colaborando na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un produto final satisfactorio.

MÚSICA

- ✦ Desenvolver a sensibilidade estética para promover, emocións, sentimentos e vivencias.
- ✦ Formar o sentido estético persoal para apreciar elementos das artes; desenvolver o xuízo crítico ante obras artísticas e autores.

- ⤴ Indagar nas posibilidades do son e do movemento como elementos de comunicación e utilízalas para expresar ideas e sentimentos para ao equilibrio afectivo.
- ⤴ Explorar e coñecer materiais e adquirir códigos e técnicas específicas da linguaxe artística.
- ⤴ Aplicar os coñecementos artísticos na observación e na análise de situacións e de obxectos da realidade cotiá para formar un gusto propio.
- ⤴ Manter unha actitude de busca persoal e colectiva, articulando a percepción, a imaxinación, a indagación e a sensibilidade e reflexionando á hora de realizar e desfrutar de diferentes producións artísticas.
- ⤴ Recoñecer que o arte e a cultura son fonte de coñecemento, realizadas por homes e por mulleres e reflicten a súa experiencia.
- ⤴ Coñecer posibilidades dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación en que interveñen o son.
- ⤴ Valorar e compartir manifestacións artísticas do patrimonio cultural galego.
- ⤴ Coñecer e valorar diferentes manifestacións artísticas do patrimonio cultural doutros pobos, estimando o enriquecemento que supón o intercambio con persoas de diferentes culturas que comparten un mesmo contorno.
- ⤴ Desenvolver unha relación de autoconfianza coa produción artística persoal, respectando as creacións propias e as das outras persoas.
- ⤴ Participar activamente en producións artísticas asumindo distintas funcións de forma cooperativa.
- ⤴ Coñecer algunhas das profesións dos ámbitos artísticos e desfrutar como público na observación e recreación das súas propias producións.
- ⤴ Valorar no contorno próximo as intervencións artísticas que contribúan a mellorar a calidade de vida.

EDUCACIÓN FÍSICA

- ⤴ Recoñecer cada unha das partes do corpo e o seu carácter global.
- ⤴ Interiorizar a mobilidade, tanto do eixe corporal como dos diferentes segmentos en posicións diferentes.
- ⤴ Incrementar o coñecemento das posibilidades corporais, e desenvolvelas e enriquecelas en función das relacións cos demais e a contorna.
- ⤴ Consolidar a lateralidade.
- ⤴ Valorar o propio corpo e a actividade física.
- ⤴ Desenvolver as posibilidades de control na postura e respiratorio.
- ⤴ Consolidar hábitos hixiénicos, alimentarios, da postura e de exercicio físico saudables.
- ⤴ Desenvolver hábitos para a prevención de accidentes.
- ⤴ Adecuar o movemento ao espazo, individual e colectivamente.
- ⤴ Sincronizar o movemento corporal con estruturas rítmicas sinxelas, individual e colectivamente.
- ⤴ Desenvolver a destreza visio-manual.
- ⤴ Desenvolver a mobilidade corporal, independendizando segmentos superiores e inferiores do eixe corporal.
- ⤴ Tomar conciencia do espazo no que se vive, desprazándose por el en todas direccións e utilizando nocións topolóxicas básicas.
- ⤴ Percibir con precisión as distancias e os obstáculos en percorridos cada vez máis complexos.
- ⤴ Utilizar un repertorio motor axeitado para a resolución de problemas que impliquen unha correcta percepción espazo-temporal.

- ⤴ Valorar o interese e o esforzo persoal por enriba do éxito ou dos resultados obtidos.
- ⤴ Dosificar o esforzo a teor da natureza da tarefa que se realiza.
- ⤴ Participar con agrado na actividade física, independentemente da súa capacidade.
- ⤴ Desenvolver a creatividade interpretativa mediante a actividade física e a expresión corporal.
- ⤴ Reproducir estruturas rítmicas a través do movemento corporal.
- ⤴ Mostrar a desinhibición e a seguridade en si mesmo, necesarias para expresarse corporalmente.
- ⤴ Practicar ritmos e bailes populares disociando diferentes segmentos corporais.
- ⤴ Participar en xogos e actividades físicas colectivas.
- ⤴ Relacionarse cos demais, compartir xogos e actividades físicas, e respectar as normas e as regras que os rexen.
- ⤴ Evitar comportamentos agresivos e actitudes violentas nos xogos e actividades físicas competitivas.
- ⤴ Aceptar con agrado o papel que lle corresponde desempeñar en calquera tipo de xogo.
- ⤴ Participar en actividades físicas e deportivas organizadas no centro.
- ⤴ Utilizar de forma axeitada e respectuosa o material co que se realizan as actividades físicas e deportivas, coidando o espazo onde se desenvolven.
- ⤴ Colaborar na organización de diferentes actividades físicas e deportivas, ocupándose de dispoñer o material necesario para a súa realización.

CONTIDOS

COÑECEMENTO DO MEDIO NATURAL E SOCIAL

Bloque 1. Os seres humanos e a saúde.

- Recoñecemento dos cambios físicos e persoais nas diferentes etapas da vida das persoas.
- Identificación das partes externas do corpo e algúns órganos importantes.
- Valoración da importancia dos sentidos na relación co medio e co resto dos seres humanos. Descrición do seu papel e formas para o seu coidado habitual.
- Valoración dos hábitos de hixiene persoal, de descanso, de alimentación equilibrada e de exercicio físico adecuado para unha vida saudable. Actitude crítica ante prácticas e mensaxes que non favorecen o correcto desenvolvemento persoal e da saúde.
- Recoñecemento dalgúns factores que producen as enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe) para favorecer a súa prevención.
- Análise de dietas equilibradas. Clasificación dos alimentos en función dos nutrientes principais .
- Recoñecemento e valoración das habilidades persoais. Identificación e descrición de emocións e sentimentos propios e alleos.
- Planificación de forma autónoma e creativa de actividades de lecer, individuais ou colectivas.

Bloque 2. *As plantas e os animais.*

- Identificación de animais e de plantas como seres vivos.

Observación e comparación das diversas maneiras en que os seres vivos realizan as funcións vitais .

- Identificación de cambios observables que se producen nos seres vivos e na natureza ao longo do ano. Observación e rexistro sistemático do crecemento de plantas e animais do contorno próximo. Elaboración de esquemas que permitan resumir as informacións observadas.
- Recoñecemento das principais características dos animais vertebrados e dalgúns invertebrados. Clasificación de animais a partir de características observables.
- Recoñecemento das características das plantas. Clasificación das plantas (herbas, arbustos e árbores) a partir de características observables.
- Valoración da importancia da existencia de animais e plantas para as persoas: a agricultura e a gandaría. Identificación dalgúns animais e cultivos típicos de Galicia.
- Interese pola observación e o estudo dos seres vivos, planificando a observación ou preparando visitas-saídas,
- Interese e compromiso pola conservación e coidado de plantas e animais do contorno.

Bloque 3. *A vida en sociedade.*

- Identificación da comunidade educativa. Recoñecemento e uso das canles de participación democrática activa na vida e nas actividades do centro.

- Identificación das relacións interpersoais presentes nun grupo ou nunha comunidade (veciñanza, compañeirismo), e valoración da cooperación e do diálogo como forma de construír plans comúns e de evitar e resolver conflitos.

Recoñecemento dos dereitos e deberes das persoas. Responsabilidade ante a elaboración e o cumprimento das normas de convivencia.

- Identificación das manifestacións culturais do contorno, recoñecendo a súa evolución no tempo e valorándoas como elementos de cohesión social. Recoñecemento de costumes, de tradicións e de trazos diferenciais do patrimonio galego.

- Participación activa en festas, xogos e costumes populares propios da bisbarra e de Galicia.

- Planificación de xeito autónomo e creativo de actividades de lecer individuais e colectivas.

- Observación, identificación e descrición dalgunhas características demográficas e económicas do contorno propio.

- Identificación das formas da actividade económica do contorno próximo (traballo, profesións, produción): observación e análise de produtos de consumo habitual no contorno e dos lugares da súa comercialización (mercados, lonxas, feiras, supermercados, tendas), seguimento do proceso de elaboración dun produto e das profesións relacionadas.

- Desenvolvemento de actitudes de consumo responsable e comercio xusto.

- Identificación da organización do concello propio. Valoración da participación cidadá e da contribución ao funcionamento das institucións.

- Recoñecemento dos referentes colectivos que manteñen a identidade da propia aldea, parroquia, vila, barrio, cidade, área metropolitana (símbolos, lugares de interese, monumentos emblemáticos, personaxes, institucións, tradicións, nomes das rúas e prazas...).

- Localización da propia aldea, concello, cidade e doutras agrupacións de poboación nun mapa da provincia, de Galicia, de España, etc., ou noutros medios (SIGPAC, Google Earth...).

- Identificación dos servizos públicos do concello, vila, localidade... para satisfacer as necesidades humanas.. Recoñecemento e prevención de situacións que poden comportar risco, especialmente as relativas á mobilidade viaria.

- Utilización de diversas fontes de información (libros, documentos, información oral, medios de comunicación, TIC) para a obtención, selección e contraste de información sobre aspectos da realidade local, municipal e galega e comunicación dela a través de diferentes soportes (visuais, auditivos, dixitais, escritos...) elaborados individual ou colectivamente, valorando o seu contido e a súa presentación.

- Identificación da organización territorial de Galicia e do Estado español e localización das diferentes comunidades autónomas de España.

Aproximación ao coñecemento dalgunhas institucións de goberno galegas.

Bloque 4. O medio físico: espazo e materiais.

- Utilización de técnicas de orientación no espazo relacionadas cos puntos cardinais.
- Recoñecemento e uso de aspectos básicos (cromatografía, signos convencionais, lendas) que lle permitan ao alumnado, de xeito elemental, situarse no lugar onde vive a través da lectura de mapas e planos.
- Iniciación ao uso de planos e mapas da aldea, vila, localidade, cidade.
- Identificación dalgúns elementos xeográficos e do relevo do contorno (montañas, ríos, rías, lagoas). Confección de maquetas despois da observación directa da paisaxe.
- Observación e descrición de diferentes tipos de paisaxe. Análise dos cambios que a influencia humana provoca na paisaxe a curto e a longo prazo.
- Valoración da necesidade da conservación do patrimonio (paisaxe, bosques, montañas, praias, monumentos) e das actuacións responsables de defensa e respecto cara ao contorno.
- Elaboración de cartafol ou carpetas en ordenador sobre lugares, paisaxes, o relevo galego, vilas, Galicia ou lugares do mundo, usando fotos, recortes de xornal, deseños, esquemas, artigos e textos expositivos.
- Observación dalgúns variables meteorolóxicas: temperatura, vento, precipitacións. Uso de aparellos meteorolóxicos (termómetro, catavento...) e iniciación ao rexistro e representación gráfica de temperatura e datos climáticos elementais. Comparación cos datos meteorolóxicos achegados polos medios de comunicación.

- Realización guiada de experiencias sinxelas para estudar as propiedades dalgúns aspectos do medio físico próximo, partindo dunha pregunta ou problema de interese para o alumnado (formulando respostas intuitivas ou hipóteses, confrontándoas co resto da clase, planificando conxuntamente o proceso de comprobación.
- Recoñecemento dos movementos da Terra e da Lúa e as súas consecuencias(as estacións).
- Comparación, clasificación e ordenación de diferentes obxectos e materiais a partir de propiedades físicas observables (estado, volume, cor, textura,olor, atracción magnética), orixe deses obxectos e posibilidades de uso.
- Experimentación cos cambios de estado da auga. Recoñecemento e representación gráfica do ciclo da auga na terra. Valoración dos usos sociais da auga (vivenda, regadío, industria...) e da importancia da súa utilización responsable.
- Identificación das características e propiedades do aire e das actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.
- Valoración da importancia da boa calidade da auga e do aire para a nosa saúde e o mantemento da vida.
- Comprobación experimental para a análise e identificación de forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou se deformen.
- Observación da intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá. Identificación do sol e da auga como fontes de enerxía. Valoración do uso responsable da enerxía no noso planeta. Recoñecemento da responsabilidade individual e colectiva no aforro enerxético.

- Busca de información en fontes variadas sobre algúns problemas urbanísticos e ambientais máis comúns en Galicia e elaboración de murais coa información recollida.
- Reflexión sobre as posibles solucións e actuacións coherentes para a conservación do medio natural ante a produción de residuos e a contaminación.
- Identificación e preparación de mesturas de diferentes substancias relacionadas coa vida doméstica e do contorno (con zume, leite...)
- Realización de experiencias sinxelas sobre o comportamento dos corpos (lupas, espellos, auga, prismas) ante a luz.
- Planificación e realización de experiencias sinxelas para estudar as propiedades de materiais de uso común e o seu comportamento ante a calor facendo predicións explicativas sobre resultados.

Bloque 5. *O paso do tempo.*

- Utilización de unidades de medida temporal (década, século) e aplicación das nocións de sucesión, ordenación e simultaneidade na análise da evolución dalgún aspecto da vida cotiá ao longo do tempo (vivenda, transporte, vestuario, alimentación, xogos infantís, festas), diferenciando o tempo biolóxico do tempo histórico.
- Utilización de documentos escritos, dixitais e audiovisuais para obter información histórica, coa posterior selección e contraste da información, uso de técnicas de rexistro e representación e elaboración de distintos

traballos sobre o pasado familiar e próximo, comunicando a información con diversas estratexias.

- Recoñecemento e valoración do significado dalgunhas pegadas antigas no contorno (tradicións, edificios, obxectos, manifestacións artísticas).

Identificación dalgunhas evidencias do pasado no contorno propio (na aldea, na localidade, na vila, na cidade...): os vestixios e os museos.

- Aproximación a sociedades dalgunhas épocas históricas a partir do coñecemento de aspectos da vida cotiá.

- Identificación do papel de homes e mulleres na historia.

Realización de traballos sobre a historia de mulleres e homes (personaxes significativos da localidade, de Galicia...) empregando fontes variadas, confrontando datos e elaborando un esquema, un texto expositivo... coa información atopada e seleccionada.

- Realización de cronogramas para a clasificación de imaxes referentes a feitos relevantes da historia da localidade e de Galicia en diferentes épocas históricas. Elaboración de álbums ou preparación conxunta de exposicións.

- Utilización da información oral, da prensa e da internet para investigar feitos importantes ocorridos no contorno próximo nas últimas décadas ou no último século, uso de eixes cronolóxicos para representalos e elaboración de cartafoles, carpetas dixitais... Valoración do intercambio interxeracional de experiencias.

- Sensibilidade cara á conservación dos restos artístico-culturais presentes no propio contorno.

Bloque 6. Máquinas, aparellos e tecnoloxías.

- Realización de gráficos que relacionen oficios e profesións (modista-modisto, cociñeira-cociñeiro, albanel, etc.) cos materiais, ferramentas e máquinas (máquina de coser, tesoiras, forno, paleta...) que utilizan.
- Identificación da enerxía que fai funcionar as máquinas de uso cotián e doméstico e algúns operadores mecánicos (eixe, roda, polea, plano inclinado, engrenaxe, freo, panca, manivela, etc.).
- Manipulación e observación do funcionamento de obxectos, aparellos e máquinas sinxelas (bicicleta, xoguetes móbiles, tesoiras, rodas, manivelas, espremedor, batedor, reloxo, pinzas, culleres de xeado, inxeccións, triturador, alicate).
- Planificación dalgún obxecto ou máquina de construción sinxela incluíndo operadores mecánicos.
- Valoración da influencia da tecnoloxía nas condicións de vida e no traballo.
- Relevancia dos inventos de mulleres e homes e valoración da súa contribución á mellora das condicións de vida. Realización de traballos sobre inventoras e inventores utilizando fontes variadas de información.
- Apreciación da importancia das habilidades manuais implicadas no manexo de ferramentas, aparellos e máquinas de uso doméstico e non doméstico, superando estereotipos sexistas.
- Recoñecemento dos riscos que poden xerar diferentes aparellos e

ferramentas cotiás en función das súas características. Reflexión sobre a prevención de riscos e elaboración conxunta de folletos sobre as normas necesarias para previlos.

- Interese por coidar a presentación dos traballos en papel ou en soporte dixital.
- Uso das TIC de xeito cada vez máis autónomo para buscar información e para a súa comunicación, usando a nivel básico o tratamento de textos (titulación, formato, arquivo e recuperación dun texto, cambios, substitucións e impresión) e o seguimento dunha secuencia dada para atopar unha información na internet.

LINGUA GALEGA

Bloque 1. *Escoitar e falar.*

- Participación e cooperación nas situacións comunicativas habituais (expresión espontánea, asemblea, informacións, conversas reguladoras da convivencia, debates, discusións ou instrucións) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (petición e quendas de palabra, mantemento de tema, respecto ás opinións das demais persoas, papeis diverso no intercambio comunicativo, ton de voz, posturas e xestos adecuados).
- Comprensión e valoración de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos.

- Comprensión e produción de textos orais para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións na clase).
- Produción de textos orais para expresar ideas, sentimentos, emocións, desexos, opinións e vivencias, e para elaborar plans.
- Uso de estratexias elementais para comprender as mensaxes orais: ton de voz, entoación, xestualidade e formulación de preguntas coherentes.
- Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais.
- Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas (respecto das opcións de quen fala, non interrupcións inadecuadas, contacto visual).
- Escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos).
- Valoración e aprecio do texto literario oral galego como fonte de coñecemento da propia cultura e como recurso de desfrute persoal.
- Sensibilidade estética ante elementos imaxinativos, emotivos e creativos da literatura oral galega.
- Dramatización de situacións e de textos literarios diversos.
- Utilización de documentos audiovisuais para obter, seleccionar e relacionar informacións relevantes identificando, clasificando e comparando.
- Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.

- Interese por expresarse oralmente con claridade, exposición ordenada, pronuncia e entoación adecuadas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque 2. *Ler e escribir.*

- Comprensión de información relevante en textos de situacións cotiás de relación social, como correspondencia escolar, normas da clase, normas do comedor, normas do transporte, normas de uso da biblioteca ou regras de xogos.
- Comprensión de información xeral en textos procedentes de medios de comunicación social (incluídas webs infantís) con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, localizando informacións destacadas en portadas, titulares, subtítulos, entradas.
- Comprensión de información relevante en textos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica coma os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).
- Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes para aprender e contrastar información.
- Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia escolar, normas de convivencia, avisos, solicitudes, instrucións...) de acordo coas características propias destes xéneros.
- Composición de textos de información e de opinión característicos dos medios de comunicación social sobre acontecementos significativos,

con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, en situacións reais ou simuladas, así como nos SMS.

- Producción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descrições, explicacións...)
- Uso das estratexias de planificación, de textualización e de revisión como partes do proceso escritor.
- Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.
- Utilización de elementos gráficos e para textuais, con grao crecente de dificultade, para facilitar a comprensión (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía).
- Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de obras en galego adecuadas á idade e aos intereses das alumnas e dos alumnos.
- Introducción ás estratexias de control do proceso lector (anticipación, hipotetización, relectura...)
- Lectura guiada e expresiva de textos narrativos de literatura infantil galega, adaptacións de obras literarias clásicas e de literatura actual en diversos soportes.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas, co ritmo, pronuncia e a entoación adecuados.
- Recreación e composición de poemas e de relatos para comunicar

sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.

- Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e de reelaboración da información e dos coñecementos.
- Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.
- Valoración e aprecio do texto literario como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de desfrute persoal.
- Elaboración e reescritura de textos literarios (contos, cómics, poesías) e non literarios.
- Interese polo coidado e pola presentación dos textos escritos, así como atención ás normas ortográficas.
- Utilización de estratexias de resolución de dificultades léxicas e/ou ortográficas (uso de dicionarios variados en diversos soportes).
- Dramatización e lectura dramatizada de situacións e de textos diversos.
- Coñecemento do funcionamento da biblioteca do centro e participación en actividades literarias.
- Iniciación á creación dunha biblioteca persoal.
- Uso guiado de programas informáticos de procesamento de textos.
- Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación e das bibliotecas para obter información e modelos para a composición

escrita e para a lectura.

Bloque 3. *Reflexionar sobre a lingua.*

- Recoñecemento dos elementos do contexto comunicativo como factores que inciden na selección das formas orais ou escritas de intercambio comunicativo.
- Identificación de estruturas narrativas, descritivas, instrutivas e explicativas sinxelas para a comprensión e composición de textos.
- Recoñecemento das diferenzas máis relevantes entre lingua oral e escrita.
- Coñecemento das regras ortográficas, apreciando o seu valor social.
- Conciencia positiva da variedade lingüística existente no contexto escolar e social.
- Coñecemento da diversidade lingüística e valoración positiva desta riqueza.
- Comparación de textos orais e escritos producidos en diferentes variedades da lingua galega.
- Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición.
- Uso e definición intuitiva nas actividades de produción e de interpretación da terminoloxía seguinte: denominación dos textos traballados, enunciado, palabra e sílaba, xénero e número, determinantes, cuantificadores,

tempos verbais (pasado, presente, futuro).

- Identificación de palabras compostas e derivadas, de sinónimos e de antónimos en relación coa comprensión e coa produción de textos.
- Comparación de estruturas sintácticas elementais para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.
- Inserción e coordinación de oracións como instrumento na mellora da composición escrita.
- Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (adición, causa, oposición, contradición...) en relación coa composición de textos.
- Identificación funcional das modalidades oracionais declarativa, interrogativa e exhortativa.
- Identificación intuitiva de suxeito e de predicado e dalgúns papeis semánticos do suxeito (axente, paciente).

LINGUA CASTELÁ

Bloque 1. *Escoitar e falar.*

- Participación e cooperación nas situacións comunicativas habituais (expresión espontánea, asemblea, informacións, conversas reguladoras da convivencia, debates, discusións ou instrucións) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (petición e quendas de palabra, mantemento de tema, respecto ás opinións das demais persoas, papeis diversos no intercambio comunicativo, ton de voz, posturas e xestos

adecuados).

- Comprensión e valoración de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos.
- Comprensión e produción de textos orais para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións na clase).
- Produción de textos orais para expresar ideas, sentimentos, emocións, desexos, opinións e vivencias, e para elaborar plans.
- Uso de estratexias elementais para comprender as mensaxes orais: ton de voz, entoación, xestualidade e formulación de preguntas coherentes.
- Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais.
- Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas (respecto das opcións de quen fala, non interrupcións inadecuadas, contacto visual).
- Escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos).
- Valoración e aprecio do texto literario oral como fonte de coñecemento da cultura e como recurso de gozo persoal.
- Sensibilidade estética ante elementos imaxinativos, emotivos e creativos da literatura oral.

- Dramatización de situacións e de textos literarios diversos.
- Utilización de documentos audiovisuais para obter, seleccionar e relacionar informacións relevantes identificando, clasificando e comparando.
- Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.
- Interese por expresarse oralmente con claridade, exposición ordenada, pronuncia e entoación adecuadas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque 2. *Ler e escribir.*

- Comprensión de información relevante en textos de situacións cotiás de relación social, como correspondencia escolar, normas da clase, normas do comedor, normas do transporte, normas de uso da biblioteca ou regras de xogos.
- Comprensión de información xeral en textos procedentes de medios de comunicación social (incluídas webs infantís) con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, localizando informacións destacadas en portadas, titulares, subtítulos, entradas.
- Comprensión de información relevante en textos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).
- Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes para aprender e contrastar información identificando,

clasificando, comparando e interpretando.

- Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia escolar, normas de convivencia, avisos, solicitudes, instrucións...) de acordo coas características propias destes xéneros.
- Composición de textos de información e de opinión característicos dos medios de comunicación social sobre acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, en situacións reais ou simuladas, así como nos SMS.
- Producción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descriucións, explicacións...)
- Uso das estratexias de planificación, de textualización e de revisión como partes do proceso escritor.
- Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.
- Utilización de elementos gráficos e paratextuais, con grao crecente de dificultade, para facilitar a comprensión (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía).
- Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de obras adecuadas á idade e aos intereses das alumnas e dos alumnos.
- Introducción ás estratexias de control do proceso lector (anticipación, hipotetización, relectura...)
- Lectura guiada e expresiva de textos narrativos de literatura infantil,

adaptacións de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes.

- Comprensión, memorización e recitado de poemas, co ritmo, a pronuncia e a entoación adecuados.
- Recreación e composición de poemas e de relatos para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.
- Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e de reelaboración da información e dos coñecementos.
- Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.
- Valoración e aprecio do texto literario como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal.
- Elaboración e reescritura de textos literarios (contos, cómics, poesías) e non literarios.
- Interese polo coidado e pola presentación dos textos escritos, así como atención ás normas ortográficas.
- Utilización de estratexias de resolución de dificultades léxicas e/ou ortográficas (uso de dicionarios variados en diversos soportes).
- Dramatización e lectura dramatizada de situacións e de textos diversos.

- Coñecemento do funcionamento da biblioteca do centro e participación en actividades literarias.
- Iniciación á creación dunha biblioteca persoal.
- Uso guiado de programas informáticos de procesamento de textos.
- Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación e das bibliotecas para obter información e modelos para a composición escrita e para a lectura.

Bloque 3. *Reflexionar sobre a lingua.*

- Recoñecemento dos elementos do contexto comunicativo como factores que inciden na selección das formas orais ou escritas de intercambio comunicativo.
- Identificación de estruturas narrativas, descritivas, instrutivas e explicativas sinxelas para a comprensión e composición de textos.
- Recoñecemento das diferenzas máis relevantes entre lingua oral e escrita.
- Coñecemento das regras ortográficas, apreciando o seu valor.
- Conciencia positiva da variedade lingüística existente no contexto escolar e social.
- Coñecemento da diversidade lingüística e valoración positiva desta riqueza.
- Comparación de textos orais e escritos producidos en diferentes variedades de lingua.

- Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición.
- Uso e definición intuitiva nas actividades de produción e interpretación da terminoloxía seguinte: denominación dos textos traballados, enunciado, palabra e sílaba, xénero e número, determinantes, cuantificadores, tempos verbais (pasado, presente, futuro).
- Identificación de palabras compostas e derivadas, de sinónimos e de antónimos en relación coa comprensión e coa produción de textos.
- Comparación de estruturas sintácticas elementais para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.
- Inserción e coordinación de oracións como instrumento na mellora da composición escrita.
- Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (adición, causa, oposición, contradición...) en relación coa composición de textos.
- Identificación funcional das modalidades oracionais declarativa, interrogativa e exhortativa.
- Identificación intuitiva de suxeito e predicado e dalgúns papeis semánticos do suxeito (axente, paciente).

LINGUA INGLESA

Bloque 1. escoitar e falar.

- ◆ Comprensión de mensaxes orais (instrucións e peticións) de progresiva complexidade para realizar tarefas dentro ou fóra da aula.

- ◆ Comprensión de textos orais de dificultade crecente -contos, anuncios, información meteorolóxica, localización dunha persoa, obxecto ou lugar, cancións, rimas...- conectados cos intereses das nenas e dos nenos en soporte audiovisual e multimedia para extraer información global e algunha específica.
- ◆ Participación en situacións reais ou simuladas de comunicación dando respostas verbais e non verbais que supoñan unha elección entre un repertorio limitado de posibilidades, en contextos progresivamente menos dirixidos.
- ◆ Participación activa en situacións funcionais de comunicación (conversas telefónicas; peticións; autopresentación e presentación doutras persoas; compravenda; saúdos; identificación e localización de persoas, de obxectos e de lugares...) respectando e empregando as convencións propias do proceso comunicativo: prestar atención á persoa que fala, respectar as quendas de palabra, manter contacto visual, amosar actitude positiva e presentar adecuación da resposta á intervención das outras persoas.
- ◆ Producción de textos orais coñecidos previamente mediante a participación activa en representacións, cancións, recitados, dramatizacións, interaccións dirixidas... ou ben preparados mediante un traballo previo con axudas e modelos, amosando interese por expresarse oralmente en actividades individuais e de grupo.
- ◆ Utilización progresiva de estratexias básicas para apoiar a comprensión e a expresión oral: uso do contexto visual e non verbal e dos coñecementos previos sobre o tema ou a situación transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.
- ◆ Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas na lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e coñecer outras culturas.
- ◆ Identificación e dominio progresivo de aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira como aspectos

fundamentais para a comprensión e produción de breves textos orais a través do xogo e da expresión corporal e musical.

- ◆ Interese por facerse comprender, por entender e por empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación.

Bloque 2. Ler e escribir.

- ◆ Asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e de expresións orais coñecidas, así como consolidación dalgunhas asociacións grafía-son básicas en situacións contextualizadas ben definidas para as nenas e os nenos.
- ◆ Lectura e comprensión de diferentes mensaxes de interese para os nenos e as nenas (contos, menús, instrucións dun xogo, mensaxes de correo electrónico, xogos de pistas, anuncios publicitarios...) adaptadas á súa competencia lingüística, en soporte papel e dixital, para utilizar información global e específica no desenvolvemento dunha tarefa ou polo simple pracer da lectura.
- ◆ Uso guiado de estratexias de lectura (utilización das imaxes, dos títulos e doutras informacións visuais, así como dos coñecementos previos sobre o tema ou sobre a situación de comunicación transferidos desde as linguas que coñece o alumnado), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e de expresións non coñecidas.
- ◆ Lectura expresiva e escritura de textos propios de situacións cotiás próximas como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos.
- ◆ Composición de textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados moi coñecidos oralmente para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da vida diaria.
- ◆ Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para ler e transmitir información (webs, programas multimedia, correo electrónico).

- ◆ Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos valorando o seu sentido estético.
- ◆ Interese por cooperar na utilización da lingua estranxeira na súa forma escrita na aula, por expoñela como recordatorio visual e para á aprendizaxe de novas palabras e expresións (carteis para identificar os obxectos e os espazos da aula, calendario, normas de xogos, cartafol colectivo...)
- ◆ Iniciación ao coñecemento e uso das estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda.
- ◆ Presenza da lingua estranxeira no contorno próximo.

Bloque 3. Reflexión sobre a lingua e consciencia intercultural.

- ◆ Autonomía no emprego dun cartafol colectivo de aula e iniciación e interese na utilización dun individual para seleccionar de forma guiada os mellores traballos propios.
- ◆ Uso de estratexias (repetición, imitación, memorización, asociación de palabras e expresións con xestos, imaxes ou sons, observación de modelos, lectura de textos, utilización de soportes multimedia) para a adquisición de novo léxico, formas e estruturas da lingua.
- ◆ Reflexión sobre a utilización progresiva de diferentes medios (dicionarios visuais e bilingües, internet, materiais audiovisuais e multimedia...) como instrumentos de axuda para a aprendizaxe.
- ◆ Confianza na propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira, aceptación do erro como parte do proceso e valoración do traballo cooperativo como forma de acadar obxectivos de aprendizaxe.
- ◆ Utilización de recursos de compensación de insuficiencias no uso da lingua oral: xestos, definicións, debuxos.

- ◆ Identificación de aspectos lingüísticos e culturais pouco complexos diferentes e semellantes á nosa realidade a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (diferentes horarios, festas, hábitos...)
- ◆ Recoñecemento do valor da nova lingua para achegarse a nenos e nenas doutras culturas que teñen formas de vida e formas de pensar diferentes da propia.
- ◆ Actitude receptiva cara ás persoas que falan outra lingua e teñen culturas, hábitos, crenzas e formas de vida diferentes.
- ◆ Interese por coñecer información sobre as persoas e a cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.

MATEMÁTICAS

Bloque 1. *Espazos e formas.*

- Interpretación e elaboración de mensaxes que conteñan informacións sobre relacións espaciais.
- Descrición de posicións e de movementos en relación a unha mesma ou a un mesmo e a outros puntos de referencia.
- Descrición de itinerarios empregando unha linguaxe matemática o máis correcta posible coa incorporación de conceptos como rectas, curvas, paralelas e intersección de rectas.
- Recoñecemento de simetrías e de translacións en manifestacións e expresións artísticas.
- Interpretación, descrición e elaboración de planos de itinerarios, en bosquexos de contornos próximos.

- Identificación de figuras planas e de corpos xeométricos (cubos, esferas, prismas, pirámides e cilindros) en obxectos e en espazos cotiáns. Descrición da súa forma, utilizando o vocabulario xeométrico básico (ladros, arestas, caras, ángulos e vértices, segundo corresponda).
- Manipulación e experimentación con figuras e con corpos xeométricos para buscar elementos de regularidade neles, identificar as súas propiedades, comparalas e clasificalas con criterios elementais, formar figuras planas e corpos xeométricos a partir doutras por composición e descomposición.
- Resolución de problemas xeométricos interpretando o enunciado, recoñecendo os datos, identificando a información útil, planificando o proceso, poñéndoo en práctica e verbalizando para detectar erros e poder rectificar.
- Interese pola elaboración e presentación coidadosa das construcións xeométricas.
- Confianza nas propias posibilidades; curiosidade, interese e constancia para empregar as construcións xeométricas, os obxectos e as relacións espaciais.
- Participación activa e responsable no traballo en equipo. Gusto por compartir os procesos de resolución e os resultados obtidos.

Bloque 2. *Cantidades.*

- Busca e contraste de información relativa a aspectos matemáticos variados (como o número ou a medida ao longo da historia e en diferentes

culturas, os conceptos traballados na aula...), utilizando diversas fontes:

libros, a internet, persoas expertas...

- Identificación do papel das matemáticas na vida cotiá e da necesidade de usalas en múltiples contextos escolares e familiares.
- Uso dos números en situacións variadas e familiares para solucionar problemas relacionados con cantidades recoñecendo o valor de posición das cifras.
- Lectura, escritura, ordenación, comparación (usando termos como maior ca, menor ca, diferente de, igual a, aproximadamente igual, maior ca e menor ca...), seriación, descomposición e representación na recta numérica de diversos números.
- Expresión de particións e de relacións en contextos familiares coa utilización de números fraccionarios comparándoos mediante a ordenación e a súa representación gráfica.
- Confianza nas propias posibilidades e perseveranza para utilizar os números, as súas relacións e as operacións na obtención e expresión de informacións, manifestando iniciativa persoal nos procesos de resolución de problemas da vida cotiá.
- Resolución de problemas sinxelos da vida cotiá: interpretando o enunciado, recoñecendo os datos, atopando a información relevante, planificando o proceso, elaborando hipóteses sobre o resultado, empregando estratexias persoais de resolución e as operacións numéricas (suma, resta, multiplicación e división por unha cifra) que cumpran, comprobando as

solucións e verbalizando o proceso.

- Formulación de problemas relacionados coa vida cotiá que precisen da aplicación de coñecementos numéricos e de operacionais para resolvelos.
- Valoración do contraste coas compañeiras e compañeiros, tanto do resultado final como das estratexias e procesos seguidos para chegar a el.
- Interpretación do erro como incentivo de mellora.
- Valoración da constancia na realización do traballo operacional e do feito de non desanimarse ante as dificultades.
- Utilización en contextos familiares, para resolver situacións problemáticas, de: a suma como incremento; a resta como diminución, comparación e complemento; a multiplicación como suma abreviada, repetición e operador multiplicativo e a división como repartición e agrupación.
- Interese para a utilización dos números e do cálculo numérico na resolución de problemas en situacións reais.
- Descomposición aditiva e multiplicativa dos números. Construción (empregando diferentes estratexias) e memorización das táboas de multiplicar.
- Realización de cálculos con números naturais indicando o coñecemento do significado das operacións, realizando estimacións sobre os resultados e valorando se a resposta é razoable, seleccionando o método máis conveniente para facer o cálculo (mentalmente, con algoritmos, con calculadora, con ordenador) e explicando as estratexias utilizadas.
- Interese pola presentación limpa, ordenada e clara dos cálculos e

dos seus resultados.

- Mellora progresiva da seguridade, autonomía e iniciativa persoal nas aprendizaxes numéricas e algorítmicas.
- Realización de medicións para resolver problemas en contextos reais empregando unidades de medida convencionais (múltiplos e submúltiplos máis usuais), elixindo e usando adecuadamente os instrumentos, seleccionando as unidades axeitadas, usando estratexias persoais para medir e estimar, controlando e verbalizando o proceso de medida, contrastando resultados e expresándoos correctamente manifestando as unidades utilizadas.
- Comparación, establecemento de equivalencias funcionais e ordenación de unidades e de cantidades dunha mesma magnitude (tanto de lonxitude, de peso, de capacidade e de tempo como das derivadas do sistema monetario).
- Confianza nas propias posibilidades e interese por compartir coas demais persoas os procesos que utilizan a medida para obter e expresar informacións e para resolver problemas en situacións reais.
- Interese pola presentación limpa e ordenada do proceso e pola expresión de medidas.
- Valorar a importancia de dispoñer dun sistema convencional de medidas.

Bloque 3. *Tratamento da información e azar.*

- Resolución e formulación de problemas en que se precise a interpretación de gráficas sinxelas (diagrama de barras e pictogramas) e de táboas de datos.
- Recollida e rexistro de datos (táboas de dobre entrada e gráficas) sobre obxectos, fenómenos e situacións familiares utilizando técnicas elementais de enquisas, de observación e de medición.
- Lectura, descrición e interpretación de táboas de dobre entrada e de gráficos de uso habitual na vida cotiá con propósitos funcionais.
- Interese pola elaboración e pola presentación de gráficos e de táboas de forma ordenada e clara.
- Confianza nas propias posibilidades, curiosidade, interese e constancia na interpretación de datos presentados de forma gráfica.
- Utilización de expresións como posible, imposible, máis ou menos probable, seguro na valoración de resultados de experiencias lúdicas e cotiás en que intervéñen o azar.
- Colaboración activa no traballo de grupo respectando o traballo, os procesos e as estratexias das outras persoas.
- Valoración do uso das novas tecnoloxías nos ámbitos gráficos en que son precisas.

EDUCACIÓN ARTÍSTICA

PLÁSTICA

Bloque 1. *Observación plástica.*

- Clasificación de texturas e de tonalidades e apreciación de formas naturais e artificiais exploradas sensorialmente e desde diferentes ángulos e posicións.
- Elaboración conxunta de protocolos e de pautas para seguir o procedemento de observación e a súa comunicación oral ou escrita, incorporando unha terminoloxía cada vez máis adecuada.
- Identificación de elementos artísticos, de obras de arte ou de certos aspectos relativos a algunhas delas previamente traballadas na clase na vida cotiá.
- Identificación da variedade de materiais, de técnicas e de tecnoloxías sinxelas que se utilizan na creación de obxectos e de imaxes mediante a observación de producións do contorno artístico e cultural e dos medios de comunicación.
- Valoración e identificación dalgunhas producións artísticas que forman parte do patrimonio cultural galego (xoguetes, disfraces, olaría, cestaría, encaixes, bordados, petróglifos, xoiaría, alfombras florais, maios, máscaras de Entroido, edificacións...).
- Respecto e coidado do contorno, das obras que constitúen o patrimonio cultural, das producións propias e das das demais persoas.
- Interese por buscar información sobre producións artísticas, autoras e autores para a elaboración de traballos diversos (exposicións, cartafoles individuais ou da clase, colaboración en eventos culturais...).

- Interese por dialogar ante unha obra de arte, expresando o que gusta e o que non gusta, así como as emocións que a obra esperta en cadaquén,
intentando asociar aspectos da obra coas sensacións producidas (significado das cores, das liñas, das formas, da representación do espazo...).
- Apreciación dos diferentes significados que pode ter unha obra de arte para cada persoa.
- Análise de imaxes en diferentes formatos identificando elementos variados (enfoque, simetría, repetición, distribución espacial, plano, xestos...).
- Apreciación da incidencia da cultura visual do contorno nas reaccións, nas preferencias e na forma de pensar.
- Comparación de mostras de diversos materiais e observación destes transformados en producións artísticas, reflexionando sobre o proceso de transformación.
- Fomento da fantasía a través da visualización do que podería ser unha representación imprecisa (unha mancha, unha engurra, unha luz, un xogo de liñas...).
- Indagación sobre diferentes maneiras de representar o espazo e aproximación á idea de proporción.
- Exploración de diferentes formas, texturas e obxectos utilizando o tacto, o gusto, o oído e o olfacto, e representación plástica das sensacións que producen.
- Valoración do traballo desenvolvido por mulleres e por homes na

producción artística e artesanal.

- Recoñecemento de identificadores artísticos de diferentes culturas e valoración deles (máscaras africanas, sombras chinesas...).

Bloque 2. *Expresión e creación plástica.*

- Busca das posibilidades da cor (tonalidades, gamas...) en contrastes, variacións e combinacións, mesturando diversas clases de pintura, utilizando variados instrumentos e apreciando os resultados sobre diferentes soportes.
- Experimentación das posibilidades de transformación dos materiais plásticos no referente á ductilidade, á transparencia, á consistencia, á solubidade... Comportamento dalgúns materiais en contacto con outros. Aproveitamento destas experiencias nas producións plásticas.
- Experimentación con liñas diversas e formas en diferentes posicións iniciándose no emprego de instrumentos convencionais e non convencionais para deseñalas.
- Elaboración individual e colectiva de imaxes en bandas de deseño, historietas, carteis, murais, mosaicos, tapices e impresións, cunha planificación previa e unha revisión posterior.
- Construción de móbiles, de estruturas, de maquetas e de xoguetes populares galegos.
- Construción de decorados, de máscaras, de vestiario e de personaxes (monicreques, sombras...) e elaboración de maquillaxes para dramatizacións.

- Utilización de fotografías (enfoque e planos) para enriquecer un texto expositivo, para a realización dun álbum ou dunha fotonovela.
- Utilización de diferentes recursos (dos medios de comunicación, informáticos, libros, láminas, teas, materiais de refugallo e naturais...) á súa disposición para a elaboración individual e colectiva de producións artísticas.
- Aplicación, en producións propias, de aspectos observados en obras artísticas galegas e de artistas de renome.
- Interese por axustar o proceso de creación, individual ou en grupo, ás intencións previstas, planificando, seleccionando apropiadamente os materiais e instrumentos segundo as súas posibilidades plásticas, decidindo a técnica máis adecuada, usando responsablemente instrumentos, materiais e espazos, asumindo as tarefas, respectando as normas que o grupo estableza e valorando o resultado final.
- Valoración do coñecemento de diferentes códigos artísticos como medios de expresión de sentimentos e de ideas.
- Recreación de obras de arte significativas da cultura galega e doutras culturas, reflexionando sobre o proceso seguido pola persoa que o realizou.
- Seguridade no uso progresivo de materiais e de obxectos do contorno para expresar e comunicar aspectos do propio mundo: da vida cotiá, da historia da poboación ou do barrio, da historia persoal e familiar.

MÚSICA

Bloque 1. escoita.

- ◆ Identificación e comentario da variedade de sons, de músicas, de movementos do corpo e de tecnoloxías que se poden utilizar cando se fai expresión musical, partindo da observación no contorno e incorporando unha terminoloxía cada vez máis adecuada.
- ◆ Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de distintos estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado e recoñecemento dalgúns trazos característicos, utilizando diferentes recursos para o seu seguimento: corporais, plásticos, instrumentais, musicogramas...
- ◆ Utilización de obxectos e de instrumentos para percibir, diferenciar, explorar e identificar os parámetros do son (intensidade, duración, altura e timbre).
- ◆ Recoñecemento de calidades dos sons e dos instrumentos en pezas musicais.
- ◆ Identificación visual e auditiva dalgúns instrumentos: da orquestra, da música popular galega e dos utilizados por outras culturas, tentando aproximarse a unha clasificación por familias.
- ◆ Interese polas cancións e polos bailes tradicionais de Galicia e das zonas de procedencia de compañeiras e de compañeiros.
- ◆ Interese por coñecer o traballo de artistas e de persoas que traballan na composición e na interpretación de música e de danza tradicional galega.
- ◆ Interese por obter información sobre compositoras e compositores, intérpretes, festivais de música e representacións musicais e de danza, empreñando diferentes fontes (biblioteca, a internet...).
- ◆ Interese pola escoita de obras musicais de distintas características e procedencias.
- ◆ Valoración positiva da diversidade de opinións, de xuízos, de gustos e de argumentos relacionados coa música.

- ◆ Actitude atenta e silenciosa, respecto ás normas de comportamento durante a audición de música e/ou na asistencia a diferentes representacións.

Bloque 2. Interpretación e creación musical.

- ◆ Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz, do corpo, dos obxectos e dos instrumentos.
- ◆ Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións a unha ou varias voces.
- ◆ Memorización e interpretación de xogos motrices, de secuencias de movementos fixados ou inventados e de danzas, procurando unha progresiva coordinación tanto individual como colectiva.
- ◆ Iniciación á interpretación de danzas e de cancións tradicionais galegas e das zonas de orixe de compañeiras e compañeiros.
- ◆ Identificación dalgunhas cantigas galegas que acompañaban os momentos de traballo e celebracións (cantigas de arada, de seitura, de esfolia, cantos de reis...) e relación destas coa finalidade para a cal foron concibidas.
- ◆ Inicio ao uso das grafías convencionais na lectura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas.
- ◆ Interese e responsabilidade nas actividades de interpretación e de creación.
- ◆ Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas mediante instrumentos de percusión e percusión corporal.
- ◆ Estratexia de repetición e imitación como recursos da improvisación.
- ◆ Creación de acompañamentos sinxelos para cancións e pezas instrumentais.

- ◆ Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito.
- ◆ Creación de pezas musicais sinxelas a partir de elementos dados.
- ◆ Iniciación á creación de coreografías sinxelas para cancións e pezas musicais breves a partir da combinación de elementos dados e que teñan relación con ideas, emocións e experiencias propias ou alleas.
- ◆ Adquisición progresiva de responsabilidade para favorecer a dinámica de traballo cooperativo na aula.
- ◆ Desenvolvemento progresivo de hábitos de coidado da voz, do corpo, dos instrumentos e dos materiais de traballo.

EDUCACIÓN FÍSICA

Bloque 1. O corpo: imaxe e percepción espacial

- Posibilidades perceptivas. Exploración das capacidades perceptivas e a súa relación co movemento.
- Descubremento dos elementos orgánicos-funcionais relacionados co movemento.
- Conciencia e control do corpo en relación coa tensión, a relaxación e a respiración.
- Representación do propio corpo e do dos demais.
- Adecuación da postura as necesidades expresivas e motrices.
- Consolidación da lateralidade e a súa proxección no espacio.
- Equilibrio estático e dinámico.
- Organización espacio-temporal.
- Valoración e aceptación da propia realidade corporal e da das demais persoas.

Bloque 2. Habilidades motrices

- Formas e posibilidades de movemento. Axuste e consolidación dos elementos fundamentais na execución das habilidades motrices básicas.
- Utilización eficaz das habilidades básicas en medios e situacións estables e coñecidas.
- Control motor e dominio corporal.
- Mellora das cualidades físicas básicas de forma xenérica e orientada a execución motriz.
- Interés por mellorar a competencia motriz.
- Disposición favorable a participar en actividades diversas, aceptando as diferencias individuais no nivel de habilidade.

Bloque 3 . Actividades físicas artístico-expresivas

- O corpo e o movemento como instrumentos de expresión e comunicación.
- Adecuación do movemento a estruturas espacio-temporais e execución de bailes e coreografías simples.
- Expresión de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento.
- Recreación de persoaxes reais e ficticios e os seus contextos dramáticos.
- Utilización dos obxectos e materiais e as súas posibilidades na expresión
- Disfrute mediante a expresión e comunicación a través do propio corpo.
- Participación en situacións que supoñan comunicación corporal. Valoración das diferencias no modo de expresarse.

Bloque 4. Actividade física e saúde

- Adquisición de hábitos posturais e alimentarios relacionados coa actividade física e consolidación de hábitos de hixiene persoal.
- Relación da actividade física coa saúde eo bienestar. Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde. Mellora de forma xenérica da condición física orientada a saúde.
- Actitude favorable hacia a actividade física con relación a saúde.
- Seguridade na propia práctica da actividade física.
- Calentamiento, dosificación do esforzo e relaxación.
- Medidas básicas de seguridade na práctica da actividade física, con relación ao entorno.
- Uso correcto e respetuoso de materiais e espacios.

Bloque 5. Xogos e actividades deportivas

- O xogo e o deporte coma elementos da realidade social.
- Participación en xogos e iniciación á práctica deportiva.
- Descubremento das extratexias básicas do xogo relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación/oposición.
- Respeto hacia as persoas que participan no xogo e rechazo hacia os comportamentos antisociais.
- Comprensión, aceptación e cumprimento das normas do xogo e actitude responsable con relación as extratexias establecidas.
- Valoración do xogo como medio de disfrute, de relación e de emprego do tempo de ocio e do esforzo nos xogos e actividades deportivas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

COÑECEMENTO DO MEDIO NATURAL, SOCIAL E CULTURAL

Competencia en comunicación lingüística

- Aumentar a riqueza no vocabulario específico.
- Ser rigoroso no emprego dos termos.
- Saber estruturar os discursos.
- Expresar axeitadamente pensamentos, ideas e emocións.
- Ler, comprender e interpretar instrucións.
- Comprender textos informativos, explicativos e argumentativos.
- Descifrar mensaxes ocultas seguindo unhas instrucións e interpretando uns códigos.
- Obter e interpretar información.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

- Interpretar o mundo físico a través dos conceptos aprendidos.
- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.
- Interpretar un plano sinxelo dunha casa.
- Contribuír a conservar un contorno físico agradable e saudable.
- Realizar observacións.
- Obter e interpretar información acerca do medio físico que os rodea.
- Valorar a importancia de conservar o medio.
- Fomentar a importancia de ter un consumo de auga racional e responsable.
- Adoptar unha disposición para unha vida saudable.

- Fomentar a importancia de conservar o hábitat dos animais.

Competencia matemática

- Utilizar táboas de dobre entrada para traballar conceptos aprendidos.
- Empregar o cálculo para resolver enigmas ou problemas.
- Interpretar e expresar informacións con números.
- Poñer en práctica procesos de razoamento.

Tratamento da información e competencia dixital

- Iniciarse no uso do ordenador.
- Saber buscar en internet de forma guiada.

Competencia social e cidadá

- Coñecer sentimentos e emocións en relación cos demais.
- Aceptar normas de convivencia.
- Utilizar a lingua como destreza para a convivencia, o respecto e o entendemento.
- Comprender a realidade social na que se vive.
- Desenvolver uns hábitos de comportamento responsables.
- Desenvolver actitudes de diálogo e de resolución de conflitos.

Competencia cultural e artística

- Coñecer as manifestacións culturais.

- Valorar a diversidade cultural.
- Recoñecer as manifestacións culturais que forman parte do patrimonio cultural.

Competencia para aprender a aprender

- Verbalizar o proceso seguido na aprendizaxe: reflexionar sobre o que e como se aprendeu.
- Desenvolver técnicas para aprender, organizar, memorizar e recuperar a información.
- Facer resumos, esquemas ou mapas mentais.

Autonomía e iniciativa persoal

- Fomentar a adquisición e a interiorización de bos hábitos.
- Desenvolver habilidades sociais como respecto aos demais, cooperación e traballo en equipo.
- Elixir con criterio propio.
- Fomentar o desenvolvemento dunha actitude crítica ante os anuncios publicitarios da televisión e o control do tempo dedicado a ela.
- Expresar gustos e preferencias.

LINGUAS

Competencia en comunicación lingüística

- Utilizar a lingua en diferentes contextos comunicativos.
- Utilizar a linguaxe como medio de comunicación oral e escrita.

- Expresar axeitadamente pensamentos, ideas e emocións.
- Completar e enriquecer a capacidade comunicativa xeral.
- Basear a aprendizaxe da lingua estranxeira no desenvolvemento de habilidades comunicativas.
- Desenvolver o interese pola claridade, a orde e a limpeza nas súas producións escritas.
- Aplicar as estratexias comunicativas ao uso da linguaxe en xeral e non ao uso dunha lingua determinada.
- Dialogar en grupo para fomentar a expresión oral e a escoita.
- Fomentar o interese pola práctica de xogos lingüísticos como elemento de diversión.
- Comprender e expresar de forma oral e escrita o sentido global dun texto.
 - Fomentar a valoración do texto escrito como fonte de información enriquecemento e diversión.
 - Fomentar o uso das regras ortográficas aprendidas.
 - Fomentar o gusto pola lectura.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.
- Realizar observacións para desenvolver a curiosidade.
- Utilizar a lingua para obter e comprender información.
- Contribuír, a través da lingua, a conservar un contorno físico agradable e saudable.
- Contribuír, a través da linguaxe, a coidar o medio.
- Obter e interpretar información acerca do medio físico que os rodea.

Competencia matemática

- Utilizar a linguaxe para poñer en práctica procesos de razoamento.
- Utilizar táboas para facer clasificacións.

Tratamento da información e competencia dixital

- Iniciarse no uso do ordenador.
- Utilizar soportes electrónicos na composición de textos.
- Obter coñecementos e destrezas para buscar e interpretar unha información concreta.
- Comprender a información, a súa estrutura e a súa utilización na produción oral e escrita.
- Concibir a aprendizaxe da lingua escrita no marco do intercambio comunicativo.

Competencia social e cidadá

- Coñecer sentimentos e emocións en relación cos demais.
- Aprender a comunicarse cos demais e comprender o que estes transmiten.
- Utilizar a lingua como destreza para a convivencia, o respecto e o entendemento.
- Utilizar a lingua para desenvolver uns hábitos de comportamento responsables.
- Practicar o diálogo e a negociación como forma de resolver conflitos.
- Acabar cos usos discriminatorios da linguaxe.

Competencia cultural e artística

- Ler, comprender e valorar as obras literarias.
- Fomentar o gusto pola lectura de poemas.
- Comprender, apreciar e valorar as manifestacións culturais e artísticas.
- Apreciar a creatividade a través dos diferentes medios artísticos.

Competencia para aprender a aprender

- Comprender, analizar e resolver un problema.
- Acceder á construción de coñecementos mediante a linguaxe.
- Utilizar a lingua para analizar problemas da vida cotiá, elaborar plans e tomar decisións.
- Verbalizar o proceso seguido na aprendizaxe: reflexionar sobre o que e como se aprendeu.

Autonomía e iniciativa persoal

- Empregar a linguaxe para comunicar afectos.
- Utilizar a lingua para fomentar a adquisición e a interiorización de bos hábitos.
- Fomentar a adquisición e a interiorización de bos hábitos.
- Empregar a linguaxe para comunicar afectos e emocións.
- Desenvolver habilidades sociais como respecto os demais.
- Utilizar a linguaxe como medio de representación do mundo.
- Utilizar a lingua para elixir con criterio propio entre dúas opcións.

- Utilizar a linguaxe para expresar gustos e preferencias.
- Favorecer a creatividade a través da linguaxe.

LINGUA INGLESA

- Valorar a lingua estranxeira como instrumento para comunicarse, para achegarse a nenos e nenas doutras culturas que teñen formas de vida diferentes da propia e para descubrir algúns aspectos culturais diferentes e semellantes á identidade galega (simboloxía, música, festas e xogos tradicionais).
- Amosar comprensión mediante respostas non verbais (xestos, movemento, actividades artísticas) a instrucións básicas dadas en situacións habituais na aula e no centro.
- Captar a información máis relevante e identificar información global en mensaxes diversas que inclúan textos orais, sobre temas familiares e de interese para os nenos e as nenas.
- Participar comprensivamente en situacións de comunicación (da vida da aula ou simuladas), respectando as normas básicas dos intercambios orais e empregando formas lingüísticas e non lingüísticas.
- Memorizar e producir textos orais coñecidos previamente e de interese para os nenos e as nenas mediante a participación activa en representacións, cancións, recitados, dramatizacións e interaccións dirixidas.
- Comprender o significado global e algunhas informacións específicas de textos sinxelos, en soporte papel e dixital, sobre temas diversos, motivadores e adaptados á competencia lingüística de nenos e de nenas.
- Producir mensaxes escritas significativas en que aparezan enunciados e textos curtos a partir de modelos, cunha finalidade determinada e cun formato preestablecido, tanto en soporte papel como dixital.

- Usar formas e estruturas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos e motivadores de forma significativa.
- Coñecer e empregar funcionalmente algunhas estratexias para aprender a aprender e identificar algunhas características persoais que axudan a aprender mellor.
- Amosar curiosidade e interese por buscar información a través de diferentes medios sobre a cultura que están a estudar as nenas e os nenos con diversas finalidades: exposición na aula no rexistro de aprendizaxe, inclusión no cartafol propio, achegas a un determinado traballo colectivo en rede, ou outros do seu interese.
- Respectar as diferenzas de todo tipo adoptando unha actitude positiva ante culturas e opinións alleas.
- Amosar confianza e interese por transmitir algúns aspectos da nosa cultura a outros nenos e outras nenas, empregando o idioma estranxeiro a través de formatos e linguaxes diversas e valorando positivamente o que podemos ofrecer.
- Producir mensaxes sinxelas propias a partir dun contexto concreto utilizando a educación artística, as tecnoloxías da información e da comunicación...

MATEMÁTICAS

Competencia en comunicación lingüística

- Comprender e interpretar unha información escrita e con imaxes.
- Desenvolver a comprensión e mellorar as destrezas comunicativas.
- Incorporar a linguaxe matemática á expresión habitual.

- Comprender e utilizar distintos tipos de textos para traballar conceptos matemáticos: encrucillados, sopas de letras e adiviñas.
- Comprender e interpretar outras linguaxes.
- Incidir nos contidos asociados na descrición verbal dos razoamentos.
- Desenvolver a comprensión e mellorar as destrezas lingüísticas.
- escoitar, expoñer e dialogar.
- Expresar pensamentos e opinións.
- Ler, comprender e interpretar información.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

- Coñecer a realidade a través dos conceptos básicos de medida.
- Utilizar representacións gráficas para interpretar información.
- Incorporar habilidades para interpretar o medio que o rodea e desenvolverse con autonomía e iniciativa persoal.
- Coñecer a realidade a través da medida.

Competencia matemática

- Utilizar en situacións fóra da aula os contidos estudados.
- Poñer en práctica procesos de razoamento e de desenvolvemento da atención.
- Adquirir coñecementos e destrezas matemáticas.
- Mostrar interese por utilizar modos matemáticos de pensamento.
- Recoñecer distintos usos dos números e utilizar códigos numéricos para identificar obxectos, situacións...

- Recoñecer a utilidade das operacións para resolver problemas.
- Apreciar a noción de cantidade no cotián.
- Aplicar os conceptos matemáticos aprendidos en situacións cotiás.
- Seleccionar as operacións axeitadas para resolver un problema.
- Empregar o cálculo para resolver enigmas ou problemas.
- Fomentar o interese por expresar a información de forma numérica.
- Utilizar unidades de medida non convencionais na vida cotiá.
- Resolver problemas relacionados coa vida cotiá.
- Manexar axeitadamente as moedas de euro en situacións reais.
- Comprender, interpretar e realizar gráficos de barras.
- Interpretar e expresar informacións, datos e argumentacións.
- Interpretar e aplicar unha información.

Tratamento da información e competencia dixital

- Facilitar a comprensión de informacións que incorporen cantidades e medidas.
- Iniciarse no uso de calculadoras e de ferramentas tecnolóxicas para facilitar a comprensión de contidos matemáticos.
- Iniciarse no uso de cronómetros e reloxos dixitais para facilitar a comprensión de contidos matemáticos.
- Utilizar Internet como recurso para a busca de información e para a obtención de figuras e representacións xeométricas
- Utilizar a linguaxe gráfica e estatística para interpretar a información sobre a realidade.

Competencia social e cidadá

- Utilizar as matemáticas como destreza para a convivencia e o respecto.
- Traballar en equipo, aprendendo a aceptar outros puntos de vista distintos do propio.
- Desenvolver habilidades sociais, como o diálogo e o traballo en equipo.

Competencia cultural e artística

- Valorar o coñecemento matemático como contribución ao desenvolvemento cultural dos pobos.
- Recoñecer as relacións e formas xeométricas axuda na análise de producións artísticas.
- Utilizar os envases de refugo para realizar producións artísticas.
- Utilizar algunhas obras de arte para traballar contidos matemáticos.

Competencia para aprender a aprender

- Verbalizar o proceso seguido na aprendizaxe: reflexionar sobre o que e como se aprendeu.
- Comprender, analizar e resolver problemas.
- Utilizar ferramentas matemáticas básicas para realizar calquera aprendizaxe.

Autonomía e iniciativa persoal

- Utilizar as matemáticas para fomentar a adquisición e a interiorización de bos hábitos.

- Saber tomar decisións ante un problema.

EDUCACIÓN ARTÍSTICA

PLÁSTICA

Competencia en comunicación lingüística

- Valorar a obra artística.
- Buscar a orixinalidade narrativa e formal.
- Obter información relevante e suficiente a partir da observación.
- Describir procesos de traballo e argumentación de solucións.
- Desenvolver capacidades relacionadas coa fala, como a respiración, a dicción e a articulación.
- Adquirir un vocabulario específico da área.
- Xerar intercambios comunicativos.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

- Aproveitar a información xestual ofrecida polo contorno humano e modélico.
- Utilizar con fruición as técnicas plásticas.
- Explorar sensorialmente os espazos.
- Tomar conciencia da importancia de contribuír a preservar un contorno físico agradable e saudable.
- Utilizar o medio como pretexto para a creación artística.
- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.

- Apreciar o contorno a través de cores, formas, sons, texturas, etc., presentes na natureza e nas obras realizadas polo home.

Competencia matemática

- Representar xeometricamente os esquemas de debuxo, e formas de seres e obxectos cotiáns.
- Poñer en práctica procesos de razoamento e identificar a súa validez.
- Valorar o grao de certeza dos resultados derivados do razoamento.
- Seleccionar as técnicas axeitadas para calcular os pulsos.

Tratamento da información e competencia dixital

- Transmitir información mediante técnicas plásticas.
- Analizar a imaxe e a mensaxe que transmite.
- Usar a tecnoloxía para o tratamento de imaxes visuais.
- Analizar a imaxe, o son e as mensaxes que estes transmiten.
- Buscar, seleccionar e intercambiar información sobre manifestacións artísticas para o seu coñecemento e goce.
- Usar a tecnoloxía para mostrar procesos relacionados coa música e as artes visuais.

Competencia social e cidadá

- Indagar e planificar procesos.
- Coidar e conservar materiais e instrumentos.
- Ter flexibilidade ante un mesmo suposto.

- Traballar en equipo cooperando e asumindo responsabilidades.
- Aplicar técnicas concretas e utilizar os espazos de xeito apropiado.
- Seguir as normas e as instrucións dadas.
- Expresarse buscando o acordo con actitude de respecto, de aceptación e de entendemento.

Competencia cultural e artística

- Ter interese polo coñecemento dos materiais.
- Experimentar con técnicas e materiais.
- Explorar os materiais cromáticos e gozar cos resultados obtidos.
- Intercambiar información sobre imaxes de calquera época e cultura.
- Representar formas presentes no espazo natural.
- Coñecer diferentes códigos artísticos e utilizar as técnicas e os recursos que lles son propios.
- Facilitar a expresión e a comunicación.
- Coñecer, valorar e manter unha actitude crítica ante as manifestacións culturais e artísticas.
- Promover a iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
- Apoiar e apreciar as iniciativas e as contribucións alleas.

Competencia para aprender a aprender

- Ter curiosidade respecto do resultado final dunha actividade manipulativa.
- Valorar o potencial creativo contido nas formas sinxelas.

- Indagar e planificar procesos.
- Esforzarse por alcanzar resultados orixinais.
- Reflexionar sobre o proceso de iluminación.
- Observar co obxecto de adquirir información relevante e suficiente.
- Reflexionar sobre os procesos na manipulación de obxectos, a experimentación con técnicas e materiais e a exploración sensorial de sons, texturas, formas e espazos.
- Utilizar os coñecementos adquiridos en situacións diferentes.

Autonomía e iniciativa persoal

- Manipular materiais e adquirir bagaxe plástica expresiva.
- Experimentar e gozar co uso de técnicas e materiais.
- Desenvolver iniciativas e solucións diversas.
- Favorecer a creatividade levando a cabo iniciativas e barallando diferentes posibilidades.
- Fomentar a orixinalidade e a busca de novas formas innovadoras no proceso creativo.
- Elixir os recursos tendo en conta a intencionalidade expresiva do que se desexa lograr.
- Planificar o proceso creativo e esforzarse por alcanzar resultados orixinais.
- Adquirir coñecementos e buscar solucións a partir da exploración e a indagación.

MÚSICA

- Usar axeitadamente algúns dos termos propios da linguaxe musical en contextos precisos, intercambios comunicativos, descrición de procesos e argumentacións. Trátase de comprobar se o alumnado incorporou algúns dos termos técnicos propios da linguaxe musical nas súas explicacións e descricións, se os emprega nas situacións apropiadas e se traslada eses coñecementos a outros contextos nos cales lle poden ser útiles.

- Utilizar distintos recursos gráficos durante a audición dunha peza musical. Este criterio permite avaliar se as rapazas e os rapaces son capaces de establecer unha relación entre o que oen e o representado en musicogramas ou partituras sinxelas con distintos tipos de grafías, así como se son quen de representar graficamente (mediante debuxos ou empregando signos gráficos que coñecen ou inventan) os trazos característicos da música escoitada.

- Memorizar e interpretar un repertorio básico de cancións, de pezas instrumentais e de danzas relacionadas cos seus intereses individuais e colectivos. A través deste criterio preténdese valorar en que medida o alumnado ten memorizada e é capaz de recordar algunha das cancións, pezas instrumentais e danzas aprendidas por imitación no contexto da aula, interpretándoas con desinhibición e amosando progresiva responsabilidade para favorecer a dinámica de traballo cooperativo na aula.

- Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas. Con este criterio téntase valorar se son capaces de seguir un proceso (planificar, producir, revisar) o máis ordenado posible e se son quen de utilizar criterios axeitados para crear unha peza musical sinxela a partir da selección, combinación e organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e/ou manexados. Valorarase tamén a capacidade creativa do alumnado para dar solucións orixinais que se afasten o máis posible de estereotipos.

- Amosar respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo con actividades plásticas e musicais. Avaliarase a capacidade do alumnado para participar en diferentes tipos de traballo de aula e de centro relacionados coa educación artística. Interesa coñecer, tamén, o seu grao de compromiso nas actividades colectivas e de respecto ante as contribucións das demais persoas.
- Identificar manifestacións artísticas propias de Galicia. Avaliarase se o alumnado é quen de recoñecer algunhas manifestacións típicas do patrimonio cultural e artístico galego.

COMPETENCIAS

Competencia en comunicación lingüística

- Valorar a obra artística.
- Buscar a orixinalidade narrativa e formal.
- Obter información relevante e suficiente a partir da observación.
- Describir procesos de traballo e argumentación de solucións.
- Desenvolver capacidades relacionadas coa fala, como a respiración, a dicción e a articulación.
- Adquirir un vocabulario específico da área.
- Xerar intercambios comunicativos.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

- Aproveitar a información xestual ofrecida polo contorno humano e modélico.
- Explorar de maneira sensorial os espazos.
- Tomar conciencia da importancia de contribuír a preservar un contorno físico agradable e saudable.

- Utilizar o medio como pretexto para a creación artística.
- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.
- Apreciar o contorno a través de sons, texturas, etc., presentes na natureza e nas obras realizadas polo home.

Competencia matemática

- Seleccionar as técnicas adecuadas para calcular os pulsos.

Tratamento da información e competencia dixital

- Buscar, seleccionar e intercambiar información sobre manifestacións artísticas para o seu coñecemento e gozo.
- Usar a tecnoloxía para mostrar procesos relacionados coa música.

Competencia social e cidadá

- Indagar e planificar procesos.
- Coidar e conservar materiais e instrumentos.
- Ter flexibilidade ante un mesmo suposto.
- Traballar en equipo cooperando e asumindo responsabilidades.
- Aplicar técnicas concretas e utilizar os espazos de maneira apropiada.
- Seguir as normas e as instrucións dadas.
- Expresarse buscando o acordo con actitude de respecto, de aceptación e de entendemento.

Competencia cultural e artística

- Ter interese polo coñecemento dos materiais.
- Coñecer diferentes códigos artísticos.
- Facilitar a expresión e a comunicación.
- Coñecer, valorar e manter unha actitude crítica ante as manifestacións culturais e artísticas.
- Promover a iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
- Apoiar e apreciar as iniciativas e as contribucións alleas.

Competencia para aprender a aprender

- Ter curiosidade respecto do resultado final dunha actividade manipulativa.
- Valorar o potencial creativo contido nas formas sinxelas.
- Indagar e planificar procesos.
- Esforzarse por alcanzar resultados orixinais.
- Observar co obxecto de adquirir información relevante e suficiente.
- Reflexionar sobre os procesos na exploración sensorial de sons.
- Utilizar os coñecementos adquiridos en situacións diferentes.

Autonomía e iniciativa persoal

- Desenvolver iniciativas e solucións diversas.
- Favorecer a creatividade levando a cabo iniciativas e barallando diferentes posibilidades.
- Fomentar a orixinalidade e a busca de novas formas innovadoras no proceso creativo.

- Elixir os recursos tendo en conta a intencionalidade expresiva do que se desexa lograr.
- Planificar o proceso creativo e esforzarse por alcanzar resultados orixinais.
- Adquirir coñecementos e buscar solucións a partir da exploración e da indagación.

EDUCACIÓN FÍSICA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñece, sinala e utiliza as distintas partes do seu corpo.
- Mide e controla periodicamente o seu crecemento.
- Aplica as normas básicas de alimentación relacionadas coa actividade física.
- Utiliza os hábitos hixiénicos específicos da actividade física.
- Adopta medidas de seguridade necesarias para previr accidentes no desenvolvemento da actividade física.
- Sincroniza os seus movementos corporais coas circunstancias dunha actividade: intensidade, duración e espazo no que se desenvolve.
- Realiza movementos coas pernas, alternando chimpos de forma consciente e voluntaria, axustando a postura e o equilibrio corporal á actividade física.
- Reproduce estruturas rítmicas, dissociando diferentes segmentos corporais.
- Coordina saltos sucesivos diferentes sobre un pé ou saltos nos que o impulso se realiza coas dúas pernas.
- Executa con eficacia, ritmo e intensidade, os desprazamentos en carreira, realizando unha boa posta en acción, cambios de dirección, velocidade de execución, etc.
- Utiliza xiros sobre o eixe lonxitudinal de forma axeitada, en situacións onde se expón un troco de dirección e sentido.

- Disocia os segmentos superiores e inferiores do eixe corporal e adapta os seus movementos a diferentes situacións espazo-temporais.
- Oriéntase no espazo respecto a si mesmo, aos demais e aos obxectos.
- Coordina axeitadamente os xiros, carreiras e saltos na actividade física.
- Reacciona diante das instrucións auditivas ou visuais que recibe, empregando o movemento e os xestos.
- Reacciona correctamente en situacións onde interveñan elementos non previstos.
- Lanza obxectos cunha boa execución e precisión en distancias curtas e sobre obxectivos estáticos ou dinámicos.
- Bota balóns alternando as mans ao tempo que se despraza por un espazo con obstáculos.
- Toma parte con interese en calquera tipo de xogo, aceptando o seu nivel de destreza e confiando nas súas propias posibilidades.
- Participa en todas as actividades propostas aceptando aos seus compañeiros na marxe da súa condición social, cultural, sexual, etc.
- Coñece diferentes actividades físicas regradas e axuda a organizalas, co material necesario para a súa práctica.
- Utiliza de forma axeitada os espazos e materiais cos que se desenvolve a actividade física.
- Prescinde dos resultados que se produzan nos diferentes xogos e competicións, dando maior importancia ao feito de participar, aceptando a todos os que toman parte.
- Coordina o movemento con diferentes ritmos.
- Utiliza o xesto e o movemento para a comunicación e a representación.
- Coñece a función dos ósos e das articulacións, e toma precaucións para evitar que se lesionen.

- Coñece a actividade muscular e a forma de evitar que se lesionen.
- Entende os conceptos de tensión e relaxación muscular e sabe aplicar as técnicas de relaxación tras a práctica de exercicios intensos.
- Comprende a actividade do corazón e dos pulmóns e comproba o seu funcionamento en relación co exercicio físico.
- Coñece as diferenzas entre equilibrio estático e equilibrio dinámico, e a forma de manter o seu equilibrio dependendo dos puntos de apoio que utilice.

COMPETENCIAS

Competencia en comunicación lingüística

- Expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións.
- Xerar ideas, estruturar o coñecemento.
- Adaptar a comunicación ao contexto.
- Obter gran variedade de intercambios comunicativos nas actividades físico lúdicas.
- Escoitar, analizar e ter en conta opinións á propia con sensibilidade e espírito crítico.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

- Interactuar co mundo físico, tanto nos aspectos naturais coma nos xerados pola acción humán.
- Interactuar co espacio circundante: moverse nel e resolver problemas nos que intervenían os obxectos e a súa posición.
- Adoptar unha disposición a unha vida física saudable nun entorno natural e social tamen saudable.

-Usar responsablemente os recursos naturais, o cuidado do medio ambiente, o consumo racional e responsable e a protección da saúde individual e colectiva.

-Percibir o espazo físico no que se desenrola a vida e a actividade física.

Competencia matemática

-Realizar medicións.

Tratamento da información e competencia dixital

-Utilizar as novas tecnoloxías como ferramenta para conseguir obxetivos e fins de aprendizaxe, traballo e ocio previamente establecidos.

Competencia social e cidadá

-Participar, tomar decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións

-Responsabilizarse das eleccións e decisións adoptadas

-Resolver os conflitos con actitude constructiva

-Expresar as propias ideas e escoltar as alleas.

-Coñecerse e valorarse.

Competencia cultural e artística

-Poñer en funcionamento a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse mediante códigos artísticos.

-Coñecer, comprender, apreciar e valorar críticamente diferentes manifestacións artísticas.

Competencia para aprender a aprender

- Ser consciente do que se pode facer por un mesmo e do que se pode facer coa axuda dos demais.
- Aumentar progresivamente a seguridade para afrontar novos retos de aprendizaxe.
- Aplicar os novos coñecementos e capacidades en situacións parecidas e contextos diversos.
- Dispoñer dun sentimento de competencia persoal, que redunde na motivación, na confianza nun mesmo e o gusto por aprender.

Autonomía e iniciativa persoal

- Responsabilidade
- Coñecemento de si mesmo
- Autoestima
- Elexir, calcular riscos e afrontar os problemas
- Analizar posibilidades e limitacións.
- Espírito de superación.
- Elexir con criterio propio
- Organización de tempos e tarefas

3º CICLO

LINGUA GALEGA E CASTELÁ

OBXECTIVOS

- Comprender e expresarse oralmente e por escrito de xeito adecuado nos diferentes contextos da actividade social e cultural cotiá.
- Utilizar a lingua oral de xeito adecuado na actividade social e cultural adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar tanto para buscar, recoller, seleccionar, contrastar, transformar e procesar información, como para escribir textos propios do ámbito académico.
- Usar as diversas clases de escritos coa axuda dos cales se produce a comunicación entre as persoas e destas coas institucións públicas ou privadas.
- Utilizar os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, interpretar e valorar informacións e opinión diferentes.
- Utilizar adecuadamente a biblioteca e os seus diferentes departamentos como fonte de recursos variados para o disfrute e o pracer de ler, así como para a obtención de informacións variadas.
- Utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal para desenvolver hábitos lectores.
- Comprender textos literarios de xéneros diversos procedentes da literatura infantil e xuvenil e iniciarse na análise do linguaxe literario.
- Valorar e estimar a lingua castelá e a súa vez a galega como lingua propia
- como mostra de identidade de Galicia e recoñecer a existencia da diversidade lingüística como feito cultural enriquecedor.
- Facer uso dos coñecementos sobre a lingua e sobre as normas de uso lingüístico para escribir e falar de maneira adecuada, coherente e correcta e para comprender textos orais e escritos.

- Reflexionar sobre os diferentes usos sociais das linguas para evitar estereotipos lingüísticos que supoñan xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

CONTIDOS

Bloque 1. escoitar e falar.

- Participación e cooperación nas situacións comunicativas de relación social especialmente as destinadas a favorecer a convivencia (debates, exposicións curtas, conversas, expresións espontáneas, discusións, asembleas, narracións orais, entrevistas) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, roles diversos no intercambio,
- respecto ás opinións e opcións lingüísticas das demais persoas, ton de voz, posturas e xestos adecuados).
- Comprensión de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, na entrevista, na reportaxe infantil e nos debates e comentarios de actualidade, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos e distinguindo información de opinión.
- Interpretación elemental en textos orais da retransca, da ironía e de dobres sentidos.
- Comprensión e produción de textos orais para aprender e para informarse, tanto os creados con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase, entrevistas ou debates).
- Produción de textos orais propios dos medios de comunicación social mediante simulación ou participación para ofrecer e compartir información e opinión.
- Uso de estratexias elementais para comprender e facer comprender as mensaxes orais: fluidez, claridade, orde, léxico apropiado,

pronuncia correcta, ton de voz, entoación, xestualidade. Incorporación das intervencións das demais persoas, formulación de preguntas coherentes e percepción das reaccións.

- Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais (acenos, miradas, posturas corporais).
- Actitude de escoita adecuada ante situación comunicativas (tolerancia ás opinións, escoita atenta, respecto das opcións de quen fala sen interrupcións inadecuadas, contacto visual).
- Escoita, memorización e produción de textos procedentes da literatura popular oral galega e castelá (refráns, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, cancións, ditos, romances, cantigas).
- Valoración e aprecio do textos literarios orais como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de desfrute persoal.
- Valoración dos medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a información e a experiencias doutras persoas.
- Uso de documentos audiovisuais como medio de obter, identificar, seleccionar, clasificar, comparar e relacionar con progresiva autonomía información relevantes para aprender.
- Actitude de cooperación e de respecto en situación de aprendizaxe compartida.
- Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque 2. Ler e escribir.

- Comprensión da información relevante en textos das situacións cotiás de relación social: correspondencia, normas, programas de actividades, convocatorias, plans de traballo ou regulamentos.
- Comprensión de textos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas webs infantís e xuvenís) con especial incidencia na

noticia, na entrevista e nas cartas á dirección do xornal, para obter información xeral, localizando informacións destacadas.

- Comprensión de textos do ámbito escolar en soporte papel ou dixital para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso social (folletos informativos ou publicitarios, prensa, programas, fragmentos literarios).
- Utilización de elementos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión (ilustracións, gráficos, táboas e tipografía).
- Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes para aprender, comparando, clasificando, identificando e interpretando con especial atención aos datos que se transmiten mediante gráficos, esquemas e ilustracións.
- Esquemmatización da información relevante dun texto.
- Uso das estratexias de planificación, de textualización (formato, estrutura, ortografía e normas lingüísticas...) e revisión como partes do proceso escritor.
- Composición de textos propios de situación cotiás de relación social (correspondencia, normas, programas, convocatorias, plans de traballo, SMS) de acordo coas características propias destes xéneros.
- Composición de textos de información e de opinión característicos dos medios de comunicación social sobre feitos e acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia, na entrevista, no comentario breve sobre libros ou música, en situación reais ou simuladas.
- Producción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, enquisas, resumos, esquemas, informes, descricións, explicacións).
- Realización de diferentes tipos de lectura: de investigación, de aprendizaxe, de desfrute persoal, de resolución de problemas.

Lectura:

- -Expresiva de textos de diferente tipoloxía textual non literaria.

- -Persoal, silenciosa e en voz alta de obras adecuadas á idade e aos intereses (conto, cómic,
- novela).
- -Guiada de textos narrativos da literatura infantil, adaptacións de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes.
- -Comentada de poemas, de relatos e de obras teatrais tendo en conta as convencións literarias (xéneros e figuras).
- Uso das estratexias de control do proceso lector (anticipación, formulación de hipóteses, relectura...)
- Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.
- Valoración e aprecio do texto literario como vehículo de comunicación e fonte de aprecio da cultura e como recurso de desfrute persoal.
- Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas...
- Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.
- Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.
- Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e de reelaboración da información e dos coñecementos.
- Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información.
- Uso progresivamente autónomo de programas informáticos de procesamento de textos e de corrección ortográfica.
- Uso da biblioteca do centro, amosando coñecemento da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades literarias e na elaboración de propostas.
- Creación da biblioteca persoal.

- Utilización das bibliotecas, incluíndo as virtuais, de xeito cada vez máis autónomo, para obter información e modelos para a produción escrita.
- Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non literarios diversos.

Bloque 3. Reflexionar sobre a lingua.

- Identificación das relacións entre os elementos do contexto e as formas lingüísticas en que se manifestan os discursos orais e escritos.
- Identificación en situacións comunicativas de participantes, lugares, xeitos de proceder, para reflexionar sobre as diferentes variables que inciden na comunicación.
- Recoñecemento de estruturas narrativas, descritivas, instrutivas e explicativas para a comprensión e composición.
- Identificación dos mecanismos que favorecen e controlan a comprensión lectora.
- Coñecemento das normas ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas nos escritos.
- Uso de procedementos de derivación, de comparación e de contraste para xulgar sobre a corrección das palabras e xeneralizar as normas ortográficas.
- Valoración das variedades lingüísticas da lingua galega.
- Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde para elaborar textos coherentes e ben estruturados.
- Comparación de textos orais e escritos producidos en diferentes variedades da lingua .
- Comparación entre aspectos das linguas que o alumnado coñece e/ou está a aprender para mellorar os procesos comunicativos e recoñecer as interferencias entre as linguas.
- Uso e identificación intuitiva da terminoloxía seguinte nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados;

sílaba tónica e átona; enunciados: frase e oración; tipos de enunciado: declarativo, interrogativo, exclamativo, imperativo; enlaces: preposición e conxunción; grupo de palabras: núcleo e complementos; adxectivo; tempo

- verbal; persoa gramatical; modo imperativo e infinitivo; suxeito e predicado; complementos do nome e complementos do verbo.
- Comparación de estruturas sintácticas diversas para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.
- Observación da inserción e coordinación de oracións como procedementos propios da explicación tanto na escritura como na expresión oral.
- Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (causa, consecuencia, finalidade, contradición, condición...) en relación coa composición de textos.
- Identificación, en oracións, de suxeito e de predicado, e do papel semántico do suxeito(axente, paciente, causa).
- Transformación de oracións de activa en pasiva e viceversa para mellorar a comprensión de determinados textos.
- Práctica do paso de estilo directo a estilo indirecto na narración.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula observando as actitudes adecuadas e autorregulando as estratexias que fan efectiva a comunicación. Amosar interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuado
- Comprender textos orais diversos interpretando as intencións explícitas así como as intencións, valores e opinións non explícitas.
- Expresarse oralmente con corrección segundo a situación comunicativa de que se trate.

- Producir textos orais a partir de textos preexistentes da literatura oral popular (refrns, ditos, conxuros, lendas, contos, adivias, cantigas, cancins, romances) co ritmo e a entoacin adecuados.
- Buscar, localizar e seleccionar informacin explcita en textos escritos de soportes variados (webs, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencins e dobres sentidos..
- Interpretar e integrar as concepcins previas e ideas propias coas contidas nos textos comparando e contrastando informacins variadas.
- Producir textos de diferente tipoloxa que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoer opinins, emocins e informacins relacionadas con situacins cotias da aula de xeito coherente, usando o mas adecuadamente posible estratexias de planificacin, de textualizacin e de revisin e empregando soportes variados, incluídos os dixitais.
- Ler expresivamente textos de diversa tipoloxa con fluidez e precisin, atendendo  diccin, entoacin, intensidade de voz, ritmo e velocidade, adecuados s diversas situacins funcionais da lectura en voz alta (ler para que algun desfrute escoitando, ler para dar a coecer un texto descoecido, ler para compartir informacin que se acaba de localizar) facendo participar a audiencia da sa interpretacin.
- Coecer textos de literatura infantil adecuados ao ciclo coa finalidade de que sirvan de modelos para a escritura creativa e de recursos para a lectura por pracer.
- Usar as bibliotecas da aula e do centro, con autonoma comprendendo como se organiza e colaborando no seu coidado e mellora.
- Analizar textos orais e escritos producidos en diferentes variedades .
- Analizar criticamente os textos e hipertextos e reflexionar sobre o seu contido identificando a estrutura, o uso da linguaxe e o punto de vista da autora ou do autor a partir dos cambios que se poden producir nos elementos textuais efectuando modificacins variadas neles.

- Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, e como apoio á comprensión e á produción de textos.
- Establecer relacións entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado para reflexionar sobre como mellorar os seus procesos comunicativos na lingua galega.

LINGUA INGLESA

OBXECTIVOS

- ↗ Escoar e comprender mensaxes en interaccións verbais variadas, utilizando as informacións transmitidas para a realización de diversas tarefas concretas relacionadas coa experiencia do alumnado.
- ↗ Expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais que teñan un contido e desenvolvemento coñecidos, utilizando procedementos verbais e non verbais e adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- ↗ Escribir textos diversos con finalidades variadas sobre temas previamente tratados na aula e coa axuda de modelos.
- ↗ Ler de xeito comprensivo textos diversos, relacionados coas experiencias e intereses do alumnado, extraendo información xeral e específica de acordo cunha finalidade previa.
- ↗ Aprender a usar con progresiva autonomía medios variados, incluídas as TIC, para obter información e para comunicarse en lingua estranxeira.
- ↗ Valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre as persoas de procedencias e culturas diversas e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.
- ↗ Manifestar unha actitude receptiva, interesada e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira.
- ↗ Coñecer aspectos doutras culturas que utilizan a lingua estudada e amosar unha actitude de respecto cara as mesmas.

- ✧ Utilizar os coñecementos e as experiencias previas coas linguas galega e castelá para unha adquisición máis rápida, eficaz e autónoma da lingua estranxeira.
- ✧ Identificar aspectos fonéticos, de ritmo, de acentuación e de entoación, así como estruturas lingüísticas e aspectos léxicos da lingua estranxeira e usalos como elementos básicos da comunicación.

CONTIDOS

Bloque 1. escoitar e falar.

- ◆ Comprensión de mensaxes orais (instrucións, peticións e explicacións) de progresiva complexidade para realizar tarefas dentro ou fóra da aula, emitidas polas persoas presentes ou a través de gravacións nos diferentes soportes.
- ◆ Comprensión de mensaxes orais de progresiva complexidade relacionadas cos intereses dos rapaces e das rapazas e cos seus sentimentos, desexos e gustos (entrevistas a persoas coñecidas; contos; lendas; sucesos; adiviñas; relato oral do que se está facendo, vendo ou escoitando; relato da vida diaria doutros nenos e doutras nenas da súa idade que viven de xeito diferente...), emitidas en soporte audiovisual e informático, para obter información global e específica.
- ◆ Exploración das posibilidades expresivas de textos orais a través da imitación, da recitación, da dramatización e da representación.
- ◆ Participación en situacións reais de comunicación ou simuladas empregando expresións cada vez máis complexas baseadas en modelos e en estruturas lingüísticas coñecidas (para falar da familia e doutras persoas, do tempo atmosférico, da roupa, dos libros, dos xogos, das películas...), con adecuación ao contexto, con progresiva autonomía e con reforzo de linguaxe non verbal.

- ◆ Participación activa en situacións cotiás de comunicación producidas dentro da aula (decidir sobre un asunto, facer peticións, organizar a actividade, traballar en equipo, pedir aclaracións ou axuda, expoñer un tema...), respectando e empregando as convencións propias do proceso comunicativo: prestar atención á persoa que fala, usar adecuadamente das quendas de palabra, manter o contacto visual, amosar actitude positiva e adecuar a resposta á intervención.
- ◆ Recoñecemento de estruturas para afirmar, negar, cuantificar...
- ◆ Sensibilidade ante a importancia da comunicación oral en linguas estranxeiras.
- ◆ Valoración do diálogo entre iguais como medio de aprendizaxe compartida.
- ◆ Emprego da lingua estranxeira como instrumento para unha aprendizaxe integrada, coa finalidade de acadar novos coñecementos non puramente lingüísticos (taller de solidariedade, obradoiro de educaciónviaria, aprendizaxe e práctica dun novo deporte, dunha nova técnica artística...).
- ◆ Afianzamento e confianza nas estratexias básicas para apoiar a comprensión e a expresión oral: uso do contexto visual e non verbal e dos coñecementos previos sobre o tema ou sobre a situación de comunicación transferidos desde as linguas que coñece o alumnado á lingua estranxeira, así como solicitude de repeticións e de reformulacións para asegurar a comprensión.
- ◆ Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas na lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e coñecer outras culturas.
- ◆ Interese por empregar a lingua estranxeira e por aprender o seu uso en novas situacións de comunicación de progresiva complexidade, atendendo á corrección e á adecuación das expresións.

- ◆ Interese pola pronuncia coidada, polo ritmo, pola entoación e pola acentuación adecuadas, tanto nas participacións orais como nas imitacións, recitacións e dramatizacións.
- ◆ Valoración das actividades realizadas fóra da aula en que a lingua empregada sexa a lingua estranxeira (asistencia a unha obra de teatro, xantar con persoas doutros países, demostración dalgunha habilidade e explicación...)
- ◆ Valoración das linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.
- ◆ Actitude crítica ante as discriminacións amosadas nas mensaxes procedentes dos diferentes medios de comunicación social, audiovisuais e multimedia.
- ◆ Uso dos coñecementos en lingua estranxeira para interpretar mensaxes presentes no propio medio. Presenza da lingua estranxeira en Galicia.

Bloque 2. ler e escribir.

- ◆ Asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e de expresións orais coñecidas, así como consolidación das asociacións grafía-son das mensaxes empregadas en situacións funcionais de comunicación.
- ◆ Lectura e comprensión de diferentes mensaxes significativas (entrevistas de personaxes de interese, bitácoras, instrucións dun novo xogo, mensaxes de correo, narración dun suceso...) en soporte papel e dixital, adaptadas á competencia lingüística do alumnado, para utilizar información global e específica, no desenvolvemento dunha tarefa ou proxecto ou para gozar da lectura.

- ◆ Uso progresivamente autónomo de estratexias de lectura (utilización dos elementos do contexto visual e dos coñecementos previos sobre o tema ou sobre a situación de comunicación transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante, deducindo o significado de palabras e de expresións non coñecidas e empregando dicionarios ou tradutores dixitais.
- ◆ Exploración das posibilidades expresivas da lectura de mensaxes en que a expresividade sexa ingrediente fundamental para a comprensión e para o gozo destas (breves obras de teatro, chistes, poemas, cancións, conversas da vida cotiá...)
- ◆ Actitude crítica ante as mensaxes procedentes dos medios de comunicación social e da internet e identificación de valores e de ideas subliminais que supoñan calquera tipo de discriminación ou manipulación.
- ◆ Autonomía lectora e identificación e selección de lecturas (contos, folletos, revistas e cómics en lingua estranxeira) na biblioteca da aula e na do centro.
- ◆ Interese pola lectura autónoma de textos en lingua estranxeira para obter información e para gozar con eles.
- ◆ Lectura e escritura de textos propios de situacións comunicativas habituais de relación social e dos medios de comunicación, así como de textos para aprender e para informarse.
- ◆ Valoración da lingua estranxeira como instrumento para comunicarse por escrito con rapaces e rapazas doutros lugares (chat e correo electrónico) e para aprender costumes e aspectos culturais propios dos países onde se fala a lingua estranxeira e doutros onde esta se estuda (manifestacións artísticas e musicais, danzas, festivais, paisaxe, climatoloxía, patrimonio histórico, comidas, deportes, xogos tradicionais e actividades de lecer...).
- ◆ Producción de textos escritos sobre temas de interese elaborados de forma cooperativa, seguindo as secuencias do proceso de produción (planificación, xeración de ideas, textualización e revisión), utilizando as

tecnoloxías da información para a súa produción, e asegurando que o resultado se acade a través da negociación entre o grupo. Interese por compartir os textos producidos (exposición na aula ou no centro).

- ◆ Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos propios e alleos valorando o seu sentido estético.
- ◆ Composición de textos de creación propia asociados a distintas situacións de comunicación, progresivamente máis extensos e ricos en léxico e en estruturas, seguindo as secuencias do proceso de produción (planificación, xeración de ideas, textualización - organización en parágrafos-, e revisión), con diversas intencións comunicativas (contar experiencias, sentimentos, preferencias, regular normas, informar de acontecementos, invitar a actuar con responsabilidade ecolóxica...).
- ◆ Interese por empregar as TIC para producir textos e presentacións coa finalidade de transmitirles a outros rapaces e a outras rapazas aspectos relacionados coa nosa identidade cultural (adaptando ou creando poemas, lendas, cancións e describindo lugares do contorno, personaxes da nosa cultura, xogos e festas populares...).

Bloque 3. Reflexión sobre a lingua e consciencia intercultural.

- ◆ Autonomía no emprego dun cartafol propio, manuscrito ou en soporte dixital, onde estarán incluídos unha selección dos mellores traballos, unha reflexión propia da mellor maneira de aprender, autoavaliacións, observacións, curiosidades, fotos, material real... relacionados coa lingua estranxeira.
- ◆ Uso de estratexias como a repetición; a imitación; a memorización; a asociación de palabras e de expresións con xestos, imaxes ou sons; a observación de modelos; a lectura de textos; a utilización de soportes multimedia e de dicionarios para a adquisición de novo léxico, formas e estruturas da lingua.

- ◆ Interese por revisar e autocorrixir os textos, comparando os procedementos lingüísticos máis frecuentes utilizados coa mesma finalidade nas distintas linguas.
- ◆ Confianza na propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira, aceptando o erro como parte do proceso e valorando o traballo cooperativo como forma de acadar obxectivos de aprendizaxe individuais e colectivos.
- ◆ Activación e reflexión dos coñecementos lingüísticos desenvolvidos nas outras linguas para favorecer a comprensión das mensaxes escritas na lingua estranxeira (relacionar elementos do texto, prescindir de comprender o significado de palabras que non son esenciais, deducir o sentido de palabras e de estruturas).
- ◆ Identificación dos propios problemas de comprensión e progresiva superación destes a través de toma de notas en producións orais, da atención ao contexto, da repetición, da memorización...
- ◆ Recoñecemento do uso e da funcionalidade dalgunhas formas e estruturas básicas propias da lingua estranxeira previamente utilizadas.
- ◆ Actitude receptiva cara ás persoas que falan outra lingua e teñen culturas, hábitos, crenzas, opinións e formas de vida diferentes á propia.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Valorar a lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e para achegarse a rapaces e rapazas doutras culturas que teñen formas de vida diferentes da propia e para descubrir algúns aspectos culturais diferentes e semellantes á identidade galega través de diferentes canles de comunicación.
- Empregar a lingua estranxeira como instrumento para a construción de novas aprendizaxes que non sexan puramente lingüísticas (obradoiro de

solidariedade, de educación viaria, aprendizaxe e práctica dun xogo deportivo, dunha técnica artística...).

- Comprender o sentido global de mensaxes orais significativas e identificar informacións específicas destas emitidas en diferentes situacións de comunicación, procedentes de distintas fontes e en diversos formatos.
- Manter conversas cotiás sobre temas de interese coñecidos e traballados con anterioridade en situacións de comunicación funcionais, respectando as normas básicas dos intercambios, como esperar a quenda, escoitar e mirar a quen fala e interesarse polas intervencións alleas.
- Localizar en mensaxes escritas en diversos formatos, e relacionadas cos intereses dos rapaces e das rapazas, información explícita e realizar inferencias directas baseadas no contexto.
- Compoñer mensaxes escritas significativas atendendo ás persoas a quen van dirixidas, ao tipo de texto e á finalidade, tanto en soporte papel como dixital, e elaboradas de forma cooperativa.
- Usar formas e estruturas básicas propias da lingua estranxeira, incluíndo aspectos de ritmo, de acentuación, e de entoación en diferentes contextos comunicativos de forma significativa.
- Empregar algunhas estratexias para aprender a aprender, como facer preguntas pertinentes para obter información, pedir aclaracións, utilizar dicionarios bilingües e monolingües, acompañar a comunicación con xestos, buscar, recompilar e organizar información en diferentes soportes, utilizar as TIC para contrastar e comprobar información e identificar algúns aspectos que axudan ao alumnado a aprender mellor.
- Amosar comprensión, tolerancia e respecto cara ás diferenzas de todo tipo, adoptando unha actitude positiva ante culturas e opinións alleas.
- Aplicar estratexias que favorezan a creatividade na produción de mensaxes próximas ao alumnado a partir dun contexto concreto e utilizando a educación artística, as tecnoloxías da comunicación e da información...

- Recoñecer, identificar e valorar algúns aspectos socioculturais do país ou países onde se fala a lingua estudada, identificando semellanzas e diferenzas coa nosa realidade. Demostrar curiosidade e interese por buscar información a través de diferentes medios
- Amosar confianza e interese por transmitir diferentes aspectos da propia cultura a outros nenos e nenas empregando o idioma estranxeiro oralmente e por escrito e valorando positivamente o que desde a nosa cultura podemos ofrecer.

CIDADANÍA

OBXECTIVOS

- ⤴ Identificar e aceptar a propia identidade e desenvolver a autoestima, a afectividade e a autonomía persoal na vida cotiá, nas relacións de cada alumna ou alumno coas demais persoas e como integrante dos grupos sociais en que participa.
- ⤴ Amosar actitudes contrarias á violencia, aos estereotipos (de xénero, lingüísticos, relixiosos, culturais, físicos...) e aos prexuízos, sendo quen de defender os propios puntos de vista mediante o diálogo e a argumentación.
- ⤴ Desenvolver e facer uso de habilidades emocionais, comunicativas e sociais para actuar con progresiva seguridade e autonomía na vida cotiá e para participar activamente nas relacións de grupo, amosando actitudes comprensivas, cooperativas, xenerosas e construtivas e sendo quen de autorregular emocións e condutas.
- ⤴ Coñecer e apreciar os valores e normas de convivencia, obrar de acordo con elas asumíndoas como propias e participar activamente na elaboración das normas do centro educativo (da aula, relativas ao uso de instalacións e materiais, nos regulamentos de actividades, etc.).

- ⤴ Utilizar estratexias de resolución pacífica dos conflitos desde o diálogo e a mediación.
- ⤴ Recoñecer e valorar a diversidade (de xénero, física, cultural, lingüística, étnica, relixiosa, etc.) como feito enriquecedor, valorar a contribución de cada quen ao enriquecemento dun grupo, amosar respecto polos costumes e modos de vida de persoas e de poboacións distintas á propia e esforzarse por contribuír á mellora das relacións, interesándose por compartir espazos, tempos, actividades, materiais, experiencias, etc.
- ⤴ Coñecer, asumir e valorar os dereitos e deberes que como neno ou nena lle corresponden ao alumnado e os que lle corresponderán como persoa adulta, manexar os documentos onde están recollidos .
- ⤴ Coñecer os mecanismos fundamentais de funcionamento das sociedades democráticas, fundamentalmente nos ámbitos máis próximos á realidade do alumnado, valorar o papel das administracións na garantía dos servizos públicos e a obriga dos cidadáns e das cidadás de contribuír ao seu mantemento mediante a asunción dos seus deberes e compromisos sociais.
- ⤴ Fomentar iniciativas de participación democrática e responsable no propio centro, asumindo os papeis que correspondan en función da situación e participando, tamén activamente, en actividades fóra do centro.
- ⤴ Identificar, analizar e rexeitar situacións de abuso, de inxustiza e de discriminación, na vida cotiá do alumnado e noutras realidades e amosar sensibilidade polas necesidades das persoas e dos grupos máis desfavorecidos, desenvolvendo comportamentos solidarios e favorecedores da convivencia e participando, na medida das súas posibilidades, en iniciativas que buscan cambiar estas situacións.
- ⤴ Ser capaz de analizar a situación do medio natural no contorno próximo, tomar conciencia da situación a niveis máis amplos, recoñecer a incidencia das propias accións no seu coidado ou na súa deterioración, desenvolver actitudes comprometidas para a súa conservación e mellora

e asumir comportamentos(vida saudable, consumo responsable, seguridade...) que contribúan á sustentabilidade.

CONTIDOS

Bloque 1. Identidade persoal

- Identificación das características persoais e dos trazos de identidade (as propias capacidades e necesidades).
- Desenvolvemento da autonomía persoal e da autoestima (seguridade en si mesmo e en si mesma, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades, sentimento de importancia, valoración da historia persoal e das contribucións alleas á súa construción).
- Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado.
- Causas e consecuencias das accións propias (accións que poden facer sentirse ben ou mal a outras persoas). Responsabilidade polos propios actos.
- Agradecer, desculparse, presentar unha queixa, aprender a dicir non, aprender a recuperarse e responder ao fracaso. A intelixencia emocional.
- Identificación, recoñecemento, verbalización, manexo e control dos sentimentos propios (que me ocorre, por que me ocorre, que podo facer cando me sinto así).
- Valoración da liberdade e da responsabilidade na toma de decisións con criterios de eficacia e de xustiza. Responsabilidade na planificación do futuro inmediato.
- Recoñecemento das diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise de medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha

auténtica igualdade de oportunidades. A contribución das mulleres ao longo da historia e á situación actual do mundo. A vida das mulleres galegas no pasado e no presente e as súas achegas á sociedade. Redes de apoio de mulleres. Identificación e rexeitamento de desigualdades entre mulleres e homes no mundo laboral e na vida cotiá. Valoración da igualdade de dereitos de homes e de mulleres na familia e no mundo laboral e social. Características de veciñanza.

- Aplicación de condutas responsables no uso das TIC (autonomía, autocontrol, seguridade, sentido ético) e análise da realidade que presentan os medios de comunicación para desenvolver a capacidade de elección crítica e responsable.
- Sensibilización, visibilización e rexeitamento do sexismo, do racismo, da homofobia... dentro da perspectiva da defensa dos dereitos humanos e do respecto á identidade persoal.

Bloque 2. Identidade social.

- Identificación coas colectividades en que se desenvolve a vida do alumnado: escolar, familiar, local, comarcal e autonómica. Recoñecemento das vantaxes que supón pertencer a estes colectivos e das achegas que se poden facer individualmente a cada un deles.
- Importancia do recoñecemento dos dereitos e deberes do alumnado no centro escolar.
- Identificación, recoñecemento e valoración dos dereitos de todas as nenas e de todos os nenos do mundo, así como os dereitos das persoas recoñecidos nas declaracións universais, no Estatuto de autonomía de Galicia e na Constitución. Coñecemento de organizacións que loitan por que eses dereitos se respecten e do traballo que desenvolven.
- Valoración da convivencia pacífica en sociedade e recoñecemento dos valores en que se apoia: respecto, tolerancia, solidariedade, xustiza, compromiso, cooperación e cultura da paz. Identificación, recoñecemento

e análise de actuacións que posibilitan e que dificultan a convivencia e o benestar dos grupos sociais.

- Aplicación de habilidades, de estratexias e de procedementos que contribúen a xerar relacións de entendemento e de convivencia pacífica. Habilidades de comunicación e de relación tanto interpersoais como intrapersoais. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a relación e a comunicación.
- Desenvolvemento da vontade, da flexibilidade e da dispoñibilidade para resolver conflitos. Aplicación do diálogo e da mediación como forma de resolución pacífica dos conflitos.
- Valoración da colaboración e das diferentes posibilidades de traballo cooperativo. Identificación do proceso de toma de decisións de grupo. Identificación e uso dos mecanismos de participación no funcionamento da aula e da escola.
- Aplicación dos valores cívicos e do exercicio dos dereitos e deberes nas situacións de convivencia no contorno inmediato entre iguais e nas relacións interxeracionais.
- Valoración da igualdade dentro das diferenzas. A diversidade física, social, cultural e relixiosa.
- Recoñecemento, valoración, tolerancia e respecto polos costumes e modos de vida distintos ao propio.
- Recoñecemento de costumes, de tradicións e de estilos de vida propios e os das compañeiras e compañeiros.
- Valoración das celebracións e manifestacións culturais como signos de identidade e de cohesión social.
- Identificación das situacións de marxinação, de discriminación e de inxustiza social.

- Desenvolvemento de actitudes de comprensión de superación de prexuízos e de estereotipos, de cooperación e de solidariedade ante problemas e necesidades doutras persoas. Protección e amparo das persoas máis desfavorecidas.

Bloque 3. Compromiso social.

- Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social.
- Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade.
- Práctica de normas cívicas, como por exemplo as de circulación viaria, e asunción de roles por medio do xogo e da simulación.
- Recoñecemento dos principios de convivencia que establecen o Estatuto de autonomía de Galicia e a Constitución española.
- Reflexión sobre as características que debe posuír unha sociedade democrática.
- Análise de mensaxes, de declaracións, de imaxes, etc. procedentes de medios de comunicación, de páxinas web, de publicidade... diferenciando información veraz e contrastada de simples opinións persoais.
- Identificación, aprecio, respecto, responsabilidade, coidado e mellora dos bens comúns e dos servizos públicos. Normas de uso e accións que contribúen ao seu axeitado funcionamento.
- Valoración dos impostos como un medio para corresponsabilizarse socialmente.
- Identificación e rexeitamento das causas que provocan situacións de marxinación, de discriminación e de inxustiza social.

- Identificación de servizos e de persoas que interveñen en casos de situacións de emerxencia (accidentes, lumes, inundacións, terremotos, guerras...) e daquelas persoas e organizacións que contribúen desinteresadamente a mellorar situacións de desvantaxe social, de pobreza, de marxinación, de fame, de explotación da infancia, de enfermidade... Busca de formas de apoio a elas e de contribución ao seu funcionamento.
- Reflexión sobre a repercusión social, no presente e no futuro, de accións individuais e colectivas. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas de consumo responsable, de coidado do medio, de prevención de riscos viarios e de promoción de formas de vida saudable. Reflexión sobre as posibilidades de cambio nas rutinas individuais para mellorar a calidade de vida.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- ◆ Amosar respecto polas diferenzas e características persoais propias e dos compañeiros e compañeiras.
- ◆ Valorar as consecuencias das propias accións e responsabilizarse delas..
- ◆ Argumentar e defender as propias opinións, escoitar e valorar criticamente as opinións das demais persoas, amosando unha actitude de respecto e comprendendo que o que se axuíza ou desautoriza son opinión ou actuacións, nunca persoas.
- ◆ Este criterio pretende avaliar ata que punto os alumnos e as alumnas son quen de manexarse na súa autorregulación, así como a súa evolución cara a unha comunicación cada vez máis eficiente e eficaz como base de relacións positivas que posibilitarán unha convivencia enriquecedora a nivel individual e de grupo (a comunicación implica relación e a relación é a antítese da violencia).
- ◆ Participar colaborativamente na elaboración das normas, aceptalas, asumilas como propias e incorporalas aos propios patróns de conduta.

- ◆ Reflexionar sobre as normas existentes na comunidade e sobre a súa importancia.
- ◆ Familiarizarse con algúns dos dereitos humanos recollidos na Declaración universal dos dereitos humanos e na Convención sobre os dereitos da infancia e cos principios de convivencia que recollen o Estatuto de autonomía e a Constitución española.
- ◆ Identificar os deberes máis relevantes asociados a eles. Recoñecer situacións en que non son respectados e participar en iniciativas (reais ou simuladas) de mellora delas.
- ◆ Recoñecer e rexeitar prexuízos, situacións de discriminación, de marxinación e de inxustiza e interesarse por identificar os factores sociais, económicos, de orixe, de xénero ou de calquera outro tipo que as provocan, así como por atopar posibles vías de mellora para as persoas que as sofren. Valorar a importancia das accións individuais, pero entendendo que se necesitan accións colectivas.
- ◆ Identificar o funcionamento dos servizos públicos presentes na vida cotiá do alumnado e a súa relación con diferentes institucións e mais recoñecer a necesidade de que toda a poboación contribúa ao seu correcto funcionamento, mantemento e mellora a través de comportamentos responsables e solidarios (uso deses servizos, pagamento de impostos...). Por extensión, familiarizarse con outros servizos non tan próximos ao alumnado, pero tamén presentes de maneira directa ou indirecta na súa vida.
- ◆ Ser consciente da transcendencia presente e futura de accións habituais na vida cotiá do alumnado e da necesidade de realizalas seguindo pautas que teñen a súa base na reflexión e na análise individual e colectiva deses comportamentos.
- ◆ Concienciarse da influencia que poden exercer os medios de comunicación, a internet ou a publicidade nas decisións e opinións das persoas.

ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO

OBXECTIVOS

- ⤴ Comportarse de acordo cos hábitos de saúde e coidado persoal , amosando unha actitude de aceptación e de respecto polas diferenzas individuais.
- ⤴ Identificar e analizar as características, organización e interaccións de aspectos relevantes do contorno natural, social e cultural, progresando no dominio de ámbitos espaciais cada vez máis complexos.
- ⤴ Promover un sentimento positivo de pertenza aos grupos sociais de referencia: a unha familia, a unha escola....
- ⤴ * Identificar o patrimonio natural, cultural, histórico e artístico galego diferenciándoo do doutras comunidades,identidades e Estados e participando na súa defensa e conservación.
- ⤴ Recoñecer, valorar e apreciar a existencia de identidades sociais e culturais diversas con características propias e singulares (costumes, lingua, intereses,celebracións...).
- ⤴ Identificar, suscitar e resolver interrogantes e problemas relacionados co contorno usando estratexias de busca, selección e tratamento da información.
- ⤴ Expresar e comunicar os contidos da área de xeito persoal e creativo, seleccionando e interpretando datos,procesos,feitos etc...
- ⤴ Participar activamente no traballo de grupo planificando,realizando tarefas conxuntas,respectando os principios básicos do funcionamento democrático.
- ⤴ Identificar, analizar e valorar criticamente a intervención humana no medio ,adquirindo unha conciencia de respecto e coidado do mesmo.

- ⤴ Recoñecer no medio natural, social e cultural, cambios e transformacións relacionados co paso do tempo para extrapolalos a situacións futuras.
- ⤴ Planificar e realizar proxectos e aparellos sinxelos relacionados coa vida cotiá e familiar.
- ⤴ Analizar máquinas e aparellos diversos do contorno ,identificando algún elementos constitutivos e formas de enerxía necesarias.
- ⤴ Utilizar de xeito responsable e creativo as TIC de campo para aprender a aprender.

CONTIDOS

Bloque 1. Os seres humanos e a saúde

- * Identificación dos diferentes aparellos e sistemas do corpo humano.
- * Recoñecemento da nutrición como unha función vital para os seres humanos e identificación dos aparellos relacionados con ela.
- * Recoñecemento das características básicas do sistema reprodutor humano, identificando, a grandes trazos, en que consiste a fecundación e os procesos que teñen lugar a continuación, sen esquecer a función afectiva e reprodutora na sexualidade.
- * Descrición dos sentidos e do sistema nervioso e valoración da súa importancia na relación co medio e cos seres humanos.
- * Valoración positiva e práctica dos hábitos de hixiene, dos estilos de vida saudable e das normas de protección e seguridade persoal. Coñecemento de actuacións relacionadas cos primeiros auxilios para saber axudarse e axudar as demais persoas.
- * Actitude crítica ante os factores e prácticas sociais que favorecen ou dificultan un desenvolvemento saudable e un comportamento responsable.

* Identificación dos riscos do consumo de alcohol, tabaco, drogas...a través da procura de información e elaboración de conclusións.

* Recoñecemento e análise da relación existente entre os cambios que comporta o crecemento e as relacións coas outras persoas: amizades, familia...

* Identificación das características persoais e dos trazos de identidade propios para facilitar o equilibrio emocional. valorándose como diferente e respectando a diversidade.

*Desenvolvemento da autoestima e da autonomía na planificación e execución de accións e na toma de decisións.

Bloque 2. As plantas e os animais

* Elaboración cooperativa de traballos sobre os seres vivos do contorno próximo e sobre as súas condicións de vida, buscando información a través de diferentes fontes e tratándoa para a posterior formulación de hipóteses.

* Observación do desenvolvemento das principais funcións vitais de plantas e animais, identificando a estrutura e os órganos grazas aos cales poden realizar esas funcións.

* Clasificación e identificación dalgunhas especies existentes en Galicia mediante claves e guías de plantas e animais.

* Observación e rexistro dalgún proceso asociado á vida dos seres vivos, que implica a planificación do proceso, a elección de instrumentos, o tratamento da información e o contraste de observacións para a súa posterior comunicación.

* Sensibilidade pola precisión e o rigor na observación de animais e de plantas.

* Identificación da célula como unidade fundamental dos seres vivos e observación dalgunha delas mediante o uso guiado de medios tecnolóxicos e do microscopio.

* Utilización de lupas binoculares e doutros aparellos de laboratorio para observar animais e plantas, respectando sempre as normas de seguridade e traballo desta aula.

* Preparación conxunta de itinerarios e saídas para

a observación de seres vivos do contorno, utilizando diarios de campo, e documentos que recollan o observado.

* Diferenciación entre as plantas e animais e outras formas de vida presentes no contorno (bacterias, virus, algas e fungos).

* Valoración e interese pola conservación da biodiversidade.

Bloque 3. A vida en sociedade

* Participación activa na escola como unha aprendizaxe para a vida en democracia. Recoñecemento da diversidade de opinións e da necesidade do seu intercambio.

* Uso das formas de comportamento adecuado nos diferentes ámbitos sociais.

* Análise do funcionamento de organizacións próximas, comparando a organización de Galicia coa do Estado español. Valoración da participación cidadá nos ámbitos local, autonómico e estatal.

* Elaboración dun organigrama simple sobre o funcionamento dunha das entidades públicas.

* Aproximación ao coñecemento das institucións españolas e europeas.

* Observación, identificación e descrición dalgunhas características culturais, demográficas e económicas da sociedade galega e da española co fin de recoñecer e valorar a diversidade cultural e lingüística de España.

- * Identificación das raíces propias e dos trazos da cultura e interese pola súa conservación.
- * Uso de diferentes fontes de información para coñecer algunhas características elementais dos países europeos e para aproximarse ao coñecemento da Unión Europea.
- * Recoñecemento da importancia da emigración no mundo actual.
- * Respecto polas diferenzas e rexeitamento dos estereotipos, dos prexuízos e de calquera tipo de discriminación.
- * Reflexión sobre as desigualdades no acceso aos bens de consumo no contorno próximo e no mundo.
- * Resolución de problemas relacionados co contorno, usando estratexias de formulación de hipóteses, comprobación das mesmas mediante a selección e o tratamento da información, exposición de conclusións e exploración de solucións alternativas.
- * Identificación das responsabilidades das distintas institucións de.
- * Identificación e utilización de fontes variadas para informarse sobre aspectos problemáticos do contorno próximo e do mundo, analizando criticamente as informacións, reflexionando e debatendo sobre a necesidade do compromiso social na construción dun mundo máis xusto.
- * Actitude crítica ante a influencia da publicidade sobre o consumo.
- * Recoñecemento do papel das comunicacións, do transporte e doutros servizos nas actividades persoais, económicas e sociais.

Bloque 4. O medio físico: espazo e materiais

- * Identificación e diferenciación de diferentes

representacións sobre un espazo.

* Utilización guiada de planos e de mapas para orientarse e desprazarse, para localizar lugares e itinerarios e aspectos do mundo físico e político, interpretando.

* Preparación conxunta de visitas e realización de itinerarios para recoñecer elementos da paisaxe e do relevo.

* Identificación e descrición dos elementos xeográficos máis relevantes do contorno, de Galicia, de España e do mundo, localizándoos en diferentes representacións.

* Recoñecemento da influencia de factores tanto humanos como naturais sobre a paisaxe.

* Valoración da diversidade e riqueza das paisaxes do territorio galego e español, sen esquecer o coñecemento das paisaxes doutros lugares.

* Utilización das TIC e doutras fontes para recoller información sobre outros lugares, comparar ambientes e comunicar con outras comunidades ou poboacións da mesma comunidade.

*Diferenciación entre tempo meteorolóxico e clima e coñecemento da influencia do clima na paisaxe e na actividade humana.

* Lectura e interpretación do tempo atmosférico en distintas representacións, recoñecendo as principais características do clima galego.

* Valoración de actuacións que contribúen á conservación do medio e á sustentabilidade.

* Exploración do territorio na busca de actuacións humanas axeitadas ou rexeitables.

* Identificación da Terra como un planeta do sistema solar.

- * Realización de experiencias sinxelas para estudar as propiedades dalgúns aspectos do medio físico, partindo dunha pregunta ou problema de interese para o alumnado.
- * Respecto polas normas de uso, de seguridade e de conservación dos instrumentos e dos materiais de traballo.
- * Comparación e clasificación dalgúns materiais polas súas propiedades
- * Identificación e clasificación de rochas e minerais polas características observables, identificando as que están presentes en Galicia.
- * Uso de técnicas sinxelas para a separación de mesturas: filtración, destilación, disolución e evaporación.
- * Reflexión sobre as actuacións necesarias para o aproveitamento da auga e o seu uso responsable e coñecemento dos procesos de depuración e potabilización da auga para o seu uso.
- * Experimentación da flotabilidade dos materiais e obxectos. Utilización de diferentes procedementos para a medida e comparación de masas e volumes de materiais diversos.
- * Realización de experiencias acerca das propiedades dos materiais e o seu comportamento ante a luz, o son, a calor, a humidade, electricidade e o magnetismo.
- * Observación e experimentación dalgúns efectos e cambios que provoca a calor nos materiais: cambios de estado, dilatación e cambio de temperatura.
- * Experimentación coa transmisión do son nos diferentes medios.
- * Predición de cambios no movemento, na forma ou no estado dos corpos provocados polas forzas ou pola enerxía.
- * Recoñecemento e clasificación das formas de enerxía máis usadas na sociedade actual. Experimentación de transformacións simples de enerxía.

- * Valoración da importancia de conservar os recursos enerxéticos e non malgastalos, identificando algunhas estratexias de aforro.
- * Observación e experimentación de fenómenos químicos da vida cotiá e doméstica (combustión, oxidación e fermentación).
- * Recoñecemento de produtos químicos habituais no fogar e os posibles riscos para o organismo.
- * Identificación dos diferentes tipos de residuos que producimos na sociedade actual e recoñecemento da dinámica dos tres R.

Bloque 5. O paso do tempo

- * Uso da periodización convencional e das convencións de datación.
- * Uso de representacións para situar diversos momentos evolutivos e históricos.
- * Elaboración dun ficheiro de vocabulario colectivo relacionado cos cambios ao longo do tempo.
- * Identificación e análise dalgúns acontecementos e personaxes relevantes da historia de Galicia e España, recoñecendo as contribucións da muller.
- * Caracterización dalgunhas sociedades de épocas históricas, a partir da análise dos diferentes modos de vida.
- * Valoración e respecto polo patrimonio histórico e cultural como fonte de información e signo de identidade.
- * Utilización de distintas fontes históricas, xeográficas, artísticas e outras como a prensa ou internet para a buscar información de contido histórico, e posteriormente organizala de forma sistemática e representala co fin de plasmar os resultados obtidos en informes ou traballos.

* Planificación conxunta de visitas a museos ou lugares con vestixios do pasado como fontes históricas para a elaboración de traballos sobre

algún aspecto histórico.

* Realización de arquivos con fotografías, fichas, documentos, imaxes, música, notas de prensa... sobre temas de actualidade.

Bloque 6. Máquinas, aparellos e tecnoloxías

* Distinción de modos de produción artesanal e industrial, recoñecendo os materias e máquinas implicadas.

* Investigación sobre a evolución dun obxecto ao longo da historia.

* Recoñecemento das aplicacións e utilidade dos obxectos e das máquinas para facilitar a realización de actividades humanas.

* Planificación e construción cooperativa de estruturas sinxelas a partir de pezas moduladas para resolver un problema.

* Elaboración de textos instrutivos e explicativos sobre o manexo dalgún aparello ou obxecto de uso cotián.

* Interpretación de gráficos e instrucións para a montaxe de obxectos ou aparellos sinxelos.

* Construción de circuítos eléctricos simples, identificando os seus compoñentes e funcións.

* Comparación de formas de vida e de traballo ao longo da historia.

* Valoración da influencia do desenvolvemento tecnolóxico nas condicións de vida e do traballo.

- * Valoración das habilidades manuais implicadas no manexo de ferramentas e aparellos superando os estereotipos sexistas.
- * Detección de avarías habituais no funcionamento de aparellos cotiáns e domésticos, sendo conscientes do comportamentos axeitados para evitar accidentes.
- * Control de riscos no manexo de aparellos e de máquinas. Elaboración de protocolos de uso.
- * Utilización de recursos sinxelos proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicar conclusións, elaborar informes sobre experiencias feitas.
- * Uso progresivamente autónomo de tratamento de textos mediante a busca guiada de información na rede e xestión de ficheiros.
- * Uso responsable das TIC sabendo controlar o tempo que lle adicamos e evitar a adicción.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- * Identificar algúns dos usos que as persoas fan dos recursos naturais e da enerxía e as consecuencias negativas dos usos inadecuados, así como diferentes formas de prever ou reducir a contaminación do aire, da auga e da terra.
- * Recoñecer a diversidade de paisaxes de Galicia e de España, a necesidade de preservar a riqueza paisaxística e patrimonial e ser conscientes do impacto das actividades humanas no territorio ao longo do tempo.
- * Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo relacións fundamentais entre eles e determinados hábitos de saúde.
- * Identificar, describir e analizar procesos de cambio e transformacións no contorno.

- * Recoñecer e valorar a diversidade cultural e lingüística de Galicia e de España.
- * Describir os mecanismos de funcionamento e de participación propios das sociedades democráticas e recoñecer os principais órganos de goberno de diferentes institucións.
- * Utilizar e interpretar e elaborar planos e mapas sinxelos para orientarse, situar aspectos do contorno e desprazarse adecuadamente.
- * Obter información para identificar características significativas da sociedade nalgúns épocas pasadas e situar os feitos relevantes.
- * Planificar e realizar sinxelas investigacións para estudar o comportamento dos corpos ante a luz, a electricidade, o magnetismo, a calor ou o son.
- * Planificar de forma cooperativa a construción de obxectos e aparellos cunha finalidade previa, utilizando fontes enerxéticas, operadores e materiais apropiados.
- * Resolver problemas e responder preguntas sobre aspectos do medio galego mediante o tratamento correcto da información e elaboración de conclusións para obter posibles solucións.
- * Elaborar diferentes tarefas, tanto en soporte papel como dixital, mediante un plan de traballo sobre aspectos ou situacións sinxelas.

ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA

PLÁSTICA

OBXECTIVOS

- * Desenvolver mecanismos de sensibilidade estética e a creación artísticas para promover a percepción e a expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.

- * Formar progresivamente o sentido estético persoal e desenvolver o xuízo crítico e o posicionamento respecto ás obras artísticas.
- * Indagar nas posibilidades do son, da imaxe e do movemento como elementos de representación e de comunicación e utilízasas para expresar ideas e sentimentos.
- * Explorar e coñecer materiais , instrumentos e técnicas das diferentes linguaxes artísticas.
- * Aplicar os coñecementos artísticos no mundo da arte e a cultura para comprendelas e formar un gusto propio.
- * Manter unha actitude persoal e colectiva á hora de realizar e desfrutar de diferentes producións artísticas.
- * Recoñecer que as diversas manifestacións da arte e da cultura son fonte de coñecemento, foron realizadas por homes e por mulleres e reflicten a súa experiencia e percepción da vida.
- * Coñecer algunhas das posibilidades dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación, e empregarlas como recursos para a observación, para a busca de información e para a elaboración de materiais.
- * Valorar e compartir manifestacións artísticas do patrimonio cultural galego, comprometéndose na súa defensa, conservación e difusión.
- * Coñecer e valorar diferentes manifestacións artísticas do patrimonio cultural doutros pobos.
- * Desenvolver unha relación de autoconfianza coa produción artística persoal, respectando as creacións propias e as das outras persoas.
- * Participar activamente en producións artísticas de forma cooperativa, asumindo distintas funcións e colaborando na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un produto final o máis satisfactorio posible.

* Coñecer algunhas das profesións dos ámbitos artísticos, interesándose polas características do traballo das artistas e dos artistas e desfrutando como público na observación e recreación das súas propias producións.

* Valorar no contorno próximo as intervencións artísticas das que cumpriría dispor co fin de crear espazos esteticamente agradables que contribúan a mellorar a calidade de vida.

CONTIDOS

Bloque 3. Observación plástica.

* Observación e discriminación de materiais, de cores, de formas, de volumes, de texturas, de contornos, de perspectiva, da bidimensionalidade e da tridimensionalidade, de luz, e de movemento.

* Elaboración conxunta de protocolos, de forma oral e escrita, para a observación de aspectos, de calidades e de características notorias e sutís de elementos naturais e artificiais.

* Indagación sobre as posibilidades plásticas e expresivas de elementos naturais.

* Descubrimento e identificación de elementos artísticos, obras de arte ou certos aspectos da vida cotiá e dos medios de comunicación.

* Exploración das características, elementos, técnicas e materiais que as obras artísticas ofrecen.

* Documentación, rexistro e valoración de formas artísticas e artesanais representativas da expresión cultural de Galicia e doutras colectividadeas.

* Busca de información sobre producións artísticas, autoras e autores para a elaboración e recreación de traballos diversos.

- * Diálogo ante unha obra de arte expresando sentimentos, emocións e sensacións.
- * Apreciación dos diferentes significados que pode ter unha obra de arte para cada persoa, para cada cultura e para cada época.
- * Valoración positiva da diversidade de opinións, de xuízos, de gustos e de argumentos relacionados coa expresión plástica.
- * Iniciación á análise das formas de representación de volumes
- * Análise e valoración da intención comunicativa das imaxes nos medios e tecnoloxías da información e da comunicación.
- * Comparación de mostras de diversos materiais e observación destes transformados en producións artísticas.
- * Coñecemento de identificadores artísticos de diferentes culturas e valoración destes como enriquecedores da nosa.
- * Valoración e apreciación da obra artística como instrumento de comunicación persoal e de transmisión de valores culturais.
- * Interese por coñecer producións artísticas do patrimonio cultural galego e por obter información sobre as persoas que as produciron.

Bloque 4. Expresión e creación plástica.

- * Aplicación de cores complementarias e/ou opostas e mais de tonalidades de forma intencionada, como medio de expresión e de representación.
- * Experimentación de formas abertas e pechadas e de liñas.
- * Exploración dos cambios que experimentan os volumes, as persoas e os espazos pola incidencia da luz (sombras chinesas, teatro negro...).

- * Exploración de materiais diversos.
- * Elaboración de producións plásticas empregando técnicas mixtas, texturas diferentes, materiais variados, instrumentos diversos e en soportes diversificados.
- * Construción e caracterización de personaxes, recreación de espazos imaxinados, creación de estruturas, de maquetas, de decorados e de exposicións.
- * Realización de fotografías para realizar tarefas diversas.
- * Emprego de tecnoloxías da información e da comunicación.
- * Composición de pezas recreando as obras artísticas analizadas .
- * Preparación de documentos propios da comunicación artística como carteis, guías ou programas.
- * Constancia e exixencia progresiva no proceso de realización aplicando estratexias creativas na composición, asumindo responsabilidades no traballo cooperativo.
- * Incorporación progresiva e utilización durante o proceso de produción dalgunha terminoloxía propia da linguaxe plástica.
- * Seguimento cada vez máis autónomo dun proceso para chegar á materialización plástica dunha idea.
- * Organización progresiva do proceso de elaboración concretando o tema xurdido desde a percepción sensorial, a imaxinación, a fantasía ou a realidade.
- * Apreciación da orixinalidade e respecto ás obras doutras persoas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- * Buscar, seleccionar e organizar información sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas.
- * Formular opinións acerca das manifestacións artísticas ás cales se accede, amosando o coñecemento que se ten delas e a inclinación persoal para gozar e encher o tempo de lecer.
- * Producir obras plásticas de forma cooperativa que impliquen organización espacial, uso de materiais diversos e aplicación de diferentes técnicas e instrumentos.
- * Comprobar as posibilidades de aplicación de materiais, de texturas, de formas e de cores sobre diferentes soportes.
- * Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos recursos que a linguaxe plástica e visual proporciona.
- * Usar adecuadamente as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de producións plásticas e musicais sinxelas.
- * Identificar manifestacións plásticas propias de Galicia.

MÚSICA

OBXECTIVOS

- ⤴ Desenvolver a sensibilidade estética para promover, emocións, sentimentos e vivencias.
- ⤴ Formar o sentido estético persoal para apreciar elementos das artes; desenvolver o xuízo crítico ante obras artísticas e autores.
- ⤴ Indagar nas posibilidades do son e do movemento como elementos de comunicación e utilízalas para expresar ideas e sentimentos para ao equilibrio afectivo.

- ⤴ Explorar e coñecer materiais e adquirir códigos e técnicas específicas da linguaxe artística.
- ⤴ Aplicar os coñecementos artísticos na observación e na análise de situacións e de obxectos da realidade cotiá para formar un gusto propio.
- ⤴ Manter unha actitude de busca persoal e colectiva, articulando a percepción, a imaxinación, a indagación e a sensibilidade e reflexionando á hora de realizar e desfrutar de diferentes producións artísticas.
- ⤴ Recoñecer que o arte e a cultura son fonte de coñecemento, realizadas por homes e por mulleres e reflicten a súa experiencia.
- ⤴ Coñecer posibilidades dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación en que interveñen o son.
- ⤴ Valorar e compartir manifestacións artísticas do patrimonio cultural galego.
- ⤴ Coñecer e valorar diferentes manifestacións artísticas do patrimonio cultural doutros pobos, estimando o enriquecemento que supón o intercambio con persoas de diferentes culturas que comparten un mesmo contorno.
- ⤴ Desenvolver unha relación de autoconfianza coa produción artística persoal, respectando as creacións propias e as das outras persoas.
- ⤴ Participar activamente en producións artísticas asumindo distintas funcións de forma cooperativa.
- ⤴ Coñecer algunhas das profesións dos ámbitos artísticos e desfrutar como público na observación e recreación das súas propias producións.
- ⤴ Valorar no contorno próximo as intervencións artísticas que contribúan a mellorar a calidade de vida.

CONTIDOS

Bloque 1. Escoita.

- ◆ Indagación sobre as posibilidades comunicativas das TIC, da interacción de diferentes medios e linguaxes artísticas, das familias e das agrupacións instrumentais e vocais.
- ◆ Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas, das calidades dos sons, de agrupacións instrumentais e vocais en pezas musicais.
- ◆ Análise dos parámetros do son: altura, intensidade, duración e timbre.
- ◆ Gravación, escoita e comentario da música interpretada na aula e suxestión de posibilidades de mellora persoal e colectiva.
- ◆ Utilización dos medios de comunicación e da internet para a busca de información, en soporte papel e dixital, sobre instrumentos, compositoras e compositores, intérpretes e eventos musicais de interese.
- ◆ Investigación sobre as relacións entre as producións musicais e coreográficas e as realidades persoais e sociais onde naceron.
- ◆ Valoración dos instrumentos populares Galegos como integrantes do noso patrimonio cultural.
- ◆ Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas.
- ◆ Identificación de agresións acústicas e da súa influencia na calidade de vida das persoas, e contribución activa á súa diminución e ao benestar persoal e colectivo.
- ◆ Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música e/ou na asistencia a diferentes representacións musicais.

Bloque 2. Interpretación e creación musical.

- ◆ Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz, do corpo, dos obxectos, dos instrumentos, dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para

comunicar de forma sonora e corporal pensamentos, sensacións, emocións e experiencias.

- ◆ Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións (da cultura galega e doutras) a unha ou varias voces desenvolvendo progresivamente a dicción, a afinación e a técnica vocal.
- ◆ Improvisación, individual e/ou colectiva, de motivos, frases e pequenas formas, rítmicas e melódicas, como forma de acompañamento.
- ◆ Interpretación de danzas coidando a coordinación tanto individual coma colectiva.
- ◆ Incorporación e utilización progresiva dalgunha terminoloxía propia da linguaxe musical, adecuándoa á actividade.
- ◆ Creación de mensaxes combinando elementos sonoros e corporais diversos para comunicar emocións, sensacións, experiencias e sentimentos.
- ◆ Interese pola participación en eventos e celebracións de contido musical, formulando opinións sobre eles.
- ◆ Incorporación e utilización progresiva das grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas.
- ◆ Asunción de responsabilidades na interpretación en grupo, e respecto ás achegas das demais persoas e á persoa que asuma a dirección.
- ◆ Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final, cun nivel progresivo de confianza e de seguridade.
- ◆ Utilización guiada dos medios audiovisuais e dos recursos informáticos para a sonorización de imaxes, de contos, de poesías, de refráns e de ditos, de pezas dramáticas... e para a creación de producións propias.
- ◆ Invención de coreografías sinxelas para cancións e de pezas musicais de diferentes estilos.

- ◆ Traballo cooperativo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan e respectando as achegas das demais persoas do grupo.
- ◆ Actitude de constancia e de progresiva exixencia na interpretación musical.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadoras e creadores e outras persoas relacionadas coa música. Trátase de valorar a capacidade de busca e de uso de información en formatos variados. Valorarase especialmente a axeitada selección da información.
- Formular opinións acerca das manifestacións artísticas ás cales se accede, amosando o coñecemento que se ten delas e a inclinación persoal para gozar e encher o tempo de lecer. Con este criterio quérese comprobar o coñecemento que os nenos e as nenas teñen das manifestacións e dos feitos artísticos tanto do contorno máis próximo coma doutros pobos, a súa implicación sensible na observación da realidade e a súa capacidade para formar criterios e opinións propias, así como o interese por compartilos coas compañeiras e cos compañeiros, empregando unha terminoloxía o máis apropiada posible.
- Recoñecer músicas do medio social e cultural propio e doutras épocas e culturas. Con este criterio preténdese avaliar se o alumnado coñece e é capaz de nomear e identificar algúns dos trazos característicos e salientables de exemplos de obras musicais de diferentes épocas e culturas.
- Axustar a propia acción á das outras persoas do grupo na interpretación de pezas musicais e de danzas. Este criterio pretende avaliar a capacidade do alumnado para atender e concertar a súa propia acción coas outras partes do conxunto. Non se trata de valorar o nivel técnico

acadado, senón a actitude con que as nenas e os nenos participan nas actividades de interpretación, observando a súa vontade de adaptarse ao resto do grupo e de responsabilizarse no traballo cooperativo e coordinado.

- Rexistrar a música e os ritmos creados empreñando distintos tipos de grafías. Comprobarase a capacidade de relacionar son e grafía. Avaliarase a súa capacidade para representar gráficamente os sons dunha obra musical inventada no contexto da aula, individual ou colectivamente.
- Comprobar as posibilidades de aplicación de materiais, de texturas, de formas e de cores sobre diferentes soportes. Con este criterio avaliarase a disposición a experimentar e indagar sobre os elementos da linguaxe plástica, sobre as transformacións que estes experimentan segundo a manipulación que se faga deles e sobre os resultados que se obteñen cando son tratados nun soporte ou noutro. Servirá tamén para comprobar se se teñen interiorizadas aprendizaxes sobre o tratamento dos materiais e sobre o uso que se lles pode dar á forma, á cor e á textura.
- Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos recursos que a linguaxe plástica e visual proporciona. Avaliarase a capacidade de autonomía e de expresión con que as rapazas e os rapaces afrontan a realización plástica, o grao de desenvolvemento da capacidade creadora e imaxinativa ao combinar, suprimir ou transformar os elementos artísticos dunha produción e a súa capacidade de representar situacións vinculadas á experiencia persoal.
- Usar adecuadamente as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de producións plásticas e musicais sinxelas. Avaliarase o uso que o alumnado fai das TIC á hora de empregar algunhas aplicacións básicas para o tratamento da imaxe e do son e para a creación de producións propias.
- Identificar manifestacións musicais e plásticas propias de Galicia. Avaliarase se o alumnado é quen de recoñecer algunhas manifestacións

musicais e plásticas propias do patrimonio cultural e artístico galego, valorándoas e apreciándoas como fórmulas de transmisión de valores culturais.

COMPETENCIAS

Competencia en comunicación lingüística

- Valorar a obra artística.
- Buscar a orixinalidade narrativa e formal.
- Obter información relevante e suficiente a partir da observación.
- Describir procesos de traballo e argumentación de solucións.
- Desenvolver capacidades relacionadas coa fala, como a respiración, a dicción e a articulación.
- Adquirir un vocabulario específico da área.
- Xerar intercambios comunicativos.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

- Aproveitar a información xestual ofrecida polo contorno humano e modélico.
- Explorar de maneira sensorial os espazos.
- Tomar conciencia da importancia de contribuír a preservar un contorno físico agradable e saudable.
- Utilizar o medio como pretexto para a creación artística.
- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.
- Apreciar o contorno a través de sons, texturas, etc., presentes na natureza e nas obras realizadas polo home.

Competencia matemática

- Seleccionar as técnicas adecuadas para calcular os pulsos.

Tratamento da información e competencia dixital

- Buscar, seleccionar e intercambiar información sobre manifestacións artísticas para o seu coñecemento e gozo.
- Usar a tecnoloxía para mostrar procesos relacionados coa música.

Competencia social e cidadá

- Indagar e planificar procesos.
- Coidar e conservar materiais e instrumentos.
- Ter flexibilidade ante un mesmo suposto.
- Traballar en equipo cooperando e asumindo responsabilidades.
- Aplicar técnicas concretas e utilizar os espazos de maneira apropiada.
- Seguir as normas e as instrucións dadas.
- Expresarse buscando o acordo con actitude de respecto, de aceptación e de entendemento.

Competencia cultural e artística

- Ter interese polo coñecemento dos materiais.
- Coñecer diferentes códigos artísticos.
- Facilitar a expresión e a comunicación.

- Coñecer, valorar e manter unha actitude crítica ante as manifestacións culturais e artísticas.
- Promover a iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
- Apoiar e apreciar as iniciativas e as contribucións alleas.

Competencia para aprender a aprender

- Ter curiosidade respecto do resultado final dunha actividade manipulativa.
- Valorar o potencial creativo contido nas formas sinxelas.
- Indagar e planificar procesos.
- Esforzarse por alcanzar resultados orixinais.
- Observar co obxecto de adquirir información relevante e suficiente.
- Reflexionar sobre os procesos na exploración sensorial de sons.
- Utilizar os coñecementos adquiridos en situacións diferentes.

Autonomía e iniciativa persoal

- Desenvolver iniciativas e solucións diversas.
- Favorecer a creatividade levando a cabo iniciativas e barallando diferentes posibilidades.
- Fomentar a orixinalidade e a busca de novas formas innovadoras no proceso creativo.
- Elixir os recursos tendo en conta a intencionalidade expresiva do que se desexa lograr.
- Planificar o proceso creativo e esforzarse por alcanzar resultados orixinais.

- Adquirir coñecementos e buscar solucións a partir da exploración e da indagación.

ÁREA DE MATEMÁTICAS

OBXECTIVOS

- * Apreciar o papel das matemáticas na vida cotiá, gozar co seu uso e recoñecer o seu valor na busca de solucións.
- * Recoñecer situacións do medio habitual do alumnado que requiran operacións elementais de cálculo, formulalas, ou resolvelas empregando os algoritmos correspondentes.
- * Empregar o coñecemento matemático en situacións da vida cotiá e recoñecer o seu carácter instrumental para outros campos de coñecemento.
- * Coñecer, valorar e adquirir seguridade nas propias habilidades matemáticas.
- * Empregar e elaborar instrumentos e estratexias persoais de cálculo mental e de medida, así como procedementos de orientación espacial, en contextos de resolución de problemas.
- * Utilizar de forma axeitada as TIC ou outros recursos, tanto no cálculo como na busca, tratamento e representación de informacións diversas.
- * Identificar formas xeométricas do contorno natural e cultural, empregando o coñecemento dos seus elementos e propiedades para describir a realidade.
- * Empregar técnicas elementais de recollida de datos e representalos de xeito gráfico e numérico .

CONTIDOS

Bloque 1. Espazos e formas.

- * Interpretación, análise e representación elemental do espazo próximo.
- * Comprensión e emisión de informacións relativas a formas, relacións, posicións ou elementos referenciais e outras nocións xeométricas.
- * Experimentación con ampliacións e con reducións de figuras como introdución á noción de semellanza e simetría.
- * Interese na busca de solucións sobre a organización e utilización do espazo.
- * Utilización de instrumentos de debuxo e programas informáticos para a construción e exploración de formas e de elementos xeométricos.
- * Obtención experimental de recursos para a resolución de problemas en situacións funcionais, de perímetros e áreas de figuras xeométricas.
- * Manipulación de figuras planas e de corpos xeométricos.
- * Comparación, descrición e clasificación de figuras e de corpos xeométricos.
- * Sensibilidade para apreciar a xeometría no mundo real.
- * Interese pola precisión na descrición e na representación de formas xeométricas.
- * Confianza nas propias posibilidades para utilizar as construcións xeométricas.

Bloque 2. Cantidades.

- * Uso de diferentes fontes e recursos para atopar información sobre as relacións entre as necesidades sociais, os descubrimentos matemáticos e as mulleres e os homes que os produciron.

- * Busca e recollida de información sobre os sistemas de numeración en culturas anteriores.
- * Recoñecemento do papel da matemática na vida cotiá.
- * Identificación de aspectos cuantitativos da vida cotiá que se poden expresar empregando diferentes tipos e sistemas de números.
- * Resolución de problemas co uso de diferentes tipos de números, interpretando o seu valor e as súas funcións .
- * Lectura, escritura, seriación, ordenación, descomposición, comparación e representación na recta numérica de distintos tipos de números en contextos reais.
- * Manipulación de números diversos explorando as regularidades, atopando equivalencias e correspondencias entre eles.
- * Recoñecemento das propiedades dos números. Clasificación de números en primos e compostos buscando divisores.
- * Valoración da utilización dunha linguaxe numérica e cuantitativa cada vez máis precisa e rigorosa.
- * Resolución de problemas da vida cotiá en que se empregue máis dun procedemento de resolución, presentación de datos e formulación de razoamentos que argumenten a validez dunha solución.
- * Valoración das achegas estratéxicas das outras persoas e perseveranza na busca de solucións e de datos precisos.
- * Colaboración activa e responsable no traballo en equipo.
- * Realización de cálculos numéricos sinxelos en situacións de resolución de problemas, usando diferentes procedementos.

- * Cálculo en situacións cotiás e familiares en que se recollan a xerarquía das operacións e o emprego dos instrumentos de cálculo e mais a presentación dos cálculos e dos resultados de xeito ordenado e claro.
- * Aplicación de porcentaxes en situacións cotiás facendo correspondencias sinxelas entre elas, as fraccións e os decimais.
- * Introducción ao concepto de potencia como produto de factores iguais. Cadrados e cubos.
- * Selección, en contextos de resolución de problemas da vida cotiá, dos instrumentos e das unidades de medida usuais máis adecuados.
- * Resolución de problemas de medida nos que se utilicen estratexias de cambio de unidades.
- * Desenvolvemento de estratexias persoais para medir perímetros e superficies de figuras e de obxectos de maneira exacta e aproximada .
- * Identificación dalgunhas medidas tradicionais usadas na bisbarra e de ámbito local.
- * Medición do tempo (analóxica ou dixitalmente).Cálculo das equivalencias e transformacións entre horas, minutos e segundos, en situación cotiás.
- * Medición de aberturas e de xiros co uso de ángulos, así como utilización de instrumentos convencionais para medir graos.
- * Utilización da medición e das medidas para resolver problemas.
- * Interese por utilizar con coidado e precisión diferentes instrumentos de medida e ferramentas tecnolóxicas.
- * Valoración das vantaxes de dispor dun sistema convencional de medida e comprensión de que a medida é unha aproximación e que a unidade escollida afecta a precisión.

Bloque 3. Tratamento da información e azar.

- * Resolución e formulación de problemas en que interveñan a lectura, a interpretación e a análise crítica de representacións gráficas de datos do contorno.
- * Recollida, selección, análise, organización e rexistro de datos .
- * Representación gráfica da información.
- * Interpretación e extracción da información que fornecen a media aritmética, a moda e o rango, e aplicación destas a situacións familiares e concretas.
- * Disposición á elaboración e á presentación de gráficos e de táboas de forma ordenada e clara.
- * Valoración da importancia de analizar críticamente as informacións que se presentan a través de gráficos estatísticos .
- * Obtención e emprego de información para a realización de gráficos.
- * Valoración do uso das novas tecnoloxías nos ámbitos gráficos en que son precisas.
- * Recoñecemento da presenza do azar na vida cotiá.

- * Estimación e predición de resultados posibles en situacións aleatorias .Comparación de resultados posibles cos obtidos en experiencias aleatorias cotiás.
- * Valoración da necesidade de reflexión, razoamento e perseveranza para superar as dificultades implícitas na resolución de problemas.

* Confianza nas propias posibilidades e interese por empregar as ferramentas tecnolóxicas na comprensión dos contidos funcionais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

* Resolver e formular problemas para os que cumpra recoñecer os aspectos cuantitativos da vida cotiá que se poden expresar empregando números e para os que haxa que ler, escribir, comparar, seriar, descompoñer, representar e ordenar (utilizando razoamentos apropiados) distintos tipos de números (naturais, enteiros, fraccións e decimais ata as centésimas).

* Utilizar os números decimais, os fraccionarios e as porcentaxes sinxelas para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.

* Resolver problemas sinxelos, anticipando unha solución razoable, buscando o proceso de resolución máis adecuado, amosando actitudes de valoración das diferentes estratexias e perseveranza na busca de datos e de solucións precisas. Expresar de xeito ordenado e claro, oralmente e por escrito, o proceso seguido na resolución de problemas.

* Realizar operacións e cálculos numéricos sinxelos, en situacións de resolución de problemas, mediante diferentes procedementos (incluído o cálculo mental) que fagan referencia implícita ás propiedades das operacións. Aposar gusto pola presentación ordenada e clara dos cálculos e dos resultados.

* Seleccionar, en contextos de resolución de problemas familiares, os instrumentos e unidades de medida usuais máis adecuados, facendo previamente estimacións e expresando con precisión medidas de lonxitude, de superficie, de peso, de capacidade, de amplitude de ángulos e de tempo.

* Interpretar representacións espaciais (bosquexo dun itinerario, planos de casas e maquetas) realizadas a partir dun sistema de referencia e de obxectos e situacións familiares coa finalidade de resolver problemas.

* Empregar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, perímetro e superficie para describir, comprender e resolver problemas de situacións da vida cotiá.

* Resolver e formular problemas en que cumpra realizar, ler, interpretar e comunicar con representacións gráficas resultados dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.

* Facer estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado (posible, imposible, seguro, igual ou máis ou menos probable) de xogos sinxelos de azar para comprobar o dito resultado.

EDUCACIÓN FÍSICA

OBXECTIVOS

- Coñecer cada unha das partes do corpo e valorar a actividade física como medio de exploración e gozo das posibilidades motrices.
- Coñecer as posibilidades corporais, e desenvovelas e enriquecelas como medio de relación cos demais e co medio.
- Valorar o propio corpo e aceptar a propia identidade física.
- Adecuar o movemento no espazo, individual e colectivamente.
- Sincronizar o movemento corporal con estruturas rítmicas individuais e colectivas.
- Desenvolver a destreza visomanual.
- Tomar conciencia do ton, da relaxación e do equilibrio estático e dinámico en diferentes situacións.
- Apreciar axeitadamente diferentes traxectorias de móbiles en situacións de xogo.
- Adaptar as capacidades físicas básicas e destrezas motoras a medios non coñecidos.

- Desenvolver a mobilidade corporal, independizando segmentos superiores e inferiores do eixe corporal.
- Desenvolver a creatividade interpretativa mediante a actividade física e a expresión corporal.
- Imitar movementos cun certo grao de complexidade a partir de modelos establecidos.
- Reproducir estruturas rítmicas a través do movemento corporal.
- Recoñecer sensacións, ideas e estados de ánimo noutros compañeiros, a través do xesto e do movemento.
- Transmitir diferentes sensacións e estados de ánimo, utilizando os recursos expresivos do corpo.
- Practicar ritmos e bailes populares dissociando diferentes segmentos corporais.
- Valorar o interese e o esforzo persoal por enriba do éxito ou dos resultados obtidos.
- Dosificar o esforzo tendo en conta a natureza da tarefa que se realiza.
- Desenvolver a autoestima a partir da valoración do esforzo necesario na actividade física.
- Adoptar unha boa disposición cara a calquera tipo de actividade física.
- Desenvolver as posibilidades de control postural e respiratorio.
- Consolidar hábitos hixiénicos, alimenticios, posturais e de exercicio físico saudables.
- Desenvolver unha actitude responsable cara ao propio corpo e o dos demais.
- Desenvolver hábitos para a prevención de accidentes.
- Sistematizar as aprendizaxes de ciclos anteriores no que respecta aos hábitos alimenticios e hixiénicos e ás medidas de seguridade.

- Participar en xogos e actividades físicas colectivas, manifestando solidariedade e compañeirismo.
- Relacionarse cos demais, compartir xogos e actividades físicas e respectar as normas e regras que os rexen.
- Coñecer as estratexias básicas dos xogos.
- Evitar comportamentos agresivos e actitudes violentas nos xogos e actividades físicas competitivas, así como a discriminación dos compañeiros ou das compañeiras por razóns de índole persoal ou social.
- Participar en xogos populares tradicionais e nos de exploración e aventuras.
- Aceptar con agrado o papel que lle corresponde desempeñar en calquera tipo de xogo.
- Coñecer os deportes que mellor se lle adapten segundo as súas características.
- Coñecer e practicar actividades físicas e deportivas habituais no seu medio.
- Participar en actividades físicas e deportivas organizadas no centro.
- Utilizar de forma axeitada e respectuosa o material co que se realizan as actividades físicas e deportivas, coidando o espazo onde se desenvolven.
- Colaborar na organización de diferentes actividades físicas e deportivas, ocupándose de dispoñer o material necesario para a súa realización.
- Percibir con precisión as distancias e os obstáculos en percorridos cada vez máis complexos.
- Utilizar un repertorio motor axeitado para a resolución de problemas que impliquen unha correcta percepción espazo-temporal.
- Apreciar as distancias, o sentido e a velocidade nos desprazamentos de obxectos e persoas en movemento.

- Resolver problemas de estruturación espazo-temporal seleccionando os movementos, executándoos de xeito satisfactorio logo da avaliación das súas posibilidades.
- Realizar xogos, danzas e actividades deportivas, de diversas modalidades e dificultade crecente, con especial referencia ás tradicionais e populares de Galicia.

CONTIDOS

Bloque 1.O corpo: imaxe e percepción

- Elementos orgánico-funcionais relacionados co movemento.
- Conciencia e control do Corpo en reposo e en movemento.
- Aplicación do control tónico e da respiración ao control motor.
- Adecuación da postura as necesidades expresivas e motrices de forma económica e equilibrada.
- Utilización axeitada da discriminación selectiva de estímulos e da anticipación Perceptiva.
- Execución de movementos de certa dificultade con os segmentos corporais non dominantes.
- Equilibrio estático e dinámico en situacións complexas.
- Estructuración espazo-temporal en accións e situacións motrices complexas.
- Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos demais, mostrando unha actitude crítica hacia o modelo estético-corporal socialmente vixente.

Bloque 2. Habilidades motrices

- Adaptación das habilidades motrices a contextos de práctica de complexidade crecente, con eficacia e creatividade.
- Dominio motor e corporal dende un planteamento previo á acción.
- Acondicionamento físico orientado a mellora da execución das habilidades motrices.
- Valoración do traballo ben executado dende o punto de vista motor.
- Disposición favorable a participar en actividades diversas aceptando as diferencias no nivel de habilidade.

Bloque 3 : Habilidades físicas artístico-expresivas

- O Corpo e o movemento. Exploración e conciencia das posibilidades e recursos do linguaxe corporal.
- Composición de movementos a partir de estímulos rítmicos e musicais.
- Elaboración de bailes e coreografías simples.
- Expresión e comunicación de sentimentos e emocións individuais e compartidas a través do Corpo, o xesto e o movemento.
- Representacións e improvisacións artísticas co linguaxe corporal e coa axuda de obxectos e materiais.
- Valoración dos usos expresivos e comunicativos do Corpo.
- Participación e respecto ante situacións que supoñan comunicación corporal.

Bloque 4: Actividade física e saúde

- Adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables e autonomía na hixiene corporal.

-Recoñecemento dos efectos beneficiosos da actividade física na saúde e identificación das prácticas pouco saudables-

-Mellora da condición física orientada á saúde.

-Prevenção de lesións na actividade física. Calentamiento, dosificación do esforzo e recuperación.

-Medidas de seguridade na práctica da actividade física, con relación ao entorno. Uso correcto e respetuoso de materiais e espazos.

-Valoración da actividade física para o mantemento e a mellora da saúde.

Bloque 5 .Xogos e actividades deportivas

-O xogo e o deporte coma fenómenos sociais e culturais.

-Tipos de xogos e actividades deportivas. Realización de xogos e de actividades deportivas de diversas modalidades e dificultade crecente.

-Uso axeitado das extratexias básicas de xogo relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación/oposición.

-Aceptación e respecto hacia as normas , regras , extratexias e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo.

-Valoración do esforzo persoal e colectivo nos diferentes tipos de xogox e actividades deportivas ao marxen de preferencias e prejuicios.

-Aprecio do xogo e as actividades deportivas como medio de disfrute, de relación e de emprego satisfactorio do tempo de ocio.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñece e utiliza as distintas partes do seu corpo para o exercicio físico.

- Aplica as normas básicas de alimentación e hixiene relacionadas coa actividade física.

- Utiliza a roupa, o calzado e os materiais axeitados para a realización da actividade física.
- Adopta medidas de seguridade necesarias para previr accidentes no desenvolvemento da actividade física.
- Sincroniza os seus movementos corporais a diferentes cambios nas condicións dunha actividade: intensidade, duración e espazo no que se desenvolve.
- Reproduce estruturas rítmicas, disociando diferentes segmentos corporais.
- Executa con eficacia, ritmo e intensidade os desprazamentos en carreira, coa posta en acción, cos cambios de dirección, velocidade de execución, etc., axeitados.
- Utiliza os desprazamentos e os xiros en distintas situacións de forma axeitada.
- Disocia os segmentos superiores e inferiores do eixe corporal e adapta os seus movementos a diferentes situacións espazo-temporais.
- Oriéntase no espazo respecto de si mesmo, aos demais e aos obxectos.
- Coordina axeitadamente os xiros, as carreiras e os saltos na actividade física.
- Reacciona ante as instrucións auditivas ou visuais que recibe, empregando o movemento e os xestos.
- Reacciona correctamente en situacións onde interveñan elementos non previstos.
- Lanza obxectos cunha boa execución e precisión en distancias curtas e sobre obxectivos estáticos ou dinámicos.
- Toma parte con interese en calquera tipo de xogo, aceptando o seu nivel de destreza e confiando nas súas propias posibilidades.
- Participa en todas as actividades propostas aceptando os seus compañeiros e compañeiras á marxe da súa condición social, cultural, sexual, etc.

- Colabora activamente no desenvolvemento dos xogos e deportes de grupo, amosando unha actitude de aceptación cara aos demais, superando as frustracións que se poidan producir.
- Coñece o regulamento de diferentes deportes.
- Interésase por coñecer a diversidade de actividades deportivas, coidando os materiais e espazos onde se practican.
- Utiliza de forma axeitada os espazos e materiais cos que se desenvolve a actividade física.
- Valora a súa participación en xogos e competicións, prescindindo do resultado obtido.
- Coordina o movemento con diferentes ritmos.
- Utiliza o xesto e o movemento para a comunicación e a representación.

COMPETENCIAS

Competencia en comunicación lingüística

- Expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións.
- Xerar ideas, estruturar o coñecemento.
- Adaptar a comunicación ao contexto.
- Obter gran variedade de intercambios comunicativos nas actividades físico lúdicas.
- Escoitar, analizar e ter en conta opinións á propia con sensibilidade e espírito crítico.
- Adoptar decisións

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

- Interactuar co mundo físico, tanto nos aspectos naturais coma nos xerados pola acción humán.
- Interactuar co espacio circundante: moverse nel e resolver problemas nos que intervenían os obxetos e a súa posición.
- Adoptar unha disposición a unha vida física saudable nun entorno natural e social tamen saudable.
- Usar responsablemente os recursos naturais, o cuidado do medio ambiente,o consumo racional e responsable e a protección da saúde individual e colectiva.
- Percibir o espacio físico no que se desenrola a vida e a actividade física.
- Demostrar espírito crítico na observación da realidade e no análise dos mensaxes informativos e publicitarios, así coma uns hábitos de consumo responsable na vida cotidia.

Competencia matemática

- Realizar medicións.

Tratamento da información e competencia dixital

- Utilizar as novas tecnoloxias como ferramenta para conseguir obxetivos e fins de aprendizaxe, traballo e ocio previamente establecidos.

Competencia social e cidadá

- Participar, tomar decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións
- Responsabilizarse das eleccións e decisións adoptadas

- Resolver os conflitos con actitude constructiva
- Expresar as propias ideas e escoitar as alleas.
- Coñecerse e valorarse.
- Cooperar e convivir
- Tomar conciencia da existencia de disistintas perspectivas al analizar a realidade na que se vive.

Competencia cultural e artística

- Poñer en funcionamento a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse mediante códigos artísticos.
- Coñecer, comprender , apreciar e valorar críticamente diferentes masnifestacións artísticas.

Competencia para aprender a aprender

- Ser consciente do que se pode facer por un mesmo e do que se pode facer coa axuda dos demais.
- Aumentar progresivamente a seguridade para afrontar novos retos de apreendizaxe.
- Aplicar os novos coñecementos e capacidades en situacións parecidas e contextos diversos.
- Dispoñer dun sentimento de competencia persoal, que redunde na motivación, na confianza nun mesmo e o gusto por aprender.
- Ser conscente do que se sabe e do que é necesario aprender.
- Plantexarse metas alcanzables a corto, medio e largo prazo e cumprilas, elevando os obxetivos de aprendizaxe de forma progresiva e realista.

-Ser capaz de autoevaluarse e auto regularse, saber administrar o esforzo, aceptar os erros e aprender deles.

Autonomía e iniciativa persoal

- Responsabilidade
- Coñecemento de si mesmo
- Autoestima
- Elexir, calcular riscos e afrontar os problemas
- Analizar posibilidades e limitacións.
- Espírito de superación.
- Elexir con criterio propio
- Organización de tempos e tarefas
- Control emocional
- Identificar e cumprir obxetivos
- Empatía.

9. Aspectos xerais para a elaboración das programacións didácticas.

Será competencia do profesorado que compón cada un dos equipos de ciclo realizar as programacións de aula seguindo as directrices establecidas para o ciclo pola comisión de coordinación pedagóxica.

Previamente ao inicio de curso, o coordinador de cada ciclo fará entrega da programación didáctica á xefatura de estudos.

As programacións didácticas incluírán, polo menos, os seguintes aspectos:

- Introducción e contextualización
- Obxectivos
- Contidos
- Criterios de avaliación con referencia ás competencias básicas
- Mínimos esixibles para o logro das competencias básicas
- Procedementos de avaliación
- Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial
- Criterios de cualificación
- Actividades de recuperación e os reforzos para lograr dita recuperación
- Metodoloxía didáctica, considerando as competencias básicas como elemento organizador
- Medidas de atención á diversidade
- Adaptacións curriculares
- Programación de educación en valores
- Accións de contribución ao proxecto lector
- Accións de contribución ao plan TIC
- Accións de contribución ao plan de convivencia
- Accións de contribución ao proxecto lingüístico
- Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto
- Actividades complementarias e extraescolares
- Procedementos para avaliar a propia programación

As programacións didácticas de ciclo desenvolveráas cada mestra ou mestre en programacións de aula, organizadas en secuencias didácticas e/ou proxectos de traballo.

10. Metodoloxía. A súa contribución na consecución das competencias básicas.

EDUCACIÓN INFANTIL:

A finalidade da Educación infantil é contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, cultural e social dos nenos. Co obxectivo de acadar este fin, temos en conta os seguintes principios:

Enfoque globalizador: o principio de globalización entende que a aprendizaxe é un proceso de achegamento global do individuo á realidade que quere coñecer. Pretende respectar a maneira natural na que o neno aprende, non de xeito fragmentado, senón percibindo a realidade como un todo relacionado entre si. Á súa vez, considera que a aprendizaxe que realizan os alumnos é produto de múltiples conexións entre os novos coñecementos e os esquemas de coñecemento xa aprendidos, experimentados ou vividos. Esta formulación supón enfrontar o neno a distintas situacións que requiran a súa implicación activa e que o dispoñan a actualizar, reestruturar e enriquecer os seus coñecementos previos na procura de novas experiencias.

Por este motivo, todas as unidades abordáronse desde un enfoque globalizador, achegando o neno ao coñecemento da realidade cunha intención totalizadora, en canto aos elementos que a compoñen. Así, cada contido que se vai tratar partirá dunhas pautas de observación que nos permitirán establecer unha avaliación inicial dos seus coñecementos previos e considerar de que xeito imos abordar a nova aprendizaxe.

Motivación: entendemos o termo motivación como a condición que inicia, guía e mantén un comportamento. Daquela, o noso obxectivo é incentivar o interese do grupo cun material atraente, rico en estímulos e propicio para fomentar a participación na clase. Desta maneira, os nenos desenvolverán aprendizaxes significativas e funcionais.

Metodoloxía activa: este termo fai referencia a un conxunto de estratexias didácticas que estimulan o alumnado a experimentar e sentirse protagonista do seu propio proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Coas actividades propostas pretendemos que o neno participe na construción das súas propias aprendizaxes de maneira activa, de forma que se fomente a observación, a formulación de hipóteses, a busca de recursos, a experimentación, a capacidade crítica, a autonomía á hora de aprender e relacionarse, a análise de erros, etc. Así ata chegar a un coñecemento práctico e obxectivo.

Socialización e comunicación: consideramos que formular situacións de aprendizaxe nas que o neno atope momentos para agruparse cos seus iguais, compartir o material e sentir o apoio dos demais, axudaranlle a socializarse e comunicarse.

Neste sentido, consideremos o xogo un elemento básico e primordial xa que as distintas situacións que se xeren con el, facilitarán o proceso intelectual, afectivo e social do neno. Ademais, as actividades propostas están enfocadas a que os alumnos compartan ideas, expresen opinións e preferencias, manifesten dúbidas, propoñan solucións, representen e comenten a información obtida, integren e compartan aprendizaxes, etc.

Uso das tecnoloxías da información e da comunicación: na actualidade, estamos inmersos nun novo tipo de sociedade denominada comunmente <<Sociedade da Información e do Coñecemento>> e caracterizada polo uso xeneralizado das TIC.

Creemos que para garantir que o alumnado desenvolva certas habilidades e competencias, teñen que ter acceso a auténticos e variados materiais de busca, para o cal os invitaremos ao longo das diferentes unidades, a que exploren e recompilen os diversos recursos existentes ao seu alcance e necesarios para a execución das distintas actividades (involucrando desta maneira tamén as familias no proceso de aprendizaxe).

Educación en valores e adquisición de habilidades sociais: as actividades propostas neste sentido parten de situacións reais nas que se poden atopar os

nenos nun momento determinado. Con iso, buscamos preparar o alumnado para a vida en sociedade, promovendo neles valores e habilidades que lles permitan tomar a decisión adecuada á hora de actuar ante determinadas situacións ou ben por iniciativa propia. Á súa vez, pretendemos fomentar o respecto polo pluralismo social, facelos conscientes da riqueza cultural presente na aula e favorecer a convivencia e o espírito solidario cara aos demais.

Tratamento da diversidade: sabemos que os estilos de aprendizaxe, as capacidades para aprender, os intereses e expectativas individuais, os ritmos e niveis de desenvolvemento, as aprendizaxes previas, etc. son factores que constatan a diferenza entre uns alumnos e outros. Por iso, sendo conscientes de que cada neno posúe as súas propias características, as actividades aquí presentadas presentan un carácter aberto e flexible de maneira que se poidan adaptar ás circunstancias persoais de cada neno e ao contexto particular no que se vaian implementar.

Introdución á lingua estranxeira (inglés): a introdución da lingua inglesa nas aulas xorde como resposta da demanda cultural e social presente nos nosos días. Considérase a Educación infantil como a etapa idónea para introducir os alumnos nesta lingua dada a súa flexibilidade. As actividades presentadas promoven a aprendizaxe desta lingua mediante diferentes recursos prácticos (actividades, cancións, poemas, etc.) á vez que promove a interacción comunicativa entre os nenos.

EDUCACIÓN PRIMARIA:

A incorporación das competencias básicas no currículo de educación primaria require reconsiderar a práctica educativa para permitirlle ao alumnado integrar as súas aprendizaxes relacionándoas con diferentes tipos de contidos (conceptos, destrezas, actitudes), usar eses contidos con efectividade cando cumpra e aplicalos a situacións e contextos variados.

Consecuentemente, a metodoloxía basearase en:

- **Aprendizaxes significativas, activas e dinámicas:** Seleccionar aqueles contidos que sexan máis relevantes para acadar competencias; requirirán que o alumnado poida ver, tocar, experimentar, observar, manipular, exemplificar, contrastar, compartir, debater,...
- **Enfoque integrador, promovendo a globalización,** conseguindo que desenvolvan distintos xeitos de actuación e adquiren a capacidade de enfrontarse a situacións novas.
- **Autorregulación das aprendizaxes:** estratexias de aprendizaxe que proporcionan habilidades para pensar e razoar, para tomar conciencia dos procesos que se están a empregar e para regulalos ou modificalos.
- **Aprender a aprender:** participación do alumnado na toma de decisións sobre o traballo, controlando os procesos, usando conscientemente estratexias de aprendizaxe e sendo progresivamente máis autónomo.
- Participación do alumnado aportando as súas habilidades, destrezas, actitudes, conceptos, intereses,...Favorecer o **traballo cooperativo e a práctica vivenciada** da participación, compromiso democrático e resolución pacífica de conflitos.
- **Atención á diversidade do alumnado:** tanto na práctica docente como na selección de contidos.
- **Fomentar habilidades para a busca, selección, procesamento, tratamento e comunicación da información.** Son precisos enfoques didácticos que permitan ao alumnado utilizar cada vez máis autonomamente as bibliotecas e as TIC como recursos de aprendizaxe.

Estratexias metodolóxicas básicas:

- **Desenvolvemento en espiral** : presentar os contidos resaltando as súas relacións e vinculándoos ao contexto habitual do alumnado ou a outro contexto significativo, cunha complexidade de interrelacións cada vez maior tanto no espazo como no tempo.

- **Globalización**: Na medida en que se presente o currículo estruturado ao redor a cuestións de interese para o alumnado, a aprendizaxe será máis funcional e significativa.

- **Metodoloxía activa**: tanto actividade mental como física, que potencie a construción de aprendizaxes significativas.

- **O profesorado actuará como guía e mediador** para facilitar a construción de aprendizaxes. Utilizará contextos cotiás, familiares e habituais para que o alumnado aprenda comprobando o interese e a utilidade do que aprende, podendo transcender do contexto no que se produciron e ser aplicadas a contextos múltiples. Tamén crea un contorno seguro e un ambiente motivador.

- **Desenvolvemento da autonomía na aprendizaxe**: o alumnado debe encontrar sentido ao traballo a realizar, o coñecemento dos obxectivos e finalidades que se pretenden acadar , debe ser consciente dos seus erros e ser capaz de buscar recursos para superalos.

Principios didácticos :

- Tarefas claras: que hai que facer e como facelo.
- Tarefas adecuadas ás capacidades do alumnado, tanto ás súas características psicolóxicas como aos contidos curriculares que desenvolven.
- Tarefas progresivas, tanto en canto a complexidade dos contidos como aos procedementos de resolución das mesmas.
- Tarefas variadas e de diferente tipoloxía, presentadas na forma de expresión (oral, escrita, plástica, dinámica, simbólica) segundo o contido.

- Tarefas suficientes, proporcionais e equilibradas en relación cos contidos propostos no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Métodos:

Terase en conta:

- As secuencias de actividades: en unidades de traballo na aula clase expositiva, por descubrimento, por proxectos, etc..
- As relacións e situacións comunicativas: directivas, participativas, cooperativas, etc.
- As formas de agrupamento ou organización da clase: gran grupo, equipos fixos, grupos móbeis, etc.
- O xeito de distribuír o espazo e o tempo: recunchos, talleres, aulas de especialidades, etc..
- O sistema de organización dos contidos: disciplinar, interdisciplinar, globalizador, etc.
- O uso dos materiais curriculares: libro de texto, ensino por ordenador, fichas de traballo, etc.

11. Recursos e espazos. Criterios para a selección e uso.

Ao inicio de cada curso escolar o equipo directivo organizará e distribuirá os espazos de acordo coas necesidades pedagóxicas logo de oído o claustro. A organización dos espazos para o curso recollerase na PXA.

Tentarase un aproveitamento racional dos recursos e unha distribución equitativa dos mesmos.

O centro consta de 3 edificios nos que se imparten os niveis educativos de 2º Ciclo de Educación Infantil e toda a etapa de Educación Primaria.

As aulas de clase poderán ser utilizadas para a realización de actividades extraescolares previo aviso e autorización da Dirección. O material do alumnado e profesorado de ditas aulas non poderá ser utilizado. As persoas que as utilicen serán responsables, do bo uso das mesmas, da vixilancia do alumnado e dos seus desperfectos se así fora o caso.

1. Edificio principal:

Neste edificio están as clases de 1º a 4º (dúas clases por nivel). As restantes aulas son de especialidades: idioma, educación física e relixión. Só a 1º aula de idioma e a aula de educación física son definitivas. A segunda aula de idioma e a de relixión son provisionais sempre que os niveis non precisen desas aulas.

- ✦ Aulas do 1º e 2º ciclo de Educación primaria. Tres das aulas contan con PDI, proxector e portátil.
- ✦ Aulas de idioma. Unha delas conta con PDI, proxector, TV e reprodutor de DVD e Vídeo; outra conta cun ordenador de sobremesa; as dúas contan con reprodutor de música e portátil.
- ✦ Aula de relixión.
- ✦ Biblioteca. Conta con 8 ordenadores só para consulta do alumnado, 2 reprodutores de DVD portátiles, proxector e pantalla de proxección. O rexistro e préstamo de libros está informatizado, usándose o programa MEIGA. Funciona conforme ao Plan de biblioteca, elaborado anualmente. Ao inicio de curso elabórase un horario de utilización por parte dos diferentes niveis. É tamén utilizada en horario de tarde de luns a venres, excepto martes, de 16:00 a 18:00 horas, baixo a vixilancia do profesorado do centro. A biblioteca está a participar dende o curso 2010/2011 no *Plan de mellora de bibliotecas escolares*.
- ✦ Salón de actos. Conta con TV, reprodutor de DVD, proxector e equipo de son. Utilízase para proxeccións, para os festivais, celebracións conxuntas e charlas ou conferencias.

- ⤴ Sala de mestres. Conta con dous ordenadores e unha impresora.
- ⤴ Aula de material de Educación Física
- ⤴ Pavillón
- ⤴ Despachos de administración: secretaría (con dous ordenadores de sobremesa e un portátil) e dirección (cun ordenador de sobremesa). Contan ademais con 2 impresoras, unha fotocopiadora, un visualizador de documentos e cámara de fotos.
- ⤴ Despacho da ANPA
- ⤴ Sala de impresoras e multicopista. Hai dúas fotocopiadoras, unha adquirida polo centro e outra enviada pola Xunta, e unha multicopista.
- ⤴ Almacén de material
- ⤴ O edificio, no seu patio de entrada ten unha pista de xogo con dúas canastras.
- ⤴ Anexo a este edificio hai un pavillón, de titularidade municipal, que é usado nas clases de educación física, aínda que o seu estado non é o axeitado, precisando dunha profunda remodelación.

2. Segundo edificio:

- ⤴ Aulas do 3º ciclo de Educación primaria. Contan con dous ordenadores portátiles e un proxector.
- ⤴ Aula de audiovisuais. Cunha PDI e un proxector. Contará cun horario para a súa utilización por parte das diferentes clases.
- ⤴ Aula de música. Cun ordenador portátil
- ⤴ Aula de informática. Con 14 ordenadores para alumnado e unha PDI con proxector. Ao principio de curso asígnase un mestre ou mestra responsable da aula da mesma que será preferentemente o coordinador das TIC. Constituirase un equipo de traballo que será o encargado de

elaborar o proxecto TIC para cada curso, de dinamizar o seu uso e de controlar as súas necesidades e mantemento. Cada grupo de alumnas/os, como mínimo, terá asignado unha hora semanal para acceder á aula de informática. Existirán ademais horas libres para utilizar segundo sexa necesario por calquera grupo. Será responsabilidade do mestre/a-titor/a a utilización dos medios informáticos de acordo ás normas de utilización dos mesmos.

- ✦ Aula de Pedagogía Terapéutica. Cun ordenador de sobremesa e un ordenador portátil
- ✦ Aula de Audición e linguaxe. Cun ordenador portátil
- ✦ Departamento de Orientación. Cun ordenador portátil e unha impresora.
- ✦ Comedor. Xestionado pola ANPA do centro.
- ✦ Unha pista polideportiva e un patio cunha rede de voleibol.

3. Edificio de educación infantil:

- ✦ 5 aulas do 2º ciclo de Educación Infantil. Cada aula conta cun ordenador portátil, unha delas conta con PDI e proxector, outra con TV e reprodutor de DVD, e outra cun combo de TV e reprodutor de DVD e un portátil máis.
- ✦ Un patio de xogos exterior cun porche cuberto con areeiros.

12. Criterios para o agrupamento do alumnado e a organización do tempo en educación infantil. Medidas organizativas e pedagóxicas para o período de adaptación.

Unha axeitada organización do ambiente, incluíndo espazos, recursos e distribución do tempo, é fundamental para a consecución das intencións educativas.

Distribución de espazos.

Ante todo procuramos que os espazos sexan agradables; espazos onde o alumnado se sinta cómodo, seguro e acollido á vez que presenten un ambiente grato de aprendizaxe.

Os nenos e nenas dispoñen de lugares propios e de uso común para compartir; para estar sos e para xogar e relacionarse cos demais.

Hai espazos para actividades que requiren de concentración, así como espazos amplos que faciliten o movemento.

En cada aula hai:

- Unha zona de traballo individual
- Unha zona de xogos distribuídos por recantos.
- Unha zona de asemblea.

Cada unha das aulas ten entrada propia o que facilita un maior contacto coas familias e evita aglomeracións nas saídas e nas entradas.

Distribución do tempo.

Dadas as características dos nenos e nenas de educación infantil, a organización dos diferentes tempos faise sempre baixo criterios de flexibilidade.

No desenvolvemento da xornada escolar combínanse tempos de rutinas con tempos de actividades específicas segundo as características e necesidades dos nenos e nenas.

Desenvolvemento dunha xornada:

- Entrada e acollida cos saúdos, colgan os abrigos e as mochilas coas merendas nos percheiros e poñen o mandilón.
- Intercambiamos algunha información de interese coas familias que poida afectar ao desenvolvemento da xornada.
- Levamos a cabo as rutinas diarias: eliximos encargado, traballamos sobre o seu nome, pasamos lista, vemos o calendario xunto co tempo atmosférico, etc.
- Asemblea onde comentamos algún aspecto ou anécdotas de cada un.
- Motivación do centro de interese, lectoescritura, contidos que queiramos traballar. Aquí incluimos algún tipo de xogo para a motivación do concepto.
- Realización dos traballos individuais.
- Deixamos un pequeno momento para os xogos por recantos.
- Hábitos de hixiene para dispoñerse a tomar a merenda.
- Merenda, recollida e limpeza da mesa por parte de cada un dos nenos.
- Saída ao recreo.
- Entrada e relaxación.
- Hábitos de hixiene outra vez.
- Motivación cara aos contidos a traballar en gran grupo.
- Realización dos traballos individuais.
- Conto, xogos con crebacabezas ou modelado de plastilina.
- Recollida da aula .
- Prepararse para a saída de forma ordenada.
- Despedida.

A distribución temporal está fundamentada nas necesidades dos nenos e respectando sempre o seu ritmo persoal. Así necesita un tempo de xogo, de

relación cos iguais, de descanso, de alimentación, etc. Polo que faremos unha distribución en rutinas diarias.

Dicir que para esta distribución temporal contamos tamén coas mestras especialistas de:

- Inglés
- Relixión
- Música
- Audición e linguaxe, cun programa de estimulación da linguaxe oral que se leva a cabo durante unha hora semanal en cada unha das aulas.
- Psicomotricidade
- Mestre de apoio, que imparte nas cinco clases de infantil e apoio nas aulas.

Periodo de adaptación de educación infantil

Para o período de adaptación de educación infantil (3 anos) tomarase como referente a duración establecida do período de adaptación no calendario escolar do curso correspondente.

O equipo de ciclo de educación infantil establecerá e acordará ao comezo de cada curso aquelas pautas que considere máis convenientes para proporcionar aos pais, sobre como favorecer a incorporación dos nenos/as a escola. Estas pautas poderán ser de xeito oral (charlas, entrevistas, etc) e/ou de xeito escrito.

No terceiro trimestre de cada curso académico, previo acordo do equipo do ciclo e aprobación da CCP, establecerase a primeira reunión coas familias dos alumnos/as de 4º de educación infantil un martes pola tarde no mes de xuño a convocatoria será por carta ou teléfono. Nesta reunión presentarase ao equipo de educación infantil e á orientadora, explicaranse normas xerais de funcionamento e pautas que poden seguir cara o verán.

Ao día seguinte realizarase unha Xornada de Portas Abertas coas familias e os seus fillos/as, que coincidira co recreo, para que desta maneira os futuros alumnos/as coñezan o centro e teñan unha primeira toma de contacto cos seus futuros mestres/as.

Nos primeiros días de setembro, antes do comezo do curso escolar, realizarase unha reunión de nivel cos pais na aula de cada grupo coa súa titora, na que se trataran:

- Explicarase o período de adaptación, se é o caso.
- Aspectos xerais do centro.
- Material necesario.
- Funcionamento do plan madruga e comedor.
- Información sobre o Plan de absentismo.
- Actividades extraescolares, organizadas pola ANPA.
- Aqueles outros temas que se consideren de interese para o coñecemento tanto do funcionamento do centro como das aulas titoriais.

Para a organización do período de adaptación dividirase o grupo pola metade seguindo a orde alfabética dos seus apelidos.

Aos alumnos/as novos daráselles unha enquisa individual para que as familias aporten os aspectos como: datos de identificación, enderezo, teléfonos de contacto, situación familiar do cativo/a, desenvolvemento madurativo -por exemplo respecto ao control de esfínteres-, se ten irmáns, se acudiu con anterioridade a outros centros, existencia dalgún tipo de problema e pautas para a súa correcta atención entre outros.

Pedimos que se responde coa máxima sinceridade posible para ter un coñecemento previo aportado por aquelas persoas que mellor coñecen as características e necesidades do noso alumnado.

Con posterioridade citarase ás familias nas horas de titoría dos martes pola tarde.

Explicamos aos pais e nais que un traballo conxunto entre familia e escola é fundamental para acadar a finalidade última desta etapa, tal e como recolle a LOE,; contribuír o desenvolvemento integral e harmónico en todos os ámbitos do desenvolvemento.

A chegada a escola é un período cheo de cambios para os nenos e nenas e familias e escola debemos traballar en estreita colaboración para favorecer a boa adaptación a un contorno que en moitos casos é novo para eles/as.

Existen diversas reaccións que son normais nos nenos e nenas neste tempo e tratamos de explicalas o mellor posible ás familias. Moitos nenos/as sofren con anguria a separación das súas principais figuras de apego e temos que buscar facilitarlles ao máximo este momento de transición. Deste modo a entrada ao colexio farase de xeito paulatino e individualizado para ir adaptándonos aos diferentes ritmos.

Falámoslles aos pais dos obxectivos que pretendemos acadar neste nivel e posteriores que nos permitirán asentar as bases precisas para que o noso alumnado acade o desenvolvemento das competencias básicas para integrarse na sociedade de xeito san e autónomo. Tamén destacamos a liña constructivista da nosa metodoloxía na que queremos ante todo adaptarnos nós a cada un dos nosos alumnos/as respectando os seus ritmos evolutivos e diferentes niveis de desenvolvemento e aprendizaxe.

13. Criterios xerais sobre a avaliación e promoción do alumnado.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será **continua, global, formativa e integradora** de todas as áreas.

Avaliación continua ten carácter formativo e permite incorporar medidas de ampliación, enriquecemento e reforzo para todo o alumnado en función das necesidades que deriven da avaliación do proceso educativo.

A avaliación concíbese como reguladora da aprendizaxe e será formativa. A información que xere a avaliación debe orientar o proceso educativo e indicarlles a profesorado e alumnado onde están respecto ás competencias básicas e aos obxectivos establecidos e facilitar a intervención na mellora deste proceso.

Trátase dunha avaliación continua que estará presente en todos os aspectos e momentos do proceso de ensino-aprendizaxe. Os alumnos e alumnas deberán poder achegar as súas propias valoracións a través da autoevaluación e da coavaliación.

Desenvolvemento do proceso de avaliación.

Ao comezo de cada ciclo e durante o primeiro mes do curso escolar, os titores realizarán unha **avaliación inicial** coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias básicas.

Esta avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou ciclo anterior e completaráse coa información obtida das familias.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo nas programacións de aula, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

En Educación Infantil terase en conta os datos relevantes achegados pola información das familias na entrevista inicial e, se é o caso, os informes médicos, psicolóxicos, pedagóxicos e sociais que revistan interese para a vida escolar.

PROMOCIÓN DE CICLO.

1. Ao remate de cada un dos ciclos e como resultado do proceso de avaliación, o equipo de mestras e mestres que imparten docencia en cada grupo, na sesión final de avaliación, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, primando o criterio da persoa titora.

2. Tal e como establece o artigo 9 do Decreto 130/2007, o alumnado promocionará ao ciclo seguinte sempre que alcanzase o desenvolvemento adecuado

das competencias básicas e un axeitado grao de madurez consonte a súa idade. Accederase igualmente ao ciclo seguinte cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo ciclo. Neste caso, adoptaranse as medidas precisas para que o alumnado reciba os reforzos e apoios necesarios para a recuperación das ditas aprendizaxes.

3. O alumnado que non cumpra as condicións anteriores, permanecerá un ano máis no mesmo ciclo. Esta medida só poderá ser adoptada unha soa vez ao longo de toda a etapa educativa e irá acompañada dun plan específico de reforzo e recuperación organizado polos centros arredor das competencias básicas e a aquelas áreas que faciliten a superación das dificultades de aprendizaxe.

1. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, o alumnado que presente necesidades educativas especiais poderá permanecer un ano máis na etapa de educación primaria, nos termos previstos no artigo 16.6º do Decreto 130/2007 polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma galega, sempre que esta medida favoreza a súa integración socioeducativa.

PROMOCIÓN Á EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.

1. O alumnado promocionará á etapa de educación secundaria obrigatoria se alcanzou o desenvolvemento correspondente das competencias básicas, os obxectivos da educación primaria e un adecuado grao de madurez.

2. Accederase igualmente cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente a nova etapa. Neste caso, a persoa titora, no informe persoal, precisará as dificultades presentadas e os obxectivos

da etapa non logrados, así como as medidas adoptadas ata ese momento a fin de que o centro receptor poida establecer as medidas necesarias de reforzo.

3. A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais poderá flexibilizarse de tal forma que se poida adiantar, logo da avaliación psicopedagóxica, o inicio da escolarización na etapa de educación secundaria obrigatoria, sempre que se considere que esta medida é a máis adecuada para o desenvolvemento equilibrado do alumnado e para a súa socialización.

14. Plans específicos para o alumnado.

a) Liñas xerais da atención á diversidade.

De acordo cos principios básicos da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación, en consecución dunha educación que garanta a igualdade de oportunidades, así como unha educación de calidade para todo o alumnado e coa intención de prever o fracaso escolar, todo o alumnado do colexio será obxecto dunha avaliación inicial por parte do profesorado titor, como así o recolle a normativa vixente. Este será o punto de partida para coñecer o nivel de competencia curricular de noso alumnado, detectar os posibles retrasos académicos e valorar as dificultades da aprendizaxe que requiren avaliación psicopedagóxica por parte da XDO. Para levala a cabo, a principios de curso farase unha reunión do equipo docente do alumnado con NEAE coas mestras de AL, PT e XDO, para valorar e concretar obxectivos a curto prazo, para definir a intervención de cada mestre/a, e fixar a data de avaliación dos mesmos.

En función das necesidades detectadas se levará a cabo a intervención educativa. A atención ao alumnado con necesidades educativas de apoio específico (NEAE), varía segundo a dispoñibilidade horaria das especialistas de PT e AL, priorizando a atención ao alumnado con maior dificultade, e aqueles casos que esgotaron as medidas ordinarias de AD. (indicar neste senso que a mestra de PT leva o programa de mellora da biblioteca escolar, con 5 horas de dedicación horaria). Desde o DO, se pasará a proposta horaria de PT e AL á xefatura de estudos, tendo en conta que estes horarios non son pechados e serán obxecto de axustes e modificacións durante o curso en función da evolución do alumnado.

A intervención realizarase de forma individual ou en pequenos grupos, dentro ou fóra da aula, previa información ós pais e nais. Esta intervención irá encamiñada a mellorar as competencias básicas nas materias instrumentais do currículo, e tenderá a posibilitar a maior integración do alumnado no grupo-clase, de maneira que participe en tódalas áreas cos especialistas e nas actividades relativas a conmemoracións, temas transversais, etc.

Para o seguimento, se coordinarán as actuacións entre PT/AL, titor/a e XDO do centro. Ao finalizar a intervención ou de ser o caso, ao finalizar o curso, este programa, xunto co informe final individual, será anexado ao expediente do alumno na secretaría do centro.

As estratexias utilizadas estarán adaptadas ás necesidades do alumnado, terán como finalidade, favorecer o proceso de ensino-aprendizaxe, priorizando a aprendizaxe significativa adecuada ó seu nivel de desenvolvemento e respectando o seu ritmo na aprendizaxe. Os obxectivos prantexaranse a curto prazo, para facilitar situacións de éxito, aumentando a motivación positiva. Os especialistas de PT e AL xunto coa XDO dentro do horario semanal.

A XDO realizará ás reunións pertinentes co profesorado titor, profesorado do centro, pais e nais, orientadora do IES e manterá contacto con axentes externos cando así se precise (EOE, USM, pediatra, psicólogos, educadora familiar, traballador social,.) para a mellor intervención educativa co alumnado de apoio, así como do resto do alumnado, en pro dunha escola inclusiva e plural, a partires do esforzo compartido das persoas que compoñen a comunidade educativa.

Sinalar ao respecto que no centro existe un PLAN XERAL DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

b) Acollida de alumnado novo.

Como norma xeral se leva cabo o seguinte procedemento:

- Solicitud de praza: proporcionar a documentación requirida.
- Revisión da documentación aportada a efectos de orientación do curso no que posiblemente teña que escolarizarse.

- Recibimento do alumno e a súa familia pola XDO. Realización da xornada de acollida, informando sobre aspectos xerais do centro, aclarando dúbidas da familia sobre o funcionamento do centro e os servizos dispoñibles, e o recorrido polas diferentes dependencias do centro onde o alumno a moverse (aulas específicas: departamento de orientación, idioma, música, salón de actos, patios de xogos...) finalizando o percorrido coa incorporación a aula e a presentación dos seus novos compañeiros.

(Nota: este procedemento, cando o alumno de novo ingreso formaliza a matrícula nos períodos establecidos para tal fin, se leva a cabo nos primeiros días de setembro e previo ao inicio das clases).

- Acollida na aula: presentación do titor/a e dos compañeiros.

No centro existe un *Plan de acollida para o alumnado estranxeiro.*

c) Alumnado que permaneza un ano máis no ciclo.

A **orde do 23 de novembro de 2007** sobre a **avaliación na etapa de educación primaria** establece que o alumnado que non cumpra as condicións necesarias para promocionar de ciclo, permanecerá un ano máis no mesmo. Esta medida só poderá ser adoptada unha soa vez ao longo de toda a etapa educativa e irá acompañada dun **plan específico de reforzo e recuperación** organizado polos centros arredor das competencias básicas e a aquelas áreas que faciliten a superación das dificultades de aprendizaxe.

Plan de atención á diversidade:

- A decisión de permanencia dun ano máis nun curso, sempre resultado dunha deliberación colexiada, **irá acompañada dun plan de recuperación específico** co obxectivo de afrontar con boas expectativas a solución dos problemas de modo que os alumnos afectados, na medida do posible, non realicen o curso coa mesma estrutura curricular e organizativa.

- Estes plans de traballo incorpóranse ás correspondentes programacións didácticas nas cales se farán constar os contidos esixibles e as actividades de avaliación.
- Poderá ir acompañado dun compromiso pedagóxico entre a familia do alumno e o centro.

Propostas xerais:

- Para os alumnos de Educación Primaria haberá que preparar un **plan específico para traballar durante o verán** centrado naquelas materias que non superaron ao longo do curso. Estas actividades estarán tamén enfocadas á adquisición de hábitos de estudo e traballo. Daráselle maior importancia ás materias instrumentais (lingua castelá, galega e matemáticas). Exemplos de materiais: DEBEVAC, PROBLEMAT...
 - Ofreceráselles ás familias a posibilidade de que o alumno asista a **clases de apoio dende o inicio do curso** (setembro).
- Buscar o **compromiso dos pais** para que o alumno conte – en verán e durante o curso- cunha persoa que lle poda axudar.
- **Programar** unha serie de **entrevistas periódicas** entre o titor e as familias, coa posibilidade de que poida asistir algún membro do Departamento de Orientación para analizar os avances e dificultades do alumno. Tamén sería interesante que a persoa que traballa co alumno fóra do centro (profesor de clases particulares, gabinete...) se puidesen entrevistar co profesor da materia onde o alumno presenta dificultades.
- Dende as **titorías** facer un esforzo especial para ter un **seguemento exhaustivo** e constante dende o inicio do curso: información a pais, coordinación cos profesores de apoio, entrevistas cos alumnos...
- Ter ao alumno presente nas **Xuntas de Avaliación**, valorando o traballo desenrolado nese trimestre. De igual modo, dar prioridade ó alumno nas reunións do **Departamento de Orientación** (revisar a súa situación mensualmente).
- Poñer a cada alumno un **compañeiro responsable** que poda confirmar periodicamente que o alumno anota os deberes e traballos na axenda. Supervisión semanal da mesma por parte do profesor de apoio co que está a traballar.

- Cada profesor de área elaborará un material (**Material para a atención á diversidade**) para que o alumno poida preparar a materia pendente do curso pasado. Proporán un número de exercicios de cada tema, elaboración de resumos, esquemas... para traballar pola súa conta, en apoio, en clases particulares... O profesor de área poderá ter en conta todo isto á hora de valorar a recuperación dunha avaliación do curso.
- **Estructurar formalmente** a primeira (e sucesivas) **entrevistas** entre o profesorado de apoio e o profesor de aula: explicando a evolución do alumno, concretando necesidades e contidos a traballar.
- Valorar a posibilidade de que algúns alumnos que pasan con dificultade de Educación Primaria á ESO queden **exentos da materia de Francés**. Búscase que teñan menos materias e poidan aproveitar esas dúas horas para traballar/reforzar contidos curriculares doutras materias instrumentais (Lingua Castelá, Galega e Matemáticas), para o que se elaborará un informe para o IES.

15. Liñas xerais de actuación para a elaboración dos plans de orientación e acción tutorial.

O Plan de orientación e acción tutorial terá unha concreción anual aínda que quedan esbozadas neste documento as liñas xerais do mesmo.

Correspóndelle ao Departamento de Orientación á elaboración do Plan de Orientación e de Acción Tutorial seguindo as directrices que marque a CCP e as achegas dos titores das dúas etapas (Infantil e Primaria) que se desenvolven no centro, atendendo ás peculiares características e necesidades da comunidade educativa na que nos inscribimos. Na concreción anual do mesmo, se incluíran polo menos, os seguintes aspectos: obxectivos, actividades e secuenciación das mesmas, recursos e materiais e avaliación. Teranse tamén en consideración as circulares que desde a Consellería de Educación ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas non universitarias de Galicia.

O plan de orientación e acción tutorial é o instrumento pedagóxico que articula a medio e longo prazo o conxunto de actuacións do equipo docente nun centro educativo relacionadas cos obxectivos da orientación. Os tres eixos de intervención do mesmo son: a atención á diversidade, a acción tutorial, e a orientación académica e profesional. Partindo dunha análise de necesidades e prioridades do centro, no proceso de elaboración e desenvolvemento de ditos plans contémpanse os seguinte:

- ⇒ O departamento de orientación, reflectirá dentro da programación POA seguindo as liñas previas, intervencións que contemplarán actuacións co alumnado, co equipo docente e coas familias. O plan recollerá intervencións para o seguimento individual e grupal do alumnado, sendo os titores/as dun mesmo nivel, coordinados pola xefatura de estudos, os que adaptarán as programacións básicas de ditos plans ás características do grupo de alumnos/as ao que imparten clase.
- ⇒ As actuacións co alumnado irán encamiñadas a favorecer a integración dos alumnos e alumnas no grupo, fomentar a súa participación nas actividades do centro, e a contribuír á personalización do proceso de ensino-aprendizaxe e ao seu proceso de madurez vocacional-profesional, esto implica accións como:
 - Contribuír a consecución dunha intervención educativa inclusiva que considere á diversidade como un factor enriquecedor da comunidade educativa.
 - Desenvolver no alumnado hábitos e estratexias para fomentar a aprendizaxe nas distintas áreas.
 - Facilitar información ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.
 - Ofrecer asesoramento ao alumnado sobre as súas posibilidades académicas.
 - Optimizar a atención educativa proporcionada ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo potenciando a súa adaptación escolar

- Utilizar a avaliación psicopedagóxica como recurso orientado á mellorar á calidade da educación, sobre todo no alumnado que amosa dificultades de aprendizaxe ou altas capacidades.
- As actuacións co equipo docente irán dirixidas a favorecer a coordinación entre titores e equipo docente nos aspectos referidos á programación dos procesos de ensino-aprendizaxe, como das actividades de titoría (ensinar a pensar, ensinar a ser persoa, ensinar a convivir e comportarse, ensinar a decidirse) e a súa contribución á adquisición das competencias básicas relacionadas coa regulación das aprendizaxes, o desenvolvemento persoal e as habilidades sociais; o tratamento da problemática grupal e da problemática individual, posibilitando liñas de actuación comúns. Garantir a coordinación do profesorado que imparte clase no mesmo grupo. Favorecer a coordinación no proceso de avaliación do alumnado e na toma de decisións posteriores: decisión de promoción, establecemento de medidas de atención á diversidade,...

As actividades seleccionadas terán en conta as liñas de acción titorial

- As actuacións coas familias irán dirixidas facilitar información aos pais e nais sobre todo o que lles afecta en relación coas actividades docentes e complementarias e o rendemento académico dos seus fillos/as; potenciar a súa implicación no proceso educativo dos seus fillos/as; ofertar información individual do alumnado relevante para o axeitado desenvolvemento escolar; Informar e asesorar ás familias do alumnado destinatario de medidas de atención á diversidade; coordinar actuacións con servizos e axentes externos (Servizos sociais, Centro de saúde, etc)

Proposta de actuacións encamiñadas á consecución destes obxectivos xerais.

- Reunións periódicas dos equipos docentes: avaliación inicial e as reunións de avaliación trimestrais
- Reunións periódicas do DO e cando sexan necesarias seguimento do alumnado atendido no dpto cos equipos de nivel e especialistas de AL e /ou PT e orientadora .

- Revisión dos expedientes do alumnado por parte de cada titor para informar ao equipo docente na reunión de avaliación inicial de cada grupo
- Nas titorías incluír contidos que traten entre outros os seguintes temas: estratexias e técnicas de estudo, habilidades sociais, promoción da convivencia e resolución pacífica de conflitos, aprendizaxe emocional, dinámica de grupos, información académica e do mundo laboral, educación para a saúde e aqueloutros que os equipos de nivel consideren de interese para o seu grupo.
- Reunións e entrevistas coas familias. Establécese unha reunión inicial na que hai unha presentación xeral do curso e ao longo do curso sobre aqueles aspectos que consideren relevantes, referidos á educación dos niños/as e de medidas de atención á diversidade adoptadas.
- Elaboración de materiais para traballar contidos de titoría e de atención á diversidade.
- Colaboración do departamento de orientación e asesoramento na selección e uso de recursos para os fins anteriormente nomeados.
- Colaboración no deseño de medidas de intervención socioeducativa cos Servicios Sociais municipais.

16. COMPROMISOS EDUCATIVOS.

Tendo como referente a LOE, consideramos fundamental a colaboración entre a familia e a escola no proceso educativo dos nosos alumnos e alumnas, co fin de desenvolver o seu rendemento académico.

Os pais:

- Participarán na avaliación do proceso educativo dos seus fillos.
- Coñecerán as decisións relativas á avaliación e promoción.
- Colaborarán nas medidas de apoio que adopte o centro.

- Informarán da lingua materna dos seus fillos ao inicio da escolarización no 2º ciclo de educación infantil.
- Serán periodicamente informadas, como mínimo, nun informe escrito trimestral e de forma persoal cando se considere oportuno.
- Serán informados do resultado da avaliación diagnóstica realizada anualmente en 4º nivel de primaria.

O titor/a:

- Manterá unha relación permanente coas familias, promoverán a súa presenza e participación nos centros.
- A avaliación inicial elaborada por el completaráse coa información obtida das familias.
- Manterá informadas ás familias sobre o progreso da aprendizaxe e a integración socio-educativa dos nenos.
- Utilizará a axenda escolar para a información diaria ás familias.
- Finalizada cada unha das sesións de avaliación, informará aos pais dos resultados, avaliación académica e das decisións adoptadas para o reforzo ou recuperación.
- escoitará ás familias en aquelas decisións que afecten á orientación académica.
- Ofrecerá o apoio necesario para contribuír a que coñezan e valoren as actividades que os seus fillos realizan no centro.
- Celebrará nunha reunión conxunta ao inicio do curso escolar, e manterán as reunións que se precisen ao longo do curso na hora de atención ás familias os martes pola tarde.

O centro:

- O Equipo directivo contará cun horario específico de atención ás familias.
- Entrega a principio de curso dun tríptico informativo coa información esencial do centro.
- Organizará xuntanzas en xuño para as familias do alumnado novo de 3 anos do curso seguinte.
- Invitará ás familias ás actividades do centro e ás conmemoracións.
- Pedirá a colaboración das familias para actividades de Nadal, Entroido, ...
- Organizará sesións de acollida para o alumnado novo.
- Fomentará a colaboración coa ANPA.

17. AVALIACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO.

O proxecto educativo e o seu grao de consecución será avaliado e valorado na memoria anual, co fin de que da súa análise se poidan extraer conclusións que permitan introducir os cambios necesarios para a adecuación das actuacións do centro a dito proxecto, ou no seu caso para introducir no mesmo as modificacións que a Comunidade Educativa a través do Consello Escolar considere oportunas.

LEXISLACIÓN DE REFERENCIA:

- LEI ORGÁNICA 2/2006, de 3 de mayo, de educación
- Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (Decreto 374/1996, do 17 de outubro. DOG 21-10-96. Corrección de erros DOG 06-11-96 e DOG 08-01-97).
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG 02-09-97).
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 23-06-2009).
- Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 09-07-2007)
- Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 30-11-2007)
- Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 10-07-2009).
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 21-12-2011).
- LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15-07-2011)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP A FLORIDA
Rúa Ricardo Santos,16. 36960-Sanxenxo
Tfno/Fax: 986 720790
e-mail: ceip.afflorida@edu.xunta.es

DILIXENCIA PARA FACER CONSTAR QUE:

- O CONSELLO ESCOLAR, REUNIDO EN SESIÓN ORDINARIA O DÍA 29 DE XUÑO DE 2012, APROBOU O PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO ASÍ COMO OS NOVOS DOCUMENTOS PROGRAMÁTICOS ANEXADOS AO MESMO.

Sanxenxo, 29 de xuño de 2012

A Presidenta do Consello Escolar



Asdo.: Lucía Fernández Vázquez